






NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2024/93	 GOB18I011W	
296X 0U06 3J0U 494Y 06F2		
		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

Na casa do Concello de Narón, ás 09:30 do trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

SR. SECRETARIO XERAL:

D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-
CANTELI

INTERVENCIÓN SRA.ALCALDESA ANTES DE INICIAR A SESIÓN PLENARIA:

Bo día a todos e a todas. Imos a dar comezo á sesión plenaria, pero antes de nada quería convocar un minuto de silencio. Estivemos reunidos agora mesmo os portavoces e consideramos gardar este minuto de silencio antes de iniciar este pleno, en solidariedade coas persoas de todas as comunidades de España afectadas pola dana: a Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha e Andalucía. Asímesmo tamén o noso pésame ás familias, amizades de todas as vítimas desta traxedia. Comeza o minuto de silencio.

-Sra. Alcaldesa: Comezamos a sesión co punto número 1.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, o Concello Pleno, por unanimidade deulle a súa aprobación.

2 º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE VÍAS DUN CAMIÑO SITO NO LUGAR DE CALVARIO-SAN MATEO.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

A) ANTECEDENTES

-Solicitud presentada por D. A. Rey López de inclusión no Inventario Municipal de Vías do “Camino Vello de S. Mateo –Lg Calvario”.

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal que entre outras cousas di:

ANTECEDENTES.- Para a realización do traballo tivéronse en conta as escrituras de propiedade aportadas por varios propietarios lindantes co devandito camiño e a fotografía do parcelario catastral de 1956 e vistas Google earth e Google maps.

PRIMEIRO.- Na documentación que achega o interesado respecto á súa propiedade, constan os seguintes lindes: Norte; herdeiros de Luis Ulloa, Sur e Este; Ignacio Días Saavedra e Oeste; camiño público.

-Na documentación da parcela R.C: 3406803NJ6230N0001TQ que linda co camiño caracterízase do seguinte xeito: Linda o conxunto: fronte estrada de Catabois e Cedeira, dereita; herdeiros de Cándido, esquerda; Ángeles, cuxo apelido non se coñece e espalda; camiño.

-Na documentación do inmovible con R.C: 3405802NJ6230N0001FQ, descríbense os seguintes lindes: Norte, camiño, Sur, Este e Oeste máis destes propietarios.

SEGUNDO.- A zona de emprazamento do camiño obxecto deste informe, linda cas parcelas catastrais 3406803NJ6230N0001TQ, 3406801NJ6230N0001PQ, 3405806NJ6230N0001RQ, 3405802NJ6230N0001FQ e 3405801NJ6230N0001TQ. Enlaza a Estrada de Valdoviño co camiño pertencente ao inventario de vías municipais do Concello de Narón OBJECTID 2064

Da documentación aportada ao expediente e a cartografía analizada dedúcese que o camiño lindante cas parcelas catastrais 3406803NJ6230N0001TQ, 3406801NJ6230N0001PQ, 3405806NJ6230N0001RQ, 3405802NJ6230N0001FQ e 3405801NJ6230N0001TQ obxecto deste informe, conforma un camiño independente das propiedades coas que linda, a Estrada de Valdoviño co camiño pertencente ao inventario de vías municipais do Concello de Narón OBJECTID 2064, sendo de natureza pública e debendo por tanto considerar **incorporar este camiño ao inventario de vías do Concello**

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de xuño

C) INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido a técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Estimar a reclamación presentada por D. A. Rey Lopez de inclusión do camiño sito no Lg. Calvario- S. Mateo no Inventario Municipal de vías co código OBJECTID 3043, posto que dos datos examinados dedúcese a titularidade pública do mesmo.”

Visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos de 21 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación presentada por D. A. Rey Lopez de inclusión do camiño sito no Lg. Calvario- S. Mateo no Inventario Municipal de vías co código OBJECTID 3043, posto que dos datos examinados dedúcese a titularidade pública do mesmo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE VÍAS DUN CAMIÑO SITO NA PARROQUIA DE DOSO. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di: “

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

A) ANTECEDENTES

-Solicitud presentada por Dna. Á. López Ramil de inclusión no Inventario Municipal de Vías do Camiño sito na parroquia de Doso

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal que entre outras cousas di:

ANTECEDENTES.- Para a realización do traballo tivéronse en conta as escrituras de propiedade aportadas por varios propietarios lindantes co devandito camiño e a fotografía do parcelario catastral de 1956, antecedentes catastrais e vistas Google earth e Google maps.

Na documentación que achega o interesado respecto á súa propiedade, constan os seguintes lindes: Norte; camiño, Sur; D. Edelmiro Fernández Prieto; Este, parcela seguinte desta herdanza, Dna. Celia Gaberías Yáñez (parcela 03), Dna. María Carmen Soto Novo e D. José Manuel Fernández Lamas, Oeste; camiño.

-Na documentación da parcela que D. Joaquín Félix Mariño ten nas inmediacións do camiño caracterízase do seguinte xeito; linda en conxunto por todos os seus ventos con camiños públicos, agás polo Sur, que linda ademais con Antonio Castro e outros.

CONCLUSIÓN.- A zona de emprazamento do camiño obxecto deste informe, linda cas parcelas catastrais 2887101NJ7128N0001GW e 2887102NJ7128N0001QW

*Da documentación aportada ao expediente e a cartografía analizada dedúcese que o camiño lindante cas parcelas catastrais 2887101NJ7128N0001GW e 2887102NJ7128N0001QW obxecto deste informe, conforma un camiño independente das propiedades coas que linda, enlazando os camiños OBJECTID 341 e o OBJECTID 237, sendo de natureza pública e debendo por tanto considerar **incorporar este camiño ao inventario de vías do Concello***

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por [R.D. 1372/1986, de 13 de xuño](#)

C) INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido a técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Estimar a reclamación presentada por Dna. Á. López Ramil de inclusión do camiño sito en Doso no Inventario Municipal de vías co código OBJECTID 3044, posto que dos datos examinados dedúcese a titularidade pública do mesmo”.

Visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Municipal Informativa de obras, urbanismo e servizos de 21 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación presentada por Dna. Á. López Ramil de inclusión do camiño sito en Doso no Inventario Municipal de vías co código OBJECTID 3044, posto que dos datos examinados dedúcese a titularidade pública do mesmo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N. 17 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación e os informes que obran no expediente ING/2024/1144 e ante a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 09/10/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do RDLexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas de modernización do goberno local.

Diante de todo o anteriormente exposto, analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente ING/2024/1144, na que se propón e xustifica a necesidade de modificar a ordenanza fiscal ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa pola

prestación do servizo de axuda no fogar, e visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-; e as abstencións de PP -3-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de 24 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Concello- Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, nos artigos que se enumeran a continuación que quedarían redactados como segue:

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.

1. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar:

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ó IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	De 20 h a 37 h	De 38 h a 64 h	De 65 h a 94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
> 500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %»

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrancia (SAF BÁSICO), para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita contido no artigo 5 desta ordenanza:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe/hora do servizo SAF BÁSICO (Libre Concorrancia)
----------------------	--

Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual ao IPREM	10%
Maior ao IPREM e menor ou igual a 1,25 IPREM	20%
Maior do 1,25 e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior do 1,50 e menor ou igual a 1,70 IPREM	35%
Maior do 1,70 e menor ou igual a 2 IPREM	40%
Maior do 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	50%
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,40 IPREM	55%
Maior de 2,40 e menor ou igual a 2,50 IPREM	60%
Maior de 2,50 IPREM	70%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

O prezo da hora para os usuarios da prestación básica de SAF está calculado en función do custo real da hora da prestación, e será de aplicación o tanto por cento do custo hora segundo os ingresos.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO: Expoñer o expediente á información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, así como nun diario dos de maior tirada da provincia e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que de producirse serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO: No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL e 49 da LRBRL.

CUARTO: O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, entrando en vigor o día da súa publicación no BOP, e comezará aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

INTERVENCIÓN

-Sr.Romero Franco: bos días a todas e a todos.

Como ben explicamos na comisión, esto simplemente é unha modificación que nos adaptamos a nova lei da Xunta de Galicia, sobre esto temos que facer a nosa adaptación á nova ordenanza; simplemente a variación das táboas como eles tamén publicaron e simplemente é esa modificación. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 20/2024: SUBEXPTE. Nº 2/2024 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/2024/35 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 20/2024: subexpediente nº 02/2024 de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 4 (transferencias correntes) e 6 (investimentos reais) do orzamento de gastos, para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 61.562,65 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 17/10/2024, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, neste caso de suplemento de crédito non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Tendo en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 17/10/2024 (PRE18I00AL).

Visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-; e as abstencións de PP -3-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 24 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao pleno do concello:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 20/2024: subexpediente nº 02/2024 de suplemento de crédito, por un importe total de 61.562,65 euros

no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO		
Aplic. Orzam. Proxecto	Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade	Importe (euros)
4411.45000	Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Ferrol	50.000,00
4411.45000	Convenio de colaboración para a implantación dunha nova liña do servizo de transporte público de interese municipal (SIMU)	5.572,65
1320.62900	Subministro de kit básico Greenpower para educación vial	5.990,00
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO		61.562,65

O financiamento do expediente realízase na súa totalidade con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2023 por un importe total de 61.562,65 euros.

SEGUNDO. Visto que se modifica unha aplicación orzamentaria do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio vixente.

TERCEIRO. Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

CUARTO. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso tamén traemos este modificado que como ben se explicaron esas 3 partidas, e o subministro do kit básico para facer esa actividade que desenrolarán os centros escolares e por outro lado, esa liña nova que en principio estaba presupostada, xa incorporamos esa cantidade e contabamos poder incorporar esos 5 mil doutra forma pero ao final traemos este modificado, esa aportación que temos que facer co convenio de colaboración para o conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol, que en total suman esos 61.562,65. Manifestar bueno, o noso desacordo dalgunha forma a través deste convenio, que por unha parte é moi fácil vender a gratuidade do transporte público cando é unha aportación moi, moi importante a fan os concellos e, neste caso o concello de Narón, ten un convenio coa Xunta de Galicia por 50.000 e que si, que

aínda que é un dos acordos do convenio en función dos usuarios que fan uso deste transporte, sí que é moi difícil para a actividade dos concellos que de repente ao final de ano, a Xunta nos diga que temos que incrementar casi o 100% da aportación que nun principio está conveniada. Entón lóxicamente traemos aquí este modificado, este suplemento para esta cantidade pero manifestar o noso desacordo deste xeito. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: vale, simplemente explicar o noso voto, xa que na comisión nos abstivemos e tampouco nos expresamos alí e entendendo que hoxe non se está aprobando nin ampliando ningún convenio sobre o transporte metropolitano, o simple feito de dar crédito a estes compromisos mentres os traballadores e traballadoras da UTE levan máis de 3 meses en folga, deixaronnos un pouco coa mala sensación no corpo, como que a vida segue e no concello seguimos traballando con estas empresas e nós non estamos facendo o suficiente para esta xente traballadora, por eso alégrome ao final e alégrome enormemente que se incluíse pola vía de urxencia neste pleno a moción para instar á resolución da folga que logo se poderá debatir.

E bueno, entendendo que comparto a inxustiza de que os concellos teñan que facer parte dos gastos destes servizos, bueno, hai que pagalos, hai que cumprilos ao final, así que o noso voto ao final vai ser favorable.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

Bueno, en referencia a este modificado de créditos podemos entender que o crecemento do uso do transporte público leva a que as partes que financian o servizo, pois teñan que achegar máis financiamento, no. Pero si que non estamos conformes, e por eso nós o propuxemos e o falamos xa na comisión informativa de contas, que o Concello de Narón é unha entidade que participa na financiación de transporte metropolitano e a situación que está provocando a folga do servizo de transporte dende hai máis de 100 días, está levando a unha situación límite a gran cantidade de usuarios deste servizo, no. Ciudadanos que utilizan diariamente o transporte pois para ir ao seu traballo, ou para facer a compra diaria, incluso escolares para asistir aos seus colexios e institutos que se ven prexudicados e que moitos deles chegan tarde e moitos non poden utilizar os horarios que estaban utilizando por culpa desto.

Entonces creo que o concello neste caso, como así fixemos e vos fixemos chegar para esa declaración institucional, creo que ten que tomar cartas no asunto e solicitar á Consellería que lle corresponda que inicien os trámites para que a empresa que está levando o tema do transporte público, que se lle abra un expediente ou que se busque a forma de penalizala polo mal servizo que está dando. Creo que todos somos coñecedores que creo que hai moitos usuarios do concello de Narón que se están vendo prexudicados por esta folga.

E polo tanto, nós ímonos abster pero cremos que se debe de dar ese paso dende a institución. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: só por aclarar o tema da situación de folga que estamos a vivir, lóxicamente somos conscientes deso; por eso, a proposta nosa vai nunha moción urxente neste pleno na cal se falará e se debatirá sobre o tema.

-Sra.alcaldesa: eu puntualizar unha cousa. É dicir, entendo de verdade a situación dos usuarios, que é así, que evidentemente o que relataches é así, pero tamén hai outra situación que é dos traballadores. Os traballadores non están nunha folga neste caso porque non teñan outra cousa mellor que facer, é dicir, están reivindicando unha situación e ese colectivo, eu quero manifestar tamén o noso apoio, é dicir, non se fala deles para nada. Sí se fala que os

usuarios que evidentemente están sufrindo unhas consecuencias dunha folga, pero están reclamando uns dereitos e neste caso, tamén poñer de manifesto que este convenio que decimos non ten nada que ver, é dicir, é un trámite administrativo que estamos a facer que estamos dotando de crédito para non quedarnos sen el porque evidentemente non contabamos que a principios de ano cando se fixo este orzamento, pois que duplicasen a contía que temos que dar... entón non quere dicir que non estemos de acordo cos traballadores, que si coa situación que están a vivir pero nós administrativamente temos que seguir traballando para que non nos quiten as cores de cando temos que pagar este convenio non ter o diñeiro, e eso dilata administrativamente máis unha situación complicada. É dicir, quero aclaralo, con esto non estamos facendo outra cousa que darlle cabida a ese acordo e a ese convenio que tiñamos e evidentemente a situación dos traballadores é complicada, e esa moción que debatiremos como ben decíamos, que creo que polo que estivemos falando pedir que sexa unha declaración institucional que a situación é complicada. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

6 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL E LEVANTAMIENTO DE REPARO PAGO XXXVI MEMORIAL ADOLFO ROS-VOLTA Á RÍA DO ANO 2022..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 17 de outubro de 2024, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

“INFORME DO SERVIZO DE DEPORTES

ASUNTO: *Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extrajudicial da aprobación da obriga de pagamento ao Concello de Fene pola organización do Memorial Adolfo Ros do ano 2022 Exp- DEP/2024/38 por importe de 4.198,16 €.*

ANTECEDENTES

O día 16 de outubro de 2024, a xefa da Sección de Deportes, emitiu o informe proposta (DEP18I02GL) para a aprobación do recoñecemento extrajudicial da obriga do pago de 4.198,16 €, ao Concello de Fene, pola organización do XXXVI Memorial Adolfo Ros-Volta a Ría, do ano 2022, que transcrito di:

“Marina Sueiras Rodriguez, xefa da Sección de Deportes, en relación coa necesidade de pagamento ao Concello de Fene pola Organización do “Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría “ do ano 2022, por importe de 4.198,16 €, ten a ben a emisión do seguinte:

I N F O R M E:

I - O día 18 de decembro de 2019, asinouse o Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol para a organización da proba deportiva denominada “Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría “. O devandito convenio, recolle as aportacións económicas de cada Concello para a organización da citada proba, que son as seguintes:

Concello de Ferrol – 5.253,26 €

Concello de Neda - 2.099,05 €

Concello de Fene - 3.148,60 €

Concello de Narón – 4.198,16 €

2 - No ano 2020, correspondía ao Concello de Neda a organización da devandita proba Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría” . Por mor da crise sanitaria da Covid-19, o citado evento, ao igual que moitos outros non se puido realizar por motivos de seguridade e para evitar a propagación do virus.

No ano 2021, que segundo o Convenio asinado, era o Concello de Fene o que debería levar a cabo a organización da devandita proba, foi o Concello de Neda o que asumiu a mesma ao non poder facelo no ano anterior, e non perder así a súa quenda.

3 – A celebración do evento “Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría “correspondente ano ano 2022, cuxa quenda correspondía ao Concello de Ferrol, foi asumida polo Concello de Fene, seguindo a pauta marcada dende o ano 2020, trala crise sanitaria pola Covid-19. Dito evento tivo lugar o día 11 de decembro de 2022.

4- O Concello Pleno de Narón, o día 24 de xullo de 2024, aprobou o expediente de modificación de crédito nº 15/2024, subexpediente nº 2/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, entre os que figura o suplemento de crédito para a aportación ao Concello de Fene, pola organización do Memorial Adolfo Ros – Volta a Ría do ano 2022, por importe de 4.198,16, aplicación orzamentaria 3410.46200.

5 - Que segundo o apartado c) da Base 15 de Execución dos Orzamentos do Concello de Narón, o pago da cantidade correspondente debe ser sometida a un expediente de recoñecemento extraxudicial, que deberá ser satisfeito a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración.

Polo exposto anteriormente, a que suscribe propón:

1 – Recoñecer extraxudicialmente a obriga do pago da cantidade de 4.198,16 €, ao Concello de Fene,(P1503600G) pola organización do “XXXVI Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría “o día 11 de decembro de 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200, do expediente de modificación de crédito nº 15/2024, subexpedientes nº 02/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito..”

*A Intervención Xeral, con data 16 de outubro de 2024, emite un informe de reparo que terá efectos suspensivos, (ICO18I00D6) polo motivo de **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.***

No citado informe de reparo, a Intervención considera, “que se trata dun gasto que se vai imputar con cargo ao orzamento do ano 2024, un gasto que debería terse imputado con cargo ao orzamento do ano 2022, polo que se incumple o principio de imputación temporal.”

A este respecto, a que suscribe, como xa puxo de manifesto na memoria xustificativa elaborada e que consta no expediente,(DEP18I02D4), non é coñecedora do motivo polo que o pago ao Concello de Fene non se levou a cabo no ano 2022, xa que nese momento non se atopaba en activo, debido a unha baixa médica.

No informe da Intervención Xeral, consta tamén que debido a crise da Covid 19, no ano 2020, non se celebrou a proba “Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría”, polo que nese momento debería terse tramitado a modificación e ampliación do prazo de vixencia do devandito convenio aos efectos de adaptar as anualidades de execución do convenio co correspondente concello organizador.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo aos distintos provedores e prestadores de servizos, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido.

En base ao anterior, a funcionaria que subscribe, propón á Alcaldía para que, se procede, someta ao ditame da Comisión Informativa de Contratación persoal e especial de contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno, o seguinte:

- 1- Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o recoñecemento da obriga de pago ao Concello de Fene pola organización do “**Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría**” do ano 2022, por importe de **4.198,16 €**.*
- 2- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da a obriga do pago de **4.198,16 €** ao Concello de Fene (P1503600G), pola organización do “XXXVI Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría”, do ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200, do expediente de modificación de crédito nº 15/2024, subexpediente nº 02/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito.*

Logo de ver o dito informe, e visto o ditame favorable por maioría (coas 3 abstencións do PP; e os votos a favor de TEGA -5-; BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 24 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno :

- 1-** Levantar o reparo con efectos suspensivos ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o recoñecemento da obriga de pago ao Concello de Fene pola organización do “**Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría**” do ano 2022, por importe de **4.198,16 €**.
- 2 -** Aprobar o recoñecemento extraxudicial da a obriga do pago de **4.198,16 €** ao Concello de Fene (P1503600G), pola organización do “XXXVI Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría”, do ano 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200, do expediente de modificación de crédito nº 15/2024, subexpediente nº 02/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

7 °.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA A SUBVENCIÓN DEPORTIVA CORRESPONDENTE DO ANO 2023 DO CLUB DALLE GAS RUNNING TEAM. -

Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 12 de agosto de 2024, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

"INFORME PROPOSTA PARA A ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DEPORTIVA CORRESPONDENTE AO ANO 2023 DO CLUB DALLE GAS RUNNING TEAM

De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

*O Concello Pleno de Narón, o día 27 de xuño de 2024, aprobou, entre outros, a asignación e a contía a xustificar das subvencións a entidades deportivas polo ano 2023, entre as que figura a do **Club Dalle Gas Running Team**, CIF-72853914, por importe de 619,04 €. (EXP-DEP/2023/77).*

No mesmo Pleno, recoñeceuse a obriga de gasto dos importes inferiores a 3.000,00 €, con carácter de anticipo prepagable a xustificar, figurando tamén en dito apartado a subvención do club citado anteriormente, por concedérselle a este un importe inferior a 3.000,00€.

A notificación da concesión da subvención, foi recibida polo Club Dalle Gas Running Team, o día 2 de xullo de 2024, sendo o prazo para a xustificación da mesma, un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión.

O día 5 de agosto de 2024, a entidade Dalle Gas Running Team, presentou a través da Sede Electrónica Municipal, (REXE 180B7L) a renuncia á subvención concedida, alegando non poder acreditar correctamente e xustificar en tempo e forma o importe da dita subvención.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Lei 38/2023, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *RDL 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*
- *Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón*
- *Bases que rexen a convocatoria de Concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal aprobadas por Resolución da Alcaldía o 25 de setembro de 2023, e publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións o día 6 de outubro de 2023, e no Boletín Oficial da Provincia en data 11 de outubro de 2023.*
- *Acordo do Concello Pleno de data 27 de xuño de 2024*

Polo exposto anteriormente, a que subscribe propón que a alcaldía eleve á Xunta de Contratación, persoal e Especial de Contas, a seguinte:

PROPOSTA

*I – Aceptar a solicitude de renuncia á subvención concedida correspondente ano 2023, por importe de 619,04 €, ao **Club Dalle Gas Running Team**, con CIF-72853914."*

Logo de ver o dito informe intervido e conforme pola Intervención xeral (con documento ICO18I00CO), o día 16 de outubro de 2024, esta alcaldía propón á Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas para a súa posterior elevación ao Concello Pleno, o seguinte:

1º.- Ditaminar favorablemente a proposta transcrita nos seus propios termos.

Visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-; e as abstencións de PP -3-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 24 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno:

1 – Aceptar a solicitude de renuncia á subvención concedida correspondente ano 2023, por importe de 619,04 €, ao Club Dalle Gas Running Team, con CIF-72853914.”

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

8 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE NARÓN. -Lida polo

secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe-proposta do servizo de Organización e RRHH (ASI18I00XU) de 18.10.2024, que textulamente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a tal respecto formulase o seguinte informe proposta

ANTECEDENTES

Visto que en data 15.10.2024, con código de documento PAR18I0065, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal emite informe para a modificación da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Narón.

Visto que en data 15.10.2024, con código de documento ASI18I00XH, a alcaldía deste Concello emite providencia de inicio ordeando os servizos municipais a realización dos estudos, informes e trámites que fosen necesarios para a toma de decisións que posibiliten o cumprimento da normativa vixente na materia.

Visto que en data 17.10.2024, con código de documento ASI18I00XN, a alcaldía deste Concello emite Memoria de modificación da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello.

Visto que en data 17.10.2024, con código de documento GOB18I00YV, o Secretario Xeral do Concello emite informe xurídico sobre a modificación da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello.

*Visto o texto que propón a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal nos seguintes termos, en relación co asunto de referencia, quen subscribe, emite o seguinte **INFORME-PROPOSTA**:*

A). - *Se precisa realizar as seguintes modificacións da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón:*

1) Artigo 1.

Onde di:

“Para os efectos de salvagarda do dereito dos/das participantes nas distintas convocatorias, ao amparo da presente ordenanza á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos establecidos pola Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro público de entidades do Concello de Narón.”

Debe dicir:

“Para os efectos de salvagarda do dereito dos/das participantes nas distintas convocatorias, ao amparo da presente ordenanza á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos

establecidos pola Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro público de entidades do Concello de Narón, caso de entidades beneficiarias de subvención”

2) Artigo 3

Onde di:

“Artigo 3. Entidades solicitantes

Poderán participar nas diferentes convocatorias as entidades que cumpran os requisitos do apartado 3.1, así como os da convocatoria correspondente, no momento de presentar a solicitude.

Só poderá concederse unha subvención por entidade e convocatoria.”

Debe dicir:

“Artigo 3. Beneficiarios/as

Poderán participar nas diferentes convocatorias as persoas e entidades aos que fai referencia o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que cumpran os requisitos do apartado 3.1, así como os da convocatoria correspondente, no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

Só poderá concederse unha subvención por beneficiario/a e convocatoria”

3) Artigo 3.1.1

Onde di:

“3.1.1.- Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón, cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude.”

Debe dicir:

“3.1.1.- As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar, e estar empadroadas no Concello de Narón, e as entidades deberán estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón, cos datos actualizados no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.”

4) Artigo 3.1.3

Onde di:

“3.1.3.- No caso de entidades que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Narón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de presentar a solicitude non se poderá acreditar este extremo por estar o Concello tramitando a fase de “xustificación” das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporarase ao expediente de solicitude informe do Xefe do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.”

Debe dicir:

“3.1.3.- No caso de beneficiarias que foran solicitantes de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Narón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria non se puidera acreditar este extremo por estar o Concello tramitando a fase de “xustificación” das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporarase ao expediente de solicitude informe da Xefatura do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

5) Artigo 4.1

Onde di:

“As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Narón ou por calquera dos medios contemplados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Debe dicir:

“As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse a través da Sede Electrónica Municipal ou por calquera dos medios contemplados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

6) Artigo 4.2.1

Onde di:

“4.2.1.- Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou institución, na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico identificativa da entidade, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello.”

Debe dicir:

“4.2.1.- Instancia de solicitude asinada pola persoa, ou polo/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda), que incorporará as declaracións responsables que se especifiquen na convocatoria, que se entenderán firmadas xunto coa solicitude e na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico da solicitante, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello.”

Engadir un novo parágrafo que debe dicir:

“A instancia de solicitude incorporará as seguintes declaracións responsables, segundo se estableza na convocatoria:

Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Así mesmo declara:

- Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades cidadás do Concello de Narón e cos datos actualizados no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

- Que nin a entidade nin o/a declarante están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.

- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

- Que o persoal voluntario e/ou contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa "certificación negativa" do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

7) Artigo 4.2.3

Onde di:

“4.2.3.- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando se a entidade ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente, sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.”

Debe dicir:

“4.2.3.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) sinalando: 1) Se o/a solicitante ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares

(ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.”

8) Artigo 4.2.4

Eliminado, por incluírse no artigo 4.2.3.

9) Artigo 4.2.5

Onde di:

4.2.5.- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, e coa Seguridade Social.”

Debe dicir:

“4.2.4.- Autorización da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda)) ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma, Concello, e Seguridade Social, nos casos en que a normativa vixente determine que estas certificacións non poden ser substituídas por unha declaración responsable.”

10) Artigo 4.2.6

Eliminar, por incluírse no novo artigo 4.2.4.

11) Artigo 4.2.7

Eliminar, por incluírse no artigo 4.2.1.

12) Artigos 4.2.8, 4.2.9, 4.2.10, 4.2.11, e 4.2.12

Renuméranse estes artigos quedando cos números 4.2.5, 4.2.6, 4.2.7, 4.2.8 e 4.2.9, respectivamente.

13) Artigo 4.2.12

Onde di:

“4.2.12.- Todas as Declaracións responsables que se presenten coa solicitude serán cubertas nos modelos oficiais facilitados polo Concello de Narón, e estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención.”

Debe dicir:

“4.2.9.- Todas as Declaracións responsables, que non consten na propia solicitude de subvención, serán cubertas nos modelos oficiais facilitados polo Concello de Narón, e estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención.”

14) Artigo 5

Onde di:

“Artigo 5.- Obrigas das entidades beneficiarias”

Debe dicir:

“Artigo 5.- Obrigas das beneficiarias”

15) Artigo 5.8

Onde di:

“5.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado.”

Debe dicir:

“5.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado a beneficiaria, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do/a Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado. No caso de persoas físicas, presentarán os correspondentes xustificantes do gasto realizado.”

16) Artigo 5.10

Onde di:

“5.10.- Os gastos superiores a 50.000,00 € para realizar obras que non sexan consideradas inversión, ou a 18.000,00 € para adquirir equipamento non inventariable, ou prestar servizos, precisarán polo menos, de tres ofertas de distintas empresas proveedoras.”

Debe dicir:

“5.10.- Os gastos superiores a 40.000,00 € para realizar obras que non sexan consideradas inversión, ou a 15.000,00 € para adquirir equipamento non inventariable, ou prestar servizos, precisarán polo menos, de tres ofertas de distintas empresas proveedoras.”

17) Artigo 6

Onde di:

“As subvencións poderán concederse polo procedemento ordinario, de forma directa, ou con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Debe dicir:

“As subvencións poderán concederse polo procedemento ordinario, de forma directa, ou con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

18) Artigo 6.1.1.5

Onde di:

“A entidade que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 no momento da presentación da solicitude non poderá optar á subvención solicitada, notificándosele a resolución de arquivo do expediente.”

Debe dicir:

“O/A solicitante que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria non poderá optar á subvención solicitada, notificándosele a resolución de arquivo do expediente.”

19) Artigo 6.1.1.11

Onde di:

“O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.”

Debe dicir:

“O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.”

20) Artigo 6.1.2

Onde di:

“Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 6.1.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.”

Debe dicir:

“Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 6.1.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a beneficiaria poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.”

21) Artigo 9

Onde di:

“En ningún caso as convocatorias particulares xerarán dereito ningún a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.”

Debe dicir:

“En ningún caso as convocatorias particulares xerarán dereito ningún a favor das beneficiarias mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.”

22) Artigo 10.1

Onde di:

“10.1.-A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.”

Debe dicir:

“10.1.-A beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.”

23) Artigo 10.1.1

Onde di:

“Número de beneficiarios desagregados por sexo.”

Debe dicir:

“Número de beneficiarios/as desagregados por sexo, no caso de entidades.”

24) Artigo 10.1.2.

Onde di:

“Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.”

Debe dicir:

“Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención, ou Declaración responsable no caso de persoa física.”

25) Artigo 10.1.4

Onde di:

“10.1.4.- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.”

Debe dicir:

“10.1.4.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda), de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias. Declaración responsable no caso de persoa física, de ser o caso”

26) Artigo 10.1.6

Onde di:

“10.1.6.- Declaración responsable do/a Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.”

Debe dicir:

“10.1.6.- Declaración responsable da persoa ou do/a Presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.”

27) Artigo 10.1.7

Onde di:

“10.1.7.- Declaración responsable do/a Presidente/a de non concorrncia con outras axudas municipais.”

Debe dicir:

“10.1.7.- Declaración responsable da persoa, ou polo/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) de non concorrência con outras axudas municipais.

28) Artigo 10.1.8

Onde di:

“10.1.8.- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitude non sufrira variación.”

Debe dicir:

“10.1.8.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) de non estar incurso, tanto o/a declarante como a entidade (de ser o caso), nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitude non sufrira variación.”

29) Artigo 10.1.10

Onde di:

“Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello comprobará, a traveso das técnicas de mostreo que se acorden en cada convocatoria, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin poderá requirir ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.”

Debe dicir:

“Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello a través das técnicas de mostraxe que se acorden en cada convocatoria, comprobará os xustificantes de gasto do 20 % dos expedientes das beneficiarias de subvencións.

Destes expedientes resultantes para a mostraxe comprobarase así mesmo o 20 % dos xustificantes de gasto seleccionados de cada expediente, por mostraxe, aos efectos de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.”

30) Artigo 10.2

Onde di:

“10.2.- Toda a documentación recollida no apartado 10.1 presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Narón, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, excepto que as diferentes convocatorias establezan outro prazo.”

Debe dicir:

“10.2.- Toda a documentación recollida no apartado 10.1 presentárase a través das Sede Electrónica Municipal do Concello de Narón, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, excepto que as diferentes convocatorias establezan outro prazo.”

31) Artigo 11.2

Onde di:

“A amortización destes gastos, para a inclusión dos mesmos na xustificación da subvención, limitarase a un máximo de tres anos. Ás facturas que documenten o investimento realizado adxuntaranse ó correspondente cadro de amortización.”

Debe dicir:

“A amortización destes gastos, para a inclusión dos mesmos na xustificación da subvención, limitarase ao que estableza a normativa vixente. Ás facturas que documenten o investimento realizado axuntaranse ó correspondente cadro de amortización.”

32) Artigo 12

Onde di:

“Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:”

Debe dicir:

“O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei. Este artigo 37 establece que procederá o reintegro das cantidades recibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingreso o reintegro se é anterior a esta. Ademais dos casos que se citan no artigo 37, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:”

B). - Realizouse corrección da lingua sexista ao longo do texto.

C). - Unha vez tidas en conta as modificacións anteriores, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón quedará coa seguinte redacción:

ORDENANZA XERAL MUNICIPAL DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE NARÓN

CAPITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polos diferentes servizos municipais do Concello de Narón.

As liñas, áreas ou ámbitos de actuación que serán obxecto de subvención quedarán establecidas nas diferentes convocatorias.

As subvencións rexeranse polas prescricións contidas nesta ordenanza e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, polas Bases de Execución do orzamento municipal, e normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

Para os efectos de salvagarda do dereito dos/das participantes nas distintas convocatorias, ao amparo da presente ordenanza á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos establecidos pola Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro público de entidades do Concello de Narón, caso de entidades beneficiarias de subvención.

Artigo 2.- Réxime de compatibilidade.

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver pola beneficiaria.

Salvo as excepcións que se poidan establecer en cada convocatoria específica, será incompatible a concesión de outra subvención para o mesmo proxecto, por outra área ou concellería do Concello de Narón.

CAPITULO II

BENEFICIARIOS/AS

Artigo 3. Beneficiarios/as

Poderán participar nas diferentes convocatorias as persoas e entidades aos que fai referencia o artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que cumpran os requisitos do apartado

3.1, así como os da convocatoria correspondente, no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

Só poderá concederse unha subvención por beneficiario/a e convocatoria.

No suposto de que unha federación, grupo de entidades ou entidade que integre a outras asociacións solicite subvención para un proxecto, non poderán facelo as asociacións ou entidades que pertencen ás mesmas, sempre que os obxectivos e actividades sexan coincidentes.

3.1.- Requisitos para solicitar

3.1.1.- As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar, e estar empadroadas no Concello de Narón, e as entidades deberán estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón, cos datos actualizados no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

3.1.2.- Non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

3.1.3.- No caso de beneficiarias que foran solicitantes de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Narón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria non se puidera acreditar este extremo por estar o Concello tramitando a fase de “xustificación” das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporárase ao expediente de solicitude informe da Xefatura do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

3.1.4.- Que as actividades para as que se solicita subvención sexan de interese para o Concello.

3.1.5.- Cumprir cos requisitos da convocatoria correspondente.

Artigo 4.- Solicitudes

4.1.- Forma, lugar e prazo

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse a través da Sede Electrónica Municipal ou por calquera dos medios contemplados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será o que se estableza de xeito particular en cada convocatoria específica. De non constar, o prazo para presentar a solicitude será de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria correspondente. De ser o último día de prazo domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o día seguinte hábil.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

4.2.- Documentación

Os modelos xerais serán os elaborados e facilitados polo Concello de Narón.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como “Anexo ao doc. N°”.

4.2.1.- Instancia de solicitude asinada pola persoa, ou polo/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda), que incorporará as declaracións responsables que se especifiquen na convocatoria, que se entenderán firmadas xunto coa solicitude e na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico da solicitante, para establecer unha vía de comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso. A variación da conta de correo electrónico durante a tramitación do expediente deberá ser comunicada ao Concello.

Na propia instancia se indicará a documentación que se terá que achegar obrigatoriamente, sen prexuízo da que poda ser necesaria recabar para a correcta resolución do expediente.

A instancia de solicitude incorporará as seguintes declaracións responsables, segundo se estableza na convocatoria:

Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Así mesmo declara:

- Que a entidade está legalmente constituída e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades cidadás do Concello de Narón e cos datos actualizados no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria.

- Que nin a entidade nin o/a declarante están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

- Que o local da entidade no que se desenvolven as actividades obxecto desta subvención, cumpre coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección, de ser o caso.

- Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias.

- Que o persoal voluntario e/ou contratado, de ser o caso, que desenvolve accións con menores, conta coa "certificación negativa" do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en virtude da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado

4.2.2.- Memoria das actividades para as que se solicita a subvención.

4.2.3.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) sinalando: 1) Se o/a solicitante ten solicitada/obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento desta subvención. 2) A achega de fondos propios. 3) Se existe concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención.

4.2.4.- Autorización da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda)) ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma, Concello, e Seguridade Social, nos casos en que a normativa vixente determine que estas certificacións non poden ser substituídas por unha declaración responsable.

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización.

4.2.5.- Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

4.2.6.- No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos.

4.2.7.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.

4.2.8.- De acordo co establecido no art. 24 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e nos supostos que nel se prevén, a presentación de declaracións responsables substituirá á presentación das certificacións acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.2.9.- Todas as Declaracións responsables, que non consten na propia solicitude de subvención, serán cubertas nos modelos oficiais facilitados polo Concello de Narón, e estenderán a súa vixencia ás distintas fases do procedemento administrativo do expediente de solicitude de subvención.

Artigo 5.- Obrigas das beneficiarias

Con independencia das obrigacións específicas que recollan as distintas convocatorias, os convenios ou acordos de concesión, serán obrigacións xerais das beneficiarias das subvencións do Concello de Narón as seguintes:

- 5.1.- Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.*
- 5.2.- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias.*
- 5.3.- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.*
- 5.4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.*
- 5.5.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos*
- 5.6.- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.*
- 5.7.- Facer constar a colaboración do Concello de Narón en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera).*

As beneficiarias incluídas no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

5.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc...) no que quede identificado a beneficiaria, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..). A cada pago en metálico deberá acompañarse un informe do/a Tesoureiro/a da entidade acreditativo da forma de pago do gasto realizado. No caso de persoas físicas, presentarán os correspondentes xustificantes do gasto realizado.

5.9.- Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

5.10.- Os gastos superiores a 40.000,00 € para realizar obras que non sexan consideradas inversión, ou a 15.000,00 € para adquirir equipamento non inventariable, ou prestar servizos, precisarán polo menos, de tres ofertas de distintas empresas proveedoras.

CAPITULO III

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E XESTION DAS SUBVENCIONES

Artigo 6.-Procedemento de concesión e pago

As subvencións poderán concederse polo procedemento ordinario, de forma directa, ou con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

6.1.- Procedemento ordinario

Tramitarase en réxime de concorrència competitiva. Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realice mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

6.1.1.- O procedemento de concesión destas subvencións iniciárase de oficio, e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

6.1.1.1.- Convocatoria pública mediante acordo da Alcaldía ou órgano Colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de

Subvencións, que incluíra as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.

6.1.1.2.- Publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade, os requisitos para formular as solicitudes, a oficina municipal onde se poden obter as bases da convocatoria, e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As convocatorias de subvencións deberán publicarse na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto das mesmas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.1.3.- Presentación das solicitudes no modelo oficial.

6.1.1.4.- Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

6.1.1.5.- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación presentada, requirida no apartado 4.2, fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O/A solicitante que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria non poderá optar á subvención solicitada, notificándosele a resolución de arquivo do expediente.

6.1.1.6.- A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional realizado polo Técnico correspondente.

6.1.1.7.- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

6.1.1.8.- A composición da Comisión de Valoración será determinada en cada unha das diferentes convocatorias.

6.1.1.9.- A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe que deberá ser xustificado.

6.1.1.10.- O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver.

6.1.1.11.- Resolución do órgano competente aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada ás beneficiarias no prazo de dez días desde que se adopte o acordo.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

6.1.1.12.- Aceptación por parte das beneficiarias nun prazo de dez días desde a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

6.1.1.13.- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei.

Remítirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.2.- Reformulación das solicitudes

Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 6.1.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a beneficiaria poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial de concesión.

6.1.3.- *O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación, por parte da beneficiaria, da realización da actividade, proxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos da normativa reguladora da subvención.*

Poderán realizarse pagos a conta ou pagos anticipados da subvención, con indicación do réxime de garantías que proceda, se é o caso, de acordo co establecido no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pago anticipado das subvencións concedidas por importe inferior a 3.000,00 € ou referidas a programas de acción social, realizarase unha vez rematado o prazo de 10 días desde a notificación da resolución de concesión da subvención.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude.

6.2.- Procedemento de concesión directa

A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales canalizar estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencións, e terán o carácter de bases reguladoras para os efectos previstos nesta.

Deberán incluír como mínimo:

6.2.1.- *Determinación do obxecto da subvención e das persoas beneficiarias, de acordo coa asignación orzamentaria.*

6.2.2.- *Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiaria se fosen varias.*

6.2.3.- *Compatibilidade ou incompatibilidades con outra subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración, ente público, privado ou nacional, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.*

6.2.4.- *Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achegar as beneficiarias.*

6.2.5.- *Prazo e forma de xustificación por parte da beneficiaria do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e da aplicación dos fondos percibidos.*

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Narón, sen prexuízo do que a este respecto poidan establecer as Bases de Execución do orzamento municipal.

A asignación que finalmente se reflicta nos acordos de concesión das subvencións nominativas poderá ser distinta da previsión orzamentaria, cando así resulte da aplicación dos convenios nos que teñan fundamento ou por outras causas debidamente motivadas, e previa modificación, no seu caso, das bases de execución do orzamento.

Artigo 7.-Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

Serán competentes para a instrución do procedemento de concesión ou non concesión de subvencións a Alcaldía e/ ou os Concelleiros/as Delegados/as da área que teña delegada a concesión de axudas económicas para a convocatoria correspondente, os/as cales impulsarán de oficio a realización de cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Alcaldía ou órgano colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia.

Artigo 8.-Criterios de valoración e determinación da contía da subvención

8.1.- Serán criterios preferenciais para o outorgamento das subvencións ás entidades asociativas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal, atendendo aos principios de obxectividade e igualdade, os establecidos nas diferentes convocatorias.

Computarase en positivo, na baremación das subvencións municipais, a presenza de mulleres nos órganos directivos das entidades asociativas solicitantes, nomeadamente nas asociacións deportivas.

8.2.- A contía da subvención estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos, non podendo superar o límite marcado polas diferentes convocatorias. No caso de non especificarse este límite, o importe da subvención solicitada non poderá superar ao 50% do orzamento de gastos presentado.

Para o caso de que a suma do importe resultante desta valoración e das solicitudes ou concesións de outras axudas por organismos públicos ou entes privados, superara o 100 % do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

Unha vez rematada a fase de avaliación de todas as solicitudes e determinados os importes das subvencións a conceder, no caso de que a cantidade concedida total fora inferior á consignación orzamentaria inicialmente asignada, a Comisión de Valoración de consideralo oportuno, poderá realizar os axustes necesarios entre as beneficiarias das subvencións, ata que o reparto total acade a consignación inicial destinada a este fin.

Artigo 9.- Financiamento

A concesión das subvencións terá como límite as disponibilidades orzamentarias que o Concello de Narón asignará nos seus Orzamentos para a concesión de subvencións.

As diferentes convocatorias de concesión de subvencións establecerán a/s aplicación/s orzamentaria/s de imputación así como o importe asignado a cada unha delas.

A distribución destes créditos se realizará conforme aos criterios establecidos nas convocatorias correspondentes.

A aprobación das distintas convocatorias particulares poderá quedar sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento Xeral do Concello de Narón para o correspondente exercicio no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo destas se presenten.

En base ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso de transcendencia orzamentaria, en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

En ningún caso as convocatorias particulares xerarán dereito ningún a favor das beneficiarias mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

CAPITULO IV

XESTIÓN E FISCALIZACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 10.- Xustificación, lugar e prazos de execución

10.1.- A beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Aos efectos do disposto no art. 75 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para subvencións concedidas por importe inferior a 60.000,00 €, e sempre que así se prevea nas distintas convocatorias, para a xustificación da subvención concedida presentárase unha conta xustificativa simplificada.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.

O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

Os modelos dos documentos serán os elaborados e facilitados polo Concello de Narón.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao Doc. N°".

Á instancia de presentación da xustificación da subvención concedida presentada achegarase, debidamente relacionada, a seguinte documentación:

10.1.1.- Memoria Técnica da actividade realizada:

- o Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.*
- o Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.*
- o Número de beneficiarios/as desagregados por sexo, no caso de entidades.*
- o Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.*
- o Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.*
- o Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.*

10.1.2.- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención, ou Declaración responsable no caso de persoa física.

10.1.3.- Cando o importe da subvención concedida sexa inferior a 60.000,00 €, se presentará unha Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago.

Cando o importe da subvención concedida sexa igual ou superior a 60.000,00 € presentárase unha Memoria Económica que conterá:

- o Relación numerada das facturas ou documentos equivalentes que se aportan para xustificar a subvención concedida, con indicación do número, titular, importe total da factura, e importe que se imputa á xustificación e data e forma de pago, polo importe total do proxecto ou acción subvencionada.*
- o Nos orixinais de todas as facturas presentadas, deberá realizarse unha dilixencia, asinada polo/a Secretario/a da entidade, na que conste o tanto por cento ou importe que da mesma se imputa á subvención que se xustifica.*
- o Fotocopias das facturas que se inclúen no apartado segundo, (debendo estar identificadas co nº que ten asignado na relación e ordenadas correlativamente) axuntando a cada unha delas o seu xustificante de pago. No suposto de que, excepcionalmente, o pago fora realizado en metálico, deberá constar na propia factura recibín asinado pola persoa que recibe os fondos, con indicación do seu nome e apelidos e DNI.*
- o No caso de que se presenten gastos que conleven unha retención por parte da entidade do IRPF ou de Seguridade Social, deberán acreditar o pago de nóminas, boletíns de cotización á seguridade social, e impresos de ingreso en Facenda das retencións practicadas.*
- o As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:*
 - Os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.*
 - A beneficiaria deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.*
 - Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base imponible, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o provedor, e o total resultante da factura.*
 - Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.*

10.1.4.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda), de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias. Declaración responsable no caso de persoa física, de ser o caso.

10.1.5.- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera), que no seu caso será o elaborado polo Concello.

As beneficiarias incluídas no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberán presentar xustificación do cumprimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na citada Lei.

10.1.6.- Declaración responsable da persoa ou do/a Presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.

10.1.7.- Declaración responsable da persoa, ou polo/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) de non concorrencia con outras axudas municipais.

10.1.8.- Declaración responsable da persoa, ou do/a presidente/a (ou director/a, ou cargo que proceda) de non estar incurso, tanto o/a declarante como a entidade (de ser o caso), nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Este documento non será necesario sempre e cando a declaración aportada coa solicitude non sufrira variación.

10.1.9.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.

10.1.10.- Nos expedientes de xustificación na modalidade de conta xustificativa simplificada, o Concello a través das técnicas de mostraxe que se acorden en cada convocatoria, comprobará os xustificantes de gasto do 20 % dos expedientes das beneficiarias de subvencións.

Destes expedientes resultantes para a mostraxe comprobarase así mesmo o 20 % dos xustificantes de gasto seleccionados de cada expediente, por mostraxe, aos efectos de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención.

10.2.- Toda a documentación recollida no apartado 10.1 presentarse a través das Sede Electrónica Municipal do Concello de Narón, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, excepto que as diferentes convocatorias establezan outro prazo.

10.3.- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano a que fai referencia a convocatoria de concesión de subvencións, con independencia da data na que se conceda a subvención e se faga efectivo o pago, excepto que os diferentes convenios ou convocatorias establezan outro período.

Artigo 11.- Tipoloxía do gasto

11.1.- Se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, e se axusten aos criterios que figuren expresamente nas diferentes convocatorias. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

11.2.- Os gastos de investimento que teñan relación directa coas actividades subvencionadas ou necesarios para o seu desenvolvemento, e que non foran obxecto dunha subvención específica para a súa adquisición polo Concello de Narón, tamén terán a consideración de gastos subvencionables, salvo que nas diferentes convocatorias se estableza o contrario.

A amortización destes gastos, para a inclusión dos mesmos na xustificación da subvención, limitárase ao que estableza a normativa vixente. Ás facturas que documenten o investimento realizado axuntaranse ó correspondente cadro de amortización.

11.3.- Exclusiones

11.3.1.- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os alimentos e bebidas, agás os produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e festexos populares.

11.3.2.- Os gastos establecidos no art. 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

11.3.3.- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello.

11.3.4.- Aqueles gastos que se establezan de xeito particular nas diferentes convocatorias.

Artigo 12.- Causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro, e procedemento

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

O artigo 30.8 da Lei xeral de subvencións establece que a xustificación insuficiente da subvención levará parello o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da dita lei. Este artigo 37 establece que procederá o reintegro das cantidades recibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingreso o reintegro se é anterior a esta. Ademais dos casos que se citan no artigo 37, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

- *Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos que se establecen.*
- *Cando a xustificación parcial do gasto non acade o 50 % do importe a xustificar.*
- *Cando a xustificación parcial do gasto supere o 50% do importe a xustificar, reintegrarase a parte proporcional da cantidade deixada de xustificar, sempre e cando existan motivos dabondo que xustifiquen que non executándose a totalidade do proxecto subvencionado, a actividade resultante desenvolvida foi de interese e aproveitamento por parte dos participantes, acadándose resultados satisfactorios. En caso contrario procederá o reintegro da totalidade do importe concedido.*
- *Obtención da subvención sen reunir ou deixando de reunir os requisitos establecidos (falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran).*
- *Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.*
- *Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarias con motivo da concesión da subvención.*
- *Negativa da beneficiaria ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.*
- *Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003.*
- *Incumprimento das obrigas impostas polo Concello ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de eles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou doutros distintos dos anteriores.*

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo órgano competente para a concesión, seguindo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e no 37 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvención de Galicia.

CAPITULO V

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 13.-Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida, e o órgano competente para impoñer sancións será o Alcalde/sa.

De acordo co establecido no art. 63.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se sancionarán as infraccións recollidas nos parágrafos b) e d) do art. 58 cando os infractores reintegraran as cantidades e os correspondentes intereses de demora sen previo requirimento.

Artigo 14.-Resolución e recursos

A Alcaldía ou órgano colexiado / Concelleiro/a en quen delegue esta competencia acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instructor, co ditame previo da Comisión de Valoración, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme o establecido nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, previsto no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, no prazo de dous meses a partir do día seguinte da notificación do acordo. Disposición final e derogatoria

A presente ordenanza entrará en vigor a tenor do establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez que se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do devandito texto legal, supoñendo a derogación de calquera outra anterior, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello de Narón.

Por todo o anteriormente exposto, a funcionaria que suscribe emite a seguinte proposta á alcaldía-presidencia para que eleve á Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE NARÓN, nos términos establecidos na parte dispositiva.*

SEGUNDO: *Someter a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”*

Visto o anteriormente exposto, e o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-; as abstencións de PP -3- e BNG -1-; e o voto en contra do PSdG-PSOE) da Comisión informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 24 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno.

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE NARÓN, nos términos establecidos na parte dispositiva.

SEGUNDO: Someter a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno”.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: neste caso traemos esta modificación desta ordenanza que principalmente é por tres puntos principais. Un, é intentar a linguaxe desta ordenanza adaptalo a unha linguaxe non sexista e por outra parte, dar a posibilidade aínda que agora non tiñamos esa posibilidade, de poder facer algún tipo de axuda, subvención de forma individual, non sempre a través de colectivos e especialmente por unha proposta que hai dende o servizo de Deportes de facer unha liña de subvencións a deportistas de alto rendemento e por outra parte, facer

unha modificación nas porcentaxes de expedientes de xustificación dentro das subvencións concedidas. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: ... hai un acordo plenario e os acordos plenarios o partido socialista entende que teñen que ser cumpridos. Non son meros rogos, teñen que ser.. porque aquí expresamos a vontade popular dos veciños e veciñas de Narón. En tal sentido houbo unha moción presentada, loxicamente votada a favor pola maioría dos componentes deste Pleno, que instaba a que se modificara esta ordenanza a fin de engadir, precisamente axilizar o tema dos pagos ao 50%, incluso para 30 días coas emendas que no seu día engadeu tamén o partido popular a fin de que non acontecese o que estaba acontecendo últimamente coas subvencións neste concello. Que era que moitas veces as asociacións se quedaban sen recursos, os pais e nais tiñan que adiantar moitas veces cartos dos seus petos para que os cativos e cativas puideran facer desprazamentos e puideran ir a súas actividades. Creo que é necesario que se faga e se introduza, por eso este voto en contra simplemente é unha chamada de atención para que se fagan ben as cousas e que se cumplan os acordos plenarios, non constaba nada engadilo, se podería ter feito e o único que se fai máis, e unha vez máis, pois digamos con esta ordenanza que se trae hoxe aquí é simplemente se expresa a vontade que ten o seu goberno, Marián Ferreiro, en cumprir estes acordos plenarios que van sempre en favor dos veciños e veciñas do Concello de Narón.

-Sr.Carballeira López: bueno, teño que confesar que me deu moito que ler este punto porque bueno, despois de escoitar as explicacións na comisión informativa moi parecidas ás de hoxe, onde se explicaba que se facían os cambios sobre todo para usar unha linguaxe non sexista e poder dar estas subvencións a persoas físicas en deportes e bueno, non entendía tanto o cambio e a verdade é que si teño que decir que si que a verdade se está usando unha linguaxe non sexista, moi importante como ferramenta para acadar unha igualdade real, aparte é un dereito para a cidadanía e unha obriga de usar nas administracións.

Teño que decir que tampouco vexo unha cousa aberrante no que había antes, entón o que si vexo é unha modificación sobre todo, para poder sacar as subvencións a persoas físicas, eso si o regulamento non fala de deportes, pero bueno, vexo que é un cambio sobre todo para esto. Nós claro, valorando esto, valorando que usaron unha linguaxe moi sexista, unha linguaxe sexista é moi negativo e está moi ben cámbialo, pero valoramos tamén que temos algún outro problema pendente por resolver, temos un compromiso que o BNG asumimos coas entidades de Narón, de mellorar o sistema actual de subvencións que nos consta que nos está deixando en situacións complicadas. E compromiso que por outro lado, adquiriu este pleno aprobando unha moción que permita polo menos, un adianto do crédito subvencionado no primeiro trimestre do ano, evitando así estas situacións complicadas onde nos contaban os clubs que non poden pagar a tempo as fichas dos deportistas que deixa descubertos en sociedades solventadas por cotas extras e que complica as negociacións coas proveedoras por cartos do concello que non dan chegado.

Para eso pensamos finalmente, que a modificación se trata máis que nada de algo estratéxico, non tanto como a linguaxe e ao final non cubre o principal problema que temos en Narón, coas subvencións. E votáremola en contra e esperando que se siga traballando no tema e se presente outra na liña dos puntos aprobados nos plenos anteriores. Nada máis, o noso voto ao final vai ser en contra.

-Sr.Portela Parga: muchas gracias. Ahora que se plantea una modificación de la ordenanza, hay puntos que se modifican en los que estamos de acuerdo, es el momento para cumplir lo

que se aprobó por mayoría en este pleno hace un año. Una moción del partido socialista en la que se aceptó una enmienda nuestra donde se solicitaba que se modificara la ordenanza municipal y que se incluyera la posibilidad de adelantar el 50% de las subvenciones concedidas. Con justificación de los gastos realizados. Es decir, cumplir con los acuerdos a los que se llega de forma democrática en este pleno.

Por otro lado, sería una buena oportunidad hacer una modificación completa y dar la opción tanto a los convenios nominativos como a las subvenciones, la posibilidad de acceso al anticipo del 50% de la parte asignada, así como generar y reflejar unas bases en la ordenanza que sean públicas y que todos los clubes, entidades y asociaciones conozcan, en las que estén reflejados los baremos con objetivos claros para el acceso a las subvenciones y a las cantidades. Y que no tengamos casos de 20.000 euros, otros casos de 10.000 y que los clubes, entidades y asociaciones se estén preguntando cuál es la diferencia. Si las fichas, los socios o la cantidad de equipos. Para que estas dudas no surgan y podamos hablar de transparencia es la oportunidad y el momento para cambiarlo y que sea un modelo equitativo y no de amiguismos. Mientras tanto, nosotros no estamos de acuerdo.

-Sr.Romero Franco: ben, sorpréndeme a coincidencia de votos dos grupos da oposición. Despois de que non había moito que debatir na comisión, sorpréndeme, pero só por aclarar, o dixemos no seu momento, o tema dos pagos anticipados, loxicamente nos baseamos nunha lei de subvencións onde establece cal é a forma de poder pagar esas subvencións e o método que hai de poder facer adiantos e están estipulados, loxicamente é unha opción que teñen os clubes de presentar esos avales para poder dar eses cartos anticipados. E se non, o dixeran tamén, se sabedes a fórmula que cumplamos, que nos faga cumprir a lei, nós estaremos encantados.

E por outra parte, acerca dos prazos da xustificación, pois neste caso hai un dos artigos que é ben expresamente onde “toda a documentación recollida no apartado 10.1 que é referente á xustificación, presentárase a través da sede electrónica municipal do Concello de Narón dentro do primeiro trimestre do ano natural, é dicir, que como mínimo serán 3 meses para poder xustificar, a non ser que por algún motivo dentro das bases específicas de cada unha das subvencións pois se establezan outro tipo de prazos que loxicamente se está aprobado no pleno pois, intentaremos adaptarnos a eses prazos ou dar ese prazo mínimo que falabades de un mes, no que creo que normalmente si que se está levando a cabo.

Polo tanto, volvo a repetir, estráname esta coincidencia de voto dentro dos partidos da oposición e pensamos que non vai a solucionar nada, nin é un paso adiante dentro do traballo que seguimos facendo. O pensamento é que recapacitedes o voso voto.

-Sr.Ulla Rocha: moitas grazas. O que nos estrana é que habendo un acordo plenario, que se traiga unha ordenanza aquí, digamos sen introducir aqueles cambios que se pediu e que se expresou a vontade popular neste pleno. Eso é o que nos estrana. Nos estrana que sigades ou que pretendades seguir gobernando á espalda da maioría dos acordos que se toman neste pleno. Mira, baseades a vosa oposición, creo que xa me estou anticipando a súa resposta Sra.Ferreiro, en que non se cumpla a legalidade, ese discurso xa me soa rancio, porque é o mesmo alegato que dixo co servizo de madrugadores. De feito o día do pleno, se nos trouxeron dous informes que non se podía facer, creo que para xaneiro vai ser unha realidade. Vai ser unha realidade, eso que legalmente non se podía facer ao final vaise poder facer. Xa llo expresei no seu día Sra.Ferreiro, trátase de vontade. A súa, que por desgraza neste caso agora mesmo para os veciños e veciñas, está ocupando a Sra. Alcaldía. Se houbese outra vontade a que se sentase aí, eso sería unha realidade. Eso serían os problemas de moitos

veciños e veciñas que están a padecer precisamente coas subvencións nos clubs deportivos. Mire, xa que tanto falan da legalidade, a min gustaríame saber se esa Lei de Subvencións, que tanto se fala, galega, tamén traía un prazo para adaptarse á norma, o digo, e fago neste caso referencia ao Padroado da Cultura. Sabe perfectamente do que lle falo, Sra.Ferreiro. Sabe perfectamente que o Padroado da Cultura está vivindo agora mesmo unha situación de ilegalidade.

E sin embargo aí non din nada. E sen embargo aquí como non lles convén, aquí si que o di. Entón llo reitero, non nos veñan con discursos, póñanse a traballar, miren exemplos porque no resto de concellos, en moitísimos concellos incluso, cando se trouxo aquí esta moción lle trouxen un modelo dun convenio da Coruña, se pode facer. Simplemente a súa vontade. Traballen e cumplan os acordos plenarios.

-Sr.Carballeira López: bueno eu só decir que se hai unha coincidencia na opinión da oposición, pois será porque todos acabamos chegando á mesma conclusión, teño que decir que cada un polo seu lado, eh. Como sei na comisión se deu entender unha cousa que era casi todo un tema técnico para adecuar a linguaxe, e despois relendo por se acaso non entendera ben, que xa confeso que moito chollo, pois vexo que eso que todo é un cambio estratéxico e tampouco digo que esteñamos en contra do cambio estratéxico que se quere facer. Agora se imos a facer un cambio estratéxico imos chegar aos acordos que imos a darlle saída aos acordos aos que chegamos aquí.

E a solución para poder dar estas subvencións pois a verdade que non sei, pero tamén podo decir que o BNG estaremos ao lado do goberno para que se poida chegar a un acordo, para que se poida dar esta solución igual que como se falaba antes estivemos para dar saída ao problema dos madrugadores dos coles. E simplemente esto, non un pacto de desgobierno nin nada que se poida deixar aquí entrever.

-Sr.Romero Franco: ben, volvo a decir que poñendo un pouco de historia neste concello si que é certo que neste concello os convenios nominativos que se pagaban por adiantado, e tocume vivir por circunstancias estar en Deportes, onde por parte da Intervención Municipal do concello nos dixeron que ese procedemento non se axustaba á Lei e que tiñamos que cambiar ese procedemento. Foron anos complicados e xurdiron bastantes inconvenientes dentro da organización dos propios clubs. E dende logo que naquel momento como outros compañeiros a posteriori seguro que o fixeron, tocume tamén visitar moitos concellos, incluso a Diputación porque como o presidente da Diputación era tamén alcalde doutro concello, o cal, a única proposta que nos dixo naquel momento era que si había un reparo para poder dar eses cartos que o trouxeramos a pleno, que todos votarades para levantar ese reparo poder poñer ese carto por adiantado, entón podería ser esa a solución. Despois tamén protestaríades porque hai reparos, porque hai un volumen de reparos grande e importante. Pero volvo a repetir, dentro do que se acordou neste Pleno, os prazos creo que veñen regulados, e por outra parte o prazo de dar os cartos por adiantado pois se sabedes a fórmula legal e que este concello loxicamente os órganos que hai de fiscalización o aproben, estaremos encantados de poder facelo.

-Sra.alcaldesa: unha cousa. Isto a maiores do que está decindo Román, está falado neste caso cos clubs e a situación, é dicir, si que se fan pagos por adiantado, é dicir, cando o convenio ou a subvención é menor de 3.000 euros. Cando non é así teñen que facer un aval e manter unha garantía que os clubs non están dispostos a facer que eu o poido entender, porque teñen que facer co seu propio patrimonio .. entón ese é motivo polo que non se fai, non é por

vontade política, non é por non querer, é por cumprir neste caso unha normativa que a vostede lle interesa cando lle interesa e cando non, no, falo de Jorge Ulla, pero nós de verdade que tratamos de dar esa axilidade dentro das nosas posibilidades.

E o que decíamos do prazo de xustificación está claro, se recollen eses 3 meses como ben di aí, e a maiores o que pretendíamos era corrixir esa linguaxe como ben decíamos, adaptalo á norma, á nova situación e presenza dos documentos a nivel neste caso, pode ser electrónica, pretendíamos poder facer esas subvencións a deportistas neste caso, e outras persoas a nivel individual que non se recollía.

Pretendíamos axilizar na medida das posibilidades esa xustificación facendo nun 20% tanto das entidades que se evalúan como das facturas que teñen que presentar, que eso era algo para axilizar e a outra parte, crédeme que non se fai precisamente porque meteríamos neste caso aos clubs co que está falado que non están dispostos a presentar esos avais a nivel persoal. Entón eso non é cuestión de vontade, e de verdade se queredes facer un monográfico específico para ese punto para ver como non se pode con técnicos, una reunión de portavoces se queredes, con técnicos onde nos expliquen onde se pode facer e onde non, encantada de facelo. Porque non é cuestión de vontade política, hai veces que queres facer cousas pero administrativamente non se pode.

E o que se pretendía con isto é sobre todo, nese artigo 29, artigo 10.1/10 dar esa maior seriedade de cara a xustificación que moitas veces se lles complicaba. E entón se queredes, neste caso, votar en contra desto a aras de que noutro momento se modifique e se lle dé cabida a eso que estamos plantexando. É dicir, isto se pode aprobar así e eu emplazovos a facer esa reunión da xunta de portavoces e ver si existe, e cos clubs de acordo, é dicir, se están dispostos a presentar esos avais que se lles pide para que cobren por adiantado. Se eles están dispostos e unha maioría nós o facemos, non temos inconveniente. Pero que sexan eles, as entidades, as que están a favor de que fagamos eso. Porque logo non quero ter que eles, meter a esas persoas a nivel individual nunha situación complicada.

Entón ese é o meu ofrecemento, é dicir, se agora deixades que isto saia para adiante convocamos un monográfico específico desta ordenanza de tratar de darlle cabida ao que contemplades, se todas as partes están de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 En contra

BNG: 3 En contra

PSdeG-PSOE: 2 En contra

QUEDA REXEITADA ESTA PROPOSTA.

9 .º.- PROPOSTA DE RENUNCIA A PARTICIPAR O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE NARÓN COA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL, NA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA COUÑA PARA CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2025..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón ten unha traxectoria de máis de 15 anos con proxectos consolidados e actuacións transversais en todos os servizos municipais.

Para os efectos de manter a achega da Deputación da Coruña para o mantemento do servizo, este Concello vai solicitar a subvención que concede a Deputación da Coruña para a creación,

mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2025 (publicada no BOP do 16-10-2024).

O Concello de Narón forma parte da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol pero vai solicitar a subvención individualmente, polo que tal e como establece o anexo I da convocatoria desta subvención (documentación da solicitude) debe achegar o acordo plenario de que non participa coa Mancomunidade para este servizo. O anexo I establece textualmente que “O concello que forme parte dunha mancomunidade e decida solicitar individualmente ou agrupado a outro/s concello/s deberá achegar o acordo plenario de que non participa coa mancomunidade para esta solicitude de subvención”

Por este motivo e visto o ditame favorable por unanimidade, da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 24-10-2024, a súa presidenta propón ao Pleno, a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a renuncia a formar parte xunto coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol da solicitude para a subvención que achega a Deputación da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística para o ano 2025.

Segundo.- Notificar o acordo adoptado á Deputación Provincial da Coruña e á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.”

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: si, bueno, esto pasa todos os anos e é porque realmente dende Narón se fai un traballo a prol da normalización da lingua propia na que todos e todas cremos dende o BNG, hai que estar orgullosos e mais cos datos últimos que saíron e a preocupación fonda que temos dende o Bloque Nacionalista Galego dun goberno da Xunta de Galicia que é capaz de culpar ás persoas que veñen doutras partes ao noso país decindo que claro, que a migración eso podemos entendelo noutras comunidades pero non nunha parte migrante que ocupa o 6% da nosa poboación e que veñen a facer moito traballo e que coñecen moitas que utilizan a lingua galega e que aprenden e que son un claro exemplo que non demostra a Xunta de Galicia.

E temos que chamar a atención nesto porque a nosa lingua que é o patrimonio inmaterial máis valioso que temos todos e todas, que a lingua que nos deixaron os nosos avós, a moitos e a moitas os nosos pais e as nosas nais, e que a día de hoxe nesa enquisa había valores moi positivos como que o 30% dos pais e nais seguen falándolles en galego aos nosos nenos e nenas, pero dese 38% só o terminan falando menos dun 7%. Algo está pasando no ensino, algo está pasando co xenocidio que se está practicando cara a nosa lingua por parte da Xunta de Galicia e é moi importante estes plans de Normalización Lingüística de inmersión, o proxecto Guizo, no proxecto Apego e que se trate a lingua como debe de ser. Un ben no que nos axuda a todos e a todas a vivir, apreciar a nosa cultura e así apreciar culturas e linguas do resto do mundo e o que está a negar a Xunta de Galicia é moi grave e temos que ser dende os concellos e dende todas as administracións e traballar en positivo cara a nosa lingua para así avanzar.

Entonces creo que é importante dicir e salientar aquí que se renuncia a unhas axudas da Deputación da Coruña non da Xunta, porque a Xunta destina 8.000 euros á lingua galega nos seus orzamentos, menuda vergoña que sexa así e cábeme que hai xente que si que traballaría doutra maneira alí, que intente culpar a quen non é e que entre todos e todas sigamos promovendo a lingua. Nada máis.

-Sra.Lorenzo Tojeiro: engadir ao que acaba de dicir a voceira do BNG que nós só temos proxectos colaborativos, temos un montón de proxectos propios en Narón para conservar o patrimonio. O patrimonio non son só estruturas físicas, é a parte cultural. E respecto aos

migrantes, contra ese argumento tamén temos un proxecto de alfabetización para migrantes, non só en castelá senón tamén en lingua galega. O digo aquí e en todos os lados nos que poida decilo.

Somos o que somos, vimos de onde vimos e non o debemos de esquecer. Dende Narón imos a traballar para que eso siga sendo así.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DO MEDIO AMBIENTE COSMA S.A.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contará cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.

Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.

O artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás regras que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión. Nese mesmo artigo determínase que a representación orgánica do socio privado, corresponde a unha sola persoa física debidamente designada, facultada ou apoderada, de conformidade coa lexislación mercantil, sen que sexa posible ningún outro tipo de representación. Pola súa banda o artigo 11, apartado a) determina como atribucións da Xunta Xeral de accionistas, a designación dos vocais do Consello de Administración, a proposta do Concello e do accionista ou accionistas privados, e o seu apartado p) lle atribúe as demais facultades que a lexislación de sociedades ou os propios estatutos determinen.

Por todo o exposto, esta alcaldía e visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -2- ; e as abstencións de PP -1-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Xunta de Portavoces do 28 de outubro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón nas vindeiras Xunta Xerais de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., nas que se procederá ao exercicio das seguintes atribucións:

1º).- Tomar razón da designación dunha nova persoa física como representante orgánico do socio privado na Xunta Xeral de Accionistas da mercantil.

2º).- Dación de conta de dous cambios de representantes de dous vocais do Consello e renovación dun conselleiro, a proposta do accionista privado. (Servicios Hídricos Agricultura y Ciudad S.L.).

3º).- Elección de auditores.

SEGUNDO.- Autorizar á Sra. alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo.

DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: ben, nós como Bloque Nacionalista Galego soemos votar a favor destas propostas porque ao final é darlle voz á alcaldesa que é quen ten que asinar neste caso. Si que queremos dicir que xa nos empeza.... Bueno, temos falado de Cosma aquí moito, pero nos empeza a preocupar unha situación que haxa sempre cambios de nomes, de tal... non entendemos como está sendo esa xestión, creo que é preocupante porque ao final o servizo da auga está aí e non entendemos porque temos que facer sempre inversións en saneamento dende o concello poñéndonos nós os cartos cando era Cosma un dos acordos que tiña que facer, poñer o saneamento era parte da empresa Cosma, e ao final fanse con investimento de fóra e tantas outras cousas. Que todo o que sae de Cosma non cheira ben e neste caso, ímonos abster e entendemos que hai nomeamentos, que faga esa empresa e desfaga como queira pero que cada vez temos que alertar porque ata o 2027 están aquí e cremos que cada vez temos máis claro que a contratación e o traballo directo do servizo da auga e dende unha administración pública é moito máis funcional e incluso moito máis barato do que nos está saíndo Cosma a todos os naroneses e naronesas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

11 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO DO CONCELLO DE NARÓN PARA O ANO 2025.-

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Lei de Bases de Réxime local, no seu artigo 4.1 reconece aos municipios – na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial- a potestade regulamentaria, isto é a facultade de elaborar e aprobar disposicións xurídicas de carácter xeral que implican a innovación do ordenamento xurídico;

en tanto o Título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aborda a potestade normativa das entidades públicas, recollendo os principios aos que ten que axustarse no seu exercicio a administración titular, e facer así efectivos os dereitos constitucionais nese ámbito, apostando pola mellora da planificación normativa ex ante – a fin de lograr unha superior seguridade xurídica e a predictibilidade do ordenamento xurídico– mediante a divulgación dun plan anual no que se recollerán as propostas regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación o exercicio seguinte.

En cumprimento desa normativa e das previsións establecidas nas directrices sobre a planificación, revisión e procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais neste consistorio, o Pleno municipal de Narón principiaba dende o 2018 a tramitación dos seus Plans normativos para os exercicios seguintes, que incluía as previsións de actualización / ou nova redacción de diversos regulamentos e ordenanzas en varios sectores da actividade pública.

O obxectivo estratéxico destes Plans o constitúe a posta en valor da normativa municipal entendida como un instrumento de participación cidadá, de modernización da propia administración, o seu persoal e os servizos a prestar á veciñanza; e acadar disposicións rigorosas, claras e útiles, sen perder de vista a estrita suxeición e a necesaria coherencia que

debe guiar a potestade normativa municipal, respecto da promulgada polas demais administracións territoriais; en tanto resultarán obxectivos operativos a promoción da adecuación das normas municipais á lexislación vixente baixo o prisma da simplificación, modernización e racionalización das mesmas; e o logro dun superior coñecemento e comprensión desas disposicións normativas que deben guiar a nosa convivencia democrática.

Neste intre procede dar cabal continuidade á tarefa iniciada e someter a aprobación plenaria, o documento comprensivo do Plan normativo para o vindeiro exercicio de 2025, no que se recollerán as propostas regulamentarias que vaian a ser elevadas ou estea previsto elevar, para a súa aprobación, nese período temporal; sendo competente para a súa impulsión a alcaldía municipal.

Polo exposto, e coa pretensión de seguir un proceso estruturado de análise da necesidade ou conveniencia de aprobar novas disposicións ou modificar as normas vixentes, requiríuse aos distintos departamentos municipais e aos seus delegados, a remisión das iniciativas normativas que se estimase preciso acadar no exercicio entrante.

Á vista do anterior e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de PP -1- e PSdG-PSOE -1-; e os votos favorables de TEGA -2- e BNG -1-) da Xunta de Portavoces do 28 de outubro de 2024, a presidente da Xunta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Plan normativo anual do Concello de Narón para o exercicio de 2025, no que se prevé a elaboración e posterior tramitación e aprobación das seguintes normas xurídicas, polas razóns que a continuación se expoñen:

REGULAMENTOS

A.- Departamento de **SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO**

INICIATIVA: MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NARÓN

A normativa actual, cuxa modificación se pretende, foi aprobada inicialmente polo Concello Pleno o día 31 de outubro de 2019 e publicado o seu texto definitivo no BOP do 8 de abril de 2020.

O Concello Pleno, en sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2024, aprobou por unanimidade incluír no Plan Normativo do ano 2025 a modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón.

INICIATIVA: REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

Actualmente, o Concello de Narón non ten regulación específica para o desenvolvemento das distintas convocatorias de actividades de conciliación en períodos de vacacións escolares desenvoltas polo Servizo Sociocomunitario, establecéndose os requisitos nas bases das distintas convocatorias.

Coa finalidade de dotar o acceso a ditas actividades de seguridade xurídica, dando información previa ás familias que precisen de actividades de conciliación, faise necesario regularlas.

B.- Departamento de **ARQUIVO**

INICIATIVA: REGULAMENTO DO ARQUIVO DO CONCELLO DE NARÓN

A heteroxeneidade dos documentos producidos polas Administracións públicas, os cambios derivados da incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación, a aparición de novos modelos de xestión, con sistemas mixtos dixitais e en papel, configuraron un novo escenario que demanda completar o tratamento tradicional dos arquivos cunha regulamentación de maior alcance e perspectiva. A creación dun Regulamento do Arquivo Municipal de Narón faise, pois, necesaria de cara a afrontar os retos que nos plantexa este novo escenario pero tamén para mellorar as condicións de conservación e posta a disposición dos documentos que conservamos en papel.

Así mesmo faise constar a previsión da aprobación da modificación de diversas ordenanzas fiscais e outras normas de contido económico para 2025, excluídas deste Plan.

SEGUNDO.- Ordenar á publicación deste acordo na web municipal de transparencia e proseguir cos trámites contemplados nas directrices aprobadas polo Pleno municipal de data 29 de xullo de 2017.

TERCEIRO.- Autorizar á alcaldía-presidencia para a realización e execución de cantos trámites precisos resulten para a efectividade destes acordos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso como ben sendo habitual máis ou menos nestas datas e dalgunha forma tamén presumindo deste procedemento, deste Plan normativo que normalmente o concello de Narón soe aprobar pois traemos neste caso estas 3 iniciativas que é a modificación do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón; o Regulamento de Actividades de Conciliación e o Regulamento de Arquivo do Concello de Narón.

Como tamén ven sendo habitual e non quero nesta ocasión deixalo pasar, e agradecer a labor do secretario do concello de Narón pola súa labor nese plan Normativo que presentamos todos os anos. Moitas grazas.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

Desde o ano 2019 vimos reclamando unha modificación do Regulamento de Participación Cidadá xa que cremos que non cumpre coa función á que está destinada. É indispensable involucrar aos cidadáns no diagnóstico de necesidades para medir en que estamos a fallar ou o que estamos a facer ben como concello. Teñen dereito a participar nos plans e programas políticos xa que eles son os únicos beneficiarios e o que estamos a ver ata agora, ao primeiro que se exclúe é ao cidadán.

Polo que consideramos que sexa un plan claro, accesible e transparente. Tamén que teña unha transversalidade, e nos que todos os departamentos municipais estean involucrados e acheguen as súas ideas para unha maior eficiencia. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. Ese Regulamento de Participación Cidadá non tivo ningún voto en contra, eh, quero dicir foi aprobado neste Pleno e agora mesmo si que se establece un modelo para evidentemente que fagan as achegas que corresponda; e por eso establecemos tamén neste plan Normativo, precisamente para darlle cabida á cidadanía que opine todo o que teña que dicir.

Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

12 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas na súa sesión extraordinaria celebrada o 09/09/2024 ditaminou favorablemente a Conta Xeral do propio Concello, a do seu Padroado de Cultura e as Contas Anuais da empresa mixta Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, S.A. (COSMA) correspondentes ao exercicio 2023.

O dito expediente estivo exposto ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 176 do 12/09/2024. Durante o prazo de información pública non se presentaron reclamacións contra o dito expediente, segundo consta no correspondente certificado da secretaría do 04/10/2024 (REX18S12T8).

O 14/10/2024 (PRE18I00AD) a Intervención municipal emitiu unha dilixencia na que se pon de manifesto a subsanación da incidencia acaecida con respecto ao apartado 16 da memoria relativo ás provisións e continxencias, que constaba no informe emitido pola Intervención municipal o 14/08/2024 (PRE18I008S) e á incorporación ao expediente da Conta Xeral do Concello de Narón do ano 2023 do documento correspondente da memoria no que se reflicte correctamente o saldo final das provisións a curto de prazo.

Na súa consecuencia, tendo en conta o anterior, e de conformidade co que se dispón no artigo 212.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, esta alcaldía eleva ao pleno o ditame favorable, por maioría, con 5 votos a favor (TEGA) e 6 abstencións (3 PP, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) da sesión extraordinaria da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 09/09/2024 e propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Narón do exercicio 2023 nos termos que constan no expediente e integrada por:

- a. A conta do Concello de Narón.
- b. A conta do Organismo Autónomo Padroado de Cultura.
- c. Como documentación complementaria, únense as contas anuais de COSMA, SA, na que o concello ten unha participación maioritaria do 51 por cento.

SEGUNDO. De conformidade co que se establece nos artigos 212.5 e 223 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nas correspondentes regras da Instrución do modelo normal de contabilidade local (ICAL), e o artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, render a devandita conta xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

DEBATE

-Sr. Ulla Rocha: grazas.

O partido socialista vai votar en contra. Imos votar en contra porque hai unha auditoría que se pediu de Cosma, que a día de hoxe aínda non está feita.

Nas contas xerais aparece as contas de Cosma, non temos coñecemento, esa realidade, que eses cartos que se están pagando aí en Cosma, que sexan os axeitados. Polo tanto, non imos a dar o noso beneplácito a unhas contas das cales temos dúbidas.

Logo está o punto do Padroado da Cultura. O partido socialista presentou unha reclamación no seu día, por coherencia e por lóxica, o partido socialista non vai poder votar a favor nunhas contas que considera que non están axustadas á legalidade. Polo tanto, o partido socialista vota en contra.

-Sr.Carballeira López: bueno, brevemente. Decir que entendemos que é un documento técnico que reflexa o que vimos debatindo durante todo o exercicio comezando polos orzamentos, no. Vemos uns informes moi exhaustivos. É certo que temos casi 300 reparos pero vamos, creo que eso é cuestión máis técnica, quizais si poderíamos destacar ... pero xa digo o debatimos durante todo o ano, os orzamentos cando se preparan e simplemente eso, parabéns aos servicios que crearon este documento.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Sobre a conta xeral, solicitamos na comisión de contas que nos pasádeses os documentos a través dun “pendrive” porque sería moito máis cómodo que ir aos despachos e ir alí co papeleo, todavía estamos á espera. Nos sorprende esa falta de transparencia.....

Creo que por facilitar o traballo, creo que é moito máis fácil como se fixo outros anos, que nos pasarades un pendrive con toda a información, no. Sabemos que temos a posibilidade de ir a velo e de feito estivemos vendo determinadas cousas, pero creo que para todos os grupos e que despois do que se quedou na comisión esperabamos que nola pasaran porque así nos dixeron, mais a secretaria que estaba en funcións ese día, quedou de que si, que era posible facelo. Eso o recollimos todos nesa comisión, creo que o escoitamos todos.

E analizando un pouco a conta xeral correspondente ao ano 2023 consideramos que hai unha cantidade importante de deficiencias e anomalías.

Algo que a presidenta debería de ter moi en conta. Creo que vimos ano tras ano recordándolle e recalculándolle esto. Xa o compañeiro falou de 300 informes de reparo, creo que cada ano vai crescendo, debería de ser todo o contrario despois do que lle estamos decindo dende a oposición, e que entendemos que se deberían de tomar cartas nese asunto e polo tanto, a nós preocúpanos o que está pasando.

É dicir, que o equipo de goberno non sexa capaz de resolver esto dos problemas que estamos falando todos os anos.

E despois eses reparos, hai unha cantidade importante de reparos suspensivos e despois hai outra... os reparos suspensivos na cantidade de facturas que teñen reparos suspensivos.

Algunhas delas, analizando, a pesar de que non tivemos esa facilidade que nos gustaría ter por parte do goberno, algunhas delas, ás veces é por falta de traballo creo, que dos concelleiros neste caso. Por non preocuparse e por non habilitar que esas facturas cheguen antes ao seu destino. Neste caso, que entren por Rexistro no concello. E eso é algo que deberíamos de ter en conta, vostede se sonríe Sra.concalleira, pero a realidade é que está pasando eso e temos 300 reparos. Que me parece unha esaxeración.

E despois revisando nas facturas e nos cargos, a verdade é que non atopei nin din localizado, ao mellor é que non din localizado, o ...pago do peche de campaña de TEGA no Padroado de Cultura. Non o atopei.....

Sra.alcaldesa: ... como? Non se preocupe que eu llo fago chegar. E o movemento da conta bancaria. De verdade eh.

-Continúa o Sr.Castrillón Permuy: ... non o din localizado así como o do pavillón do Campo da Serra. Gustaríame tamén que mos pasara porque non os din localizado (*ao que lle resposta*

a Sra.alcaldesa que sin problema) e para rematar tendo en conta as circunstancias que estamos a vivir en España, temos que ser suaves, no.....lle pido un ano máis, Sra.alcaldesa,llo pido un ano máis Sra.alcaldesa, que se preocupe desa cantidade de reparos. E que se den conta que están xestionando fondos públicos. Polo tanto, cada euro que utilizamos ten que ser cunha xestión impecable. E polo tanto, llo recomendo, de verdade, de verdade.

Nós imonos abster porque sabemos que este documento é importante, se ten que aprobar e que senón o concello podería verse nunha cuestión complicada no tema de subvencións e axudas que poden vir doutras administracións e polo tanto, imos ser responsables un ano máis. Ímonos abster pero considero que desto teñen que tomar medidas e que dende o goberno teñen que.... Non que pase o día, aprobar as contas e olvidarse ata que veñan o ano que ven. Xa imos retrasados este ano porque saben vostedes que as tiñan que ter presentadas antes do 15 de outubro e por circunstancias “x”, que non vou entrar nesas circunstancias, pois non están aprobadas. Polo tanto, recoméndolles que é un tema que é preocupante, que é preocupante o que está pasando. E nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: é increíble... bueno imos ser suaves como dixox, porque é un día complicado, é increíble as cousas que se chegan a decir neste Pleno. Este simplemente é un documento técnico que reflexa o que neste caso se fixo. Que loxicamente está todo fiscalizado e comprobado por habilitados deste concello que nos dan o beneplácito de que todo o que facemos dalgunha forma cumpre a legalidade, e aínda así este documento precisamente é un documento que se aproba para poder enviar ao Tribunal de Contas e que sexan eles que si hai algo que estivera fóra de lugar, pois que eles poidan revisar e poidan decirnos “oie” tede cuidado con esto e con esto. E que se plantexe aquí ou nalgún caso o grupo da oposición que vote en contra deste documento que simplemente é unha fiel realidade do que se fixo neste ano neste concello. É asombroso e do cal si por certo, nos sentimos moi orgullosos, por suposto.

E nada máis. Cerca dos reparos se falou xa moitas veces cales son os motivos dos reparos e os criterios que se poñen esa cantidade de reparos, pero bueno, non é o tema, volvo a repetir, e simplemente este é un documento que temos que aprobar e tamén por outra banda, me estrana tamén un voto en contra cando este documento ten uns prazos moi especiais, por eso tamén do retraso que nos coincidía o período vacacional, que tedes 15 días previos á comisión e 15 días mínimo previos, dende a comisión ao Pleno. E que non houbera ningún tipo de alegación e nada a este documento, pero que se chegue aquí ao Pleno e que se vote en contra....Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: Sr.Román, aínda que me debería dirixir á presidenta pero voume dirixir a vostede. Está moi ben, pero vostede estaba nesa comisión de contas onde se quedou en pasarnos esa información. E moito falar e pouco facer. Pois en vez de falar tanto faga máis. Que é da súa competencia. Nada máis. Grazas.

-Sra.alcaldesa: a ver, sinceramente non sei xa nin por onde empezar. É dicir, se aprobe ou non se aprobe esta conta xeral a Sra.interventora ten que remitila, é dicir, aprobemola ou non. Os prazos como ben decía, a súa disposición todos eses días antes e despois. E faime moitísima gracia o tema dos reparos, é dicir, que reparos son bos? Os que vostedes fan e teñamos que levantar ou os facemos nós.

Tema de madrugadores que non o saquei eu, vai ir cun reparo, que facemos? Levantamos, non o levantamos, é dicir, o que decía Geno, esto é traballar , decidir gobernar un concello ten esas cousas, e como comprenderá eh, non lle vou a pedir a ningún dos meus concelleiros ou

concelleiras que anden detrás das empresas para que presenten as facturas porque créanme que en ocasións, si que o temos feito e temos chamado e tal, pero sinceramente, si unha empresa fai o seu traballo e sabe con seus prazos non é neste caso, culpa do concelleiro/a, alcadesa ou alcalde de turno que non presenten as facturas en tempo e forma. De verdade que non eh. Estamos falando, vostede fala dun concello donde cogobernaba, dun concello que é como o barrio da Solaina. Entón ao igual que si que podería ter esa posibilidade de falar directamente. Cando dimensionamos directamente un concello de 40.000 habitantes créame que se nos excede un pouco dese trato de estar chamando neste caso ás empresas, de verdade. Entón sinceramente, é dicir, hai reparos e é o que decía, esa documentación vai para que se analice polo Tribunal de Contas, se ten algo que dicir, que o digan.

E cando falan de Cosma se está auditada, Cosma ten unha auditoría anual financeira, unha auditoría operativa do ano 2024, auditorías internas de calidade e medio ambiente e prevención. Quero dicir, estamos falando dunha empresa que non é algo que estea aí abandonado da man de Dios, senón que está con todas esas auditorías. Que vostede pide algo a maiores, benvida sexa. Pero de verdade, auditoría anual financeira. Non estamos mirando para outro lado, non estamos non facendo nada. E que de verdade.....

E logo ter que escoitar tema de reparos, uns valen e outros no. As veces para facer determinadas cousas e puxen un exemplo claro, unha persoa neste caso que estaba nunha situación de hospital que unha persoa non podía vir, firmou alguén por ela, eu levantei ese reparo e o faría mañá mesmo, outra vez. Eso é unha mala xestión? Veñan a gobernar e logo sabrán o que é. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 Abstencións

PSdeG-PSOE: 2 En contra

13 º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA. -Lida polo secretario xeral a Declaración Institucional que di así: **Exposición de motivos:**

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023

(Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer, o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

Por todo isto, a Corporación municipal do Concello de Narón **ACORDA** mediante esta declaración institucional o seguinte:

1. Manter o compromiso do Concello de Narón de seguir colaborando coas entidades da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.
2. Instar á mellora da coordinación continua entre os diversos axentes sociais implicados na violencia contra as mulleres, debendo mellorar a resposta institucional a todos os niveis para evitar o risco de vitimización secundaria e mellorar a confianza das vítimas nos sistemas de protección. Neste senso, cabe destacar que os concellos somos case sempre o primeiro recurso, e en ocasións, o único do que dispoñen as mulleres na procura de denuncia e reparación pola violencia que sofren.
3. Instar ás administracións con competencia en materia de comunicación dixital a incrementar a vixilancia nas publicacións en redes sociais evitando os contidos que non se axustan a patróns de relacións en igualdade entre homes e mulleres, establecendo un maior control destas tecnoloxías especialmente no que respecta os/as menores.
4. Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2024, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

5. Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2025 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.
6. Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2024/2025 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.
7. Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:
 - 7.1. O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.
 - 7.2. A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
 - 7.3. Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.
8. Iniciar os traballos da creación dun CIM na nosa cidade.
9. Instar á Xunta de Galiza por mediación da Consellería de Política Social e de Igualdade, a seguir avanzando na posta en marcha dos centros de crise 24 horas, reforzar e potenciar as casas de acollida, reforzar a atención psicolóxica, xurídica e social, traballar para ampliar

a coordinación con todos os organismos e con todos os corpos e forzas de seguridade do Estado.

10. Instar ao Ministerio de Xustiza á creacións dos xulgados de Violencia de Xénero nas cidades de Santiago, Pontevedra, Ourense, Lugo e Ferrol. Galiza conta na actualidade con dous xulgados na Coruña e Vigo, sendo claramente insuficientes para levar acabo o traballo coa sensibilidade e rapidez que as vítimas necesitan para poder resolver coa maior prontitude os posíbeis casos.

O Concello Pleno, por unanimidade aprobou esta Declaración Institucional.

INCIDENCIA: Sae a Sra.interventora ás 10:30 horas.

14 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE NARÓN PARA ACONDICIONAR A PRAZA DE TRANVÍAS, REALIZANDO UN INFORME SOBRE O ESTADO DA PRAZA E AS SÚAS SOLUCIÓNS PARA IDENTIFICAR AS FONTES DE FILTRACIÓN E OS CHARCOS. INCLUÍR UN ESTUDO DO CHAN E AVALIACIÓN DA DRENAXE EXISTENTE..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: “O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

ACONDICIONAR A PRAZA DE TRANVÍAS, REALIZANDO UN INFORME SOBRE O ESTADO DA PRAZA E AS SÚAS SOLUCIÓNS PARA IDENTIFICAR AS FONTES DE FILTRACIÓN E OS CHARCOS. INCLUÍR UN ESTUDO DO CHAN E AVALIACIÓN DA DRENAXE EXISTENTE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A praza Tranvías é un deses espazos que o goberno de Narón, ten abandonado desde fai xa bastante tempo, non quere oír falar diso e moito menos buscar unha solución para liquidar os problemas que ocasiona na propia praza para o seu uso diario por parte das veciñas e veciños, nada máis chove créanse unha cantidade de charcos importantes ademais de poñerse o chan perigoso pola súa falta de adherencia.

A problemática da superficie trasládase aos propietarios das distintas zonas privadas, claramente hai un deixamento por parte do concello á hora de afrontar a situación que está a provocar a falta de mantemento e reparación das anomalías que ten dita praza na superficie, farois rotos e rodando pola praza, bancos sen a plataforma de sentar, desaugadoiros atrancados, escaleiras de acceso desde a rúa Baiona, nun estado lamentable sen mantemento con sucidade provocado polas augas que se acumulan na plataforma da praza.

Isto está a provocar unha serie de danos nas plantas que están por baixo da praza, sotos de garaxes e mesmo nalgún baixo comercial. A situación na que se atopan os garaxes cando chove é inhumana e insoportable para os distintos usuarios das prazas.

Vistos os resultados das mínimas reparacións efectuadas polo concello de Narón cuns resultados máis que infrutuosos que non fixeron máis que agravar a situación, esiximos ao grupo de goberno que dunha vez por todas fagan as intervencións necesarias para liquidar a problemática que ten a praza tanto en superficie como nos subsolos ocasionado polas filtracións provenientes da plataforma exterior.

Á vista das razóns expostas, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e de responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1- Instar o goberno de Narón a realizar unha análise exhaustiva da praza de Tranvías para identificar as fontes das filtracións e os charcos que se forman na devandita plataforma para liquidar a problemática das filtracións e a deterioración do conxunto do mobiliario da devandita praza.
- 2- Instar o goberno de Narón a propoñer unha mediación entre as distintas comunidades de veciños da praza e o propio Concello.
- 3- Reparación integral a quen corresponda da praza, que garanta a estanquidade da mesma.

E visto o ditame favorable por maioría, con 4 votos a favor (3 PP, 1 PSdeG-PSOE) e 7 abstencións (5 TEGA, 2 BNG) da Comisión de Obras, urbanismo e servizos do 21 de outubro de 2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

EMENDA BNG

Desde o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda á moción do PP **na que fala de ACONDICIONAR A PRAZA TRANVÍAS**
A nosa emenda pasaría por:

1. **Engadir no punto número 3 a frase “a quen corresponda”**, despois de “Reparación integral”, polo que o punto quedaría do seguinte xeito:

“Reparación integral **a quen corresponda** da praza, que garanta a estanquidade da mesma”.

DEBATE

-Sr.Iglesias Blanco: gracias Sra.alcaldesa. Buenos días.

La céntrica plaza de Tranvías a escasa distancia de este lugar, también conocida por cocheras por ser un sitio de referencia centenario para Narón, es un lugar que vemos está abandonado por este concello desde hace muchos años.

Este concello no quiere ni oír hablar de ella, no sabemos el motivo por el cual no quiere acometer una obra que permita a los vecinos y vecinas poder entrar y salir de sus viviendas, sin tener que pasar a través de los innumerables charcos que se forman cuando llueve.

Y el mismo problema tienen los locales comerciales, con el consiguiente peligro de resbalar y de caer de las personas al pasar, debido a eso vemos personas muy mayores con dificultad para pasear por esa plaza y sabemos también que los niños no pueden salir a jugar a la plaza por el peligro que representa estar en ella.

Observamos por parte del concello una falta de interés en solventar el problema, también vemos el mobiliario urbano en un estado de abandono muy grave con farolas rotas y tiradas en la plaza, otras sujetas con escuadras de metal como si de una estantería se tratase, bancos sin su plataforma de madera y llenos de zarzas, desagües atascados y hundidos. Entrando y saliendo vehículos indiscriminadamente en la misma cuando sabemos que hay una limitación de peso en la plaza.

Las escaleras de acceso desde la rúa Bayona con un gran peligro llenas de limo por falta de mantenimiento provocando peligro para los transeúntes muy serio.

Y todo esto conlleva a provocar una serie de perjuicios a todos los vecinos y los comerciantes pues esa falta de mantenimiento tiene unas consecuencias tales como las inundaciones en los garajes (parte privada) ya que al estar los desagües atascados todos sabemos que el agua siempre busca una salida.

En fin no estamos hablando de humedades y goteras, estamos hablando de un torrente de agua en los garajes y problemas en algún bajo comercial.

Vemos que el concello realizó unas pequeñas reparaciones con el resultado de que si antes llovía en los garajes y había problemas en los bajos comerciales ahora se ha agravado, por eso pedimos que de una vez por todas se acometan las reparaciones necesarias para solucionar también las problemáticas ocasionadas por dichas filtraciones.

Por tanto solicitamos que se aprueben los acuerdos que solicitamos en esta moción.

-Sr.Ulla Rocha: nós imos apoiar esta moción, no sentido que vemos coherente o que está pedindo, vemos que entra dentro da cabida das funcións que ten que facer un concello para solientar neste caso, a problemática que teñen os veciños. Neste caso a Xunta do Goberno, a que fagan un estudio e unha análise das deficiencias que están a padecer os veciños. Paréceme lóxico. Hai unha problemática que están tendo dende hai moito tempo e o lóxico é saber de quen é responsabilidade deses deterioros que está a sufrir esa praza. Instar ao goberno a propoñer unha mediación entre os distintos afectados, administracións ou particulares paréceme lóxico, incluso a reparación por quen proceda. Totalmente de acordo, eu a verdade lle vexo todo o sentido. E incluso agradecer incluso ao partido popular por haber presentado esta moción, que Tega sendo coñecedor neste caso desta problemática dende hai tanto tempo pois fai o que fai sempre, que é mirar para outro lado.

Esta proposta realmente tiña que saír de vostedes, de Terra galega que sodes os que estades gobernando. Hai unha problemática aí, téñenna que levar ao pleno ou polo menos, poñer as solucións. Estes informes que está pedindo xa deberían estar nos Servizos Técnicos Municipais. Xa deberían de ter sido aportados xunto con esta emenda. Por desgraza non é así, polo tanto aprobaríamos esta moción.

-Sra.Ledo Díaz: ben, cóstanos que informes técnicos hai ao respecto e que dende a asociación veciñal ou nalgúnhas ocasións durante estes anos, se pediu para facer algunha cousa e o propio concello dixo que no pola situación dunha praza privada de uso público. Neso nós queremos ser serias porque hai un problema moi grande que están a padecer os veciños e veciñas e por eso nos parecía importante que no punto 3 se falase de “a quen corresponda” porque facer mocións que logo se aproben e non valgan para nada, é algo que dende o bloque nacionalista galego tamén nos preocupa. E creo que aquí a contratista e o concello que fai a reparación de desperfecto, pois como aparece no documento de cesión pois que teñen que falar, igual que nese documento de cesión falase perfectamente que o subsolo corresponde, non aos veciños e veciñas senón á contratista. Entón a contratista ou a que derive de aí non, e é importante aclarar as cousas e o que se acorde aquí valga para algo. E por eso fixemos esa emenda e agradecemos que a aceptasen e nada máis.

-Sr.Romero Franco: ben, agradecemos que algún partido da oposición tamén poña información para que non se dubide sempre do grupo de goberno e como acaba de manifestar moi ben a voceira do bng informes existen, claro que existen, tanto é así que poñemos a vista noutro lado, que dende o ano 2017 se levan facendo informes trasladando tanto a propietarios,

as asociación de propietarios da vivenda da situación na que está e cal era a problemática real que era un problema de execución desa obra e non dun problema de mantemento.

A maiores, que dentro da acta de cesión, que se fai desa praza que é privada de uso público ven especificado claramente cal é a función que temos que facer nós como concello, que é mantemento, reparación, limpeza, posibles desperfectos da praza derivados do uso público e correrá a cargo do concello, única e exclusivamente.

A pesar deso e dada a situación de non facer absolutamente nada as comunidades de propietarios e Viacor pois neste caso, no 2022 se fixo esa pequena actuación dentro da praza que entendíamos que era necesaria e incluso perigosa para o viandante.

Pero a realidade é a que é, entón despois de varias reunións tamén a través dos concelleiros que lle correspondería coas comunidades de propietarios e con Viacor en varias ocasións, pois se lles deu traslado desa situación para que fixeran o que entendemos que eles teñen que facer e seguimos sen ese traballo polo súa parte.

E volvemos a repetir, refírome que a min gustaríame que se un día no meu garaxe houbera unha inundación, pois viñera o concello e a amañara pero é algo privado e o teño que facer eu coa comunidade de propietarios. Así que nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Iglesias Blanco: Sr.Román, le voy a leer algo que ustedes bien saben a quien me refiero, le han comunicado a los vecinos con fecha septiembre del 22, le dijeron lo siguiente: “ el concello de Narón realizará una actuación integral de la plaza consistente en: reparación de la junta de dilataciones existente, realización de nuevas juntas de dilatación donde fuera necesario, sustitución de sumideros, sustitución de elementos metálicos (rejillas) por otros más adecuados, sustitución de plaquetas rotas, sustitución y refuerzo de elementos de alumbrado dañados, mejora del sistema de acceso a la plaza para evitar que accedan vehículos no autorizados.

Y le comunicaron a los vecinos que las obras se iniciarían lo antes posible. Y les dijeron que ya tenían el material necesario para la sustitución de dichos elementos. Ustedes eso se lo han prometido a los vecinos. Pero no lo han hecho. Y digo yo, es un decir, faltaban 6 meses para las elecciones municipales, será por eso?

Mire, esto es la parte política. Pero ahora pasamos a la parte documental, que usted también nombró, cuando vamos a leer algo de los documentos de cesión, documentos notariales. Vamos a leer el acta de cesión del 8/2/2012 al concello de Narón de un terreno destinado a plaza pública ubicada en la antigua parcela de cocheras, con el acta de fin de obra; acta de fin de obra aprobada, firmada ante notario de Narón. Dicha acta, la firman por un lado el alcalde de Narón, en aquel entonces José M.Blanco y un representante de la empresa Vyacor inmobiliaria. Y dicen lo siguiente: “acompañan así mismo escritura de acta de fin de obra” dicen delante del notario.

Es un poco largo y quiero resumir un poco lo que trae por aquí. Dice que “Viacor cede libre de cargas al concello de Narón la finca descrita.” Y después dice “ o mantemento, limpeza ou posibles desperfectos da praza derivadas de uso público correrá a cargo do concello de Narón”.

Creo que de uso público es la parte superior. Porque los viandantes no van a pasar por los garajes. Esa parte superior es la que está destrozada. Y es a la que nos estamos refiriendo con los sumideros atascados, con todo lo que hemos hablado. Y es lo que le estamos pidiendo que es lo que tienen que arreglar.

Mire, ustedes al admitir, la cesión de la plaza, son los responsables directos de la plaza. Pueden votar negativamente o abstenerse. Casi es lo mismo, pero tengan en cuenta unha cosa,

que una cosa es enganar a los vecinos, una vez, 6 meses antes de las elecciones, y contarles todas esas milongas, y otra cosa tratar de volver a enganarlos por segunda vez.

Y también les digo unha cosa, ustedes serían responsables de lo que está sucediendo y de lo que pueda suceder en el futuro en esa plaza puesto que el firme no está capacitado más que para un peso de 1000kg/m² y allí está entrando todo tipo de vehículos incluso vehículos rotulados con el anagrama de esta bendita casa.

-Sr.Romero Franco: ben, si que é certo que non se pode enganar aos veciños. A finais do 2022 ante a inacción de Viacor e as comunidades de propietarios, e dado o perigo manifesto que estaba supoñendo o estado da praza para o tránsito peonil, tómase a decisión de actuar sobre a superficie da praza repoñendo o pavimento levantado, creando e repoñendo xuntas de dilatación elastoméricas onde fose necesario para evitar os erros de execución inicial e de reposición das tapas de sumidoiros. Estes traballos en ningún caso afectaron a elementos estruturais sendo rematados os traballos na primavera do 2023. Ou sexa, que prometemos e non cumplimos, creo que os traballos están feitos e rematados na primavera do 2023. Así que volvo a decir o mesmo: refírome, o que sexa de utilización, mantemento, pequenas reparacións e limpeza, por suposto que o concello asume esa responsabilidade e máis alá de problemas estruturais da praza e goteiras que podan xurdir dos garaxes é responsabilidade de quen é responsabilidade.

-Sr.Iglesias Blanco: entonces me va a decir usted a mi, ¿cuál es el responsable de la plaza de Galicia, que esté llena de charcos, que los desagües no funcionan, quienes son los reponsables? ¿Los vecinos?

¿Quién es el responsable de que las farolas estén arrancadas, tiradas por el suelo, arrastradas por allí con los cables al aire, los vecinos? ¿Quién es el responsable de que llueva torrencialmente en las plazas de garaje porque los desagües están atascados por falta de mantenimiento y el agua tiene que buscar una salida, los vecinos?

¿Quién es el responsable de que los niños no puedan jugar con riesgo de caerse y resbalar en la plaza de tranvías, los vecinos? Y si afecta el agua a los comerciantes, ¿también son los vecinos los culpables? O acaso los charcos que se forman por no haber el desagüe van a tener que salir los vecinos a secarlos?

Nos gustaría que nos explicase, que tanto por ciento de parte pública tiene el concello en la plaza de Tranvías. Si es el 51% como en Cosma, o el 0% como así parece.

Le voy a poner un ejemplo muy sencillo: si el vecino de arriba se le atasca el desagüe y me tira agua, ¿ es culpa mía? ¿lo tengo que arreglar yo o lo tendrá que arreglar el vecino? Señores, de terra galega, ¿ acaso los vecinos pagan el paso de carruajes?

En una plaza que tenga paso de carruajes con un aparcamiento para los vecinos, me están diciendo que los vecinos son responsables de que estén los sumideros atascados, los asientos destrozados saliendo zarzas por todos los lados, que haya verdín por las escaleras, que no puedes bajar por esas escalera porque te puedes caer. Filtraciones hacia la parte interior. ¿Acaso los vecinos son los responsables de la limpieza y del mantenimiento de la plaza? Tengo aquí fotografías de ver cosas y a la semana las mismas cosas. Cacas de perros y a la semana las mismas cosas. ¿Son responsables los vecinos? Acaso tienen que ir con una escoba y un recogedor a recogerlo también? ¿Por qué no se molestan y le preguntan a los vecinos que por cierto, han metido innumerables quejas por Registro? Por tanto, sean responsables, pido su voto positivo para que podamos solucionar este problema cuanto antes por el bien de los vecinos.

-Sra.alcaldesa: a verdade é que a veces é para..... vostede leu unha parte da cesión e se me permite eu leo a outra: “*o cedente ou quen delegamente substitúa é responsable do bo estado do subsolo que en ningún caso é obxecto de cesión algunha. Calquera desperfecto que se orixine nas plantas de titularidade privada sitas por debaixo da rasante da praza teña a procedencia que teña, a súa reparación correrá a cargo do cedente ou quen legalmente o substitúa*”. Nada máis, é dicir, o que vostede leu, si, si, sei perfectamente o que significa, non sei é dicir, claramente, entón, comunicamos e non comunicamos. Mire, vostede tamén leu un informe, informe de novembro de 2017, informe técnico de Servicios Técnicos Municipais que foron a analizar a praza e lle traslada nese caso á comunidade de propietarios ou asesoría di o seguinte: “cabe significar que unha vez realizada a visita á mencionada praza, se detectan danos do pavimento da mesma que non son achacables a uso público, senón que son imputables íntegramente a un defecto constructivo derivado da dilatación do pavimento cerámico a que non é absorbida polas xuntas de dilatación existentes e se produce un desprendemento so soporte do dito pavimento”.

Non o di Marián Ferreiro, o di o técnico municipal, neste caso que foron a analizar esa situación. Vostede dirá que non, é dicir, eu estou lendo textualmente un documento, un informe asinado por unha persoa técnico municipal. Un, en novembro de 2017, outro en xuño de 2017. Se lle traslada á comunidade de propietarios e se lle traslada ao responsable. Dito esto e vostede fala de cousas evidentemente, temos que limpar esas escaleiras, están limpas, é dicir, esas como o resto de calquera plaza e a verdade é que nos gustaría ter máis celeridade, é dicir, eu probablemente na miña casa o limpo todos os días; a nivel dun concello non se pode estar limpando todos os días o verdín que sae en todas as prazas de Narón, estamos falando praza de Xuvia, praza de irmáns Freire, praza de Alvaro Paradela, é dicir, hai que facer un mantemento de todas as prazas evidentemente, desta tamén, cousas que vostede di, bancos sen tapas, son maceteros, quero dicir, bancos sen tapas son maceteros, é dicir, non é que estén mal, é que non teñen tapa, porque son unhas macetas, é dicir, non a van ter nunca. Porque así o puxeron e non o puxo neste caso o concello de Narón.

A verdade, que facemos aquí? E dicir, agora mesmo sabemos que é unha praza claramente na que non podemos actuar porque temos 2 informes técnicos que din que son fallos estruturais, aínda así fixemos unha reparación e esa mediación se fixo no despacho neste caso, do concelleiro de servicios naquel momento Ibán Santalla, con responsables da empresa, responsables de peritos, responsables das comunidades de propietarios, da comunidade de veciños e se lles dixo claramente o que se ía facer e se fixo. Aínda así cousas que evidentemente non correspondían e se fixeron. Nós non imos a actuar sobre esa praza porque non podemos, sería ilegal. Pretenden que fagamos algo que é claramente que non podemos facer e que estos Servicios Técnicos xa con estes 2 informes que lle fago chegar, se quere copia llo trasladaron no seu momento, entón con todo isto, a verdade que tratar de, non sei como din... porque supoño que faláron cos veciños e dixeron “si, lo vamos a aprobar todos en la oposición y lo vamos a hacer”. Non se pode facer. Porque aquí claramente o di. Entón de verdade, que hai cousas que igual, que hai unhas cagadas, que non sei se esas cagadas de cans se son as mesmas, ou realmente son diferentes porque non se lles fixo o ADN, se fai ese mantemento como no resto do concello de Narón. Limpanse as vías, limpanse as prazas, etc. Dito isto, pasamos a votar. De todas maneiras só lle digo, todo isto que dixen, non o inventei, eh. Está asinada unha cesión que vostede leu a parte que lle interesou e eu lín a outra parte. Estes documentos, eu fágollos chegar. Os informes, neste caso, do xefe de servicios externos que analizaron a praza e din cal é o estado. Xa están feitos. É dicir, non é que non o queramos facer, é dicir, non é que non queiramos ver de onde procede, xa se fixo entón por eso non o imos volver a facer porque xa o sabemos. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TEGA PARA QUE A XUNTA DE GALICIA INCORPORE NOS ORZAMENTOS DO ANO 2025 INVESTIMENTOS PARA O CONCELLO DE NARÓN. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“O Grupo Municipal de Terra Galega do Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da próxima elaboración dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025 e tendo en consideración que as demandas trasladadas dende este Concello a esa administración, en numerosas ocasións e por diferentes vías, non foron atendidas ata o momento, cómpre expoñer e reclamar de novo todas aquelas propostas que a Xunta de Galicia non contemplou en ningún dos orzamentos dos últimos anos e de cara a que a administración autonómica cumpra coa veciñanza de Narón, oitavo concello de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega propón ao Concello Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1 - Instar á Xunta de Galicia a incluír no Proxecto de Orzamentos para o ano 2025 os seguintes investimentos no Concello de Narón:

- Plan de investimentos para a ampliación da rede de saneamento e abastecemento no rural.
- Liña de investimentos para a construción de vivenda de promoción pública.
- Execución dun aparcadoiro disuasorio na rontonda de Freixeiro que conecta a FE-12, A-9 e rúa Santa Tecla.
- Un centro integral de atención ás persoas maiores.
- Un plan de investimentos en melloras nos centros de ensino públicos de Narón, que inclúa o servizo de comedor e de madrugadores.
- Habilitación dun Centro Integrado de Formación Profesional no que se impartan as familias profesionais que non se están a ofertar noutros centros da bisbarra, e que facilitarían a inserción laboral da nosa mocidade nas empresas dos nosos polígonos industriais.
- Renovación das beirarrúas da Estrada de Cedeira (AC-566) dando solución aos problemas de accesibilidade en diversos puntos do primeiro quilómetro desta vía por ambas marxes.
- Un plan de investimentos para o mantemento e reparación das vías públicas de titularidade autonómica que discorren polo noso concello.
- A xestión das escolas infantís do Concello por parte da Xunta de Galicia, tendo en conta que este tipo de educación é competencia exclusiva do goberno galego.
- Implantación dos servizos de psicoloxía no Centro de Saúde de Narón e ampliación do servizo de radioloxía ao horario de tarde e ao Punto de Atención Continuada (PAC).

- Servizo de ambulancias 24 horas e outra UVI móbil que dea servizo á Área Sanitaria.
- Módulo cuberto para a práctica do atletismo no Estadio Municipal de Río Seco.
- Plan de limpeza dos ríos que transcorren polo Concello de Narón.
- Financiamento para as obras de acondicionamento do colector xeral do Río Freixeiro
- Implantación dunha liña transporte urbano que comunique os barrios de A Gándara e A Solaina co Concello, Centro de Saúde e os IES As Telleiras e Terra de Trasancos.

2- Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentares do Parlamento Galego”.

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1- ; e as 3 abstencións de PP) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 24-10-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, non dubido de que esta moción se vai aprobar por unanimidade. Non o dubido nin o máis mínimo porque me supoño que todos os partidos defenderán coa mesma vehemencia que nós como concello e como grupo de goberno fagamos incluso cousas que están dentro da nosa competencia, entón entendo que estas solicitudes que son máis que xustas e que son importantes para a cidadanía do concello de Narón e que son única e exclusivamente competencia da Xunta de Galicia, pois entendo que o voto será favorable por parte de todos os grupos de goberno.

Un ano máis sin deixar todo o ano de facer a labor de trasladarlle á Xunta todas as necesidades que este concello ten as súas responsabilidades e poñemos de manifesto esta serie de actuacións que entendemos que son moi importantes para a cidadanía de Narón e que unicamente son competencia da Xunta de Galicia. E que esperemos que non pase como está a acontecer nos últimos anos, que dentro dos presupostos da Xunta de Galicia para Narón sexa un cero; entón esperemos que para esta vez que se fala de traballo e que temos que traballar, pois entendo que tamén como algún en particular desta Corporación tamén ten unha responsabilidade, ten un traballo, ten que facer algo, que tamén traslade estas necesidades ao seu partido que é o que goberna na Xunta de Galicia e a ver se desta vez fan un pouquiño de caso e invisten algo no noso concello. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas.

Bueno, comparto as verbas que expresou o concelleiro de Terra Galega pero me gustaría agradecer neste caso primeiramente a Mar polas súas declaracións que fixo o outro día na prensa porque foi a única representante deste concello que criticou precisamente a labor da Xunta. Mire, xa que se ríe podía facer unha delegación de funcións a Mar, xa que nos defende, porque nos defende máis a concelleira de Transportes e Festas que a alcaldesa.

Mire, sabemos perfectamente o que acontece en Narón coa Xunta. Ano tras ano cero euros. Monte unha rolda de prensa. Faga algo. Defenda aos veciños e veciñas de Narón. Eu penso que, igual é unha impresión miña, é que vostedes xogan a esa ambigüidade de somos un partido localista, non temos ideoloxía, somos de centro, sí, xogamos a eso de que temos moitos votantes do PP e ao mellor os vós votantes do PP igual ven mal que nosoutros critiquemos a Xunta do PP, igual esa é a razón pola que vostede cala. Igual é esa.

Agora que mande á concelleira de Transportes, Feiras e Mercados a criticar os orzamentos da Xunta, home, que quere que lle diga Sra.alcaldesa. A min a verdade é que se me antoxa

complicado. Eu lle insisto e llo digo, eh. Sra.Ferreiro, montemos unha rolda de prensa, eu me presto a estar con vostede nesa rolda de prensa, critiquemos á Xunta de Galicia. Critiquemos os investimentos que fan ano tras ano, que por certo cero no noso concello. Fagámolo. É máis, incluso se quere podemos facer incluso, instar que colla este papel, esta moción e vaia á Xunta de Galicia e se quede alí unha semana, o tempo que faga falta. Vaia alí. Quédesse na porta de Alfonso Rueda, que malo será que a alcaldesa a oitava cidade de Galicia que non a reciba. Malo será. E lle diga persoalmente todo esto. E llo diga. Entón aí si que nunca máis a criticarei neste sentido. Aí si que llo poderei decir. Mire, loitou, foi polos veciños e estivo unha semana alí e non a atendeu. Ten aí o meu apoio, e llo digo eh, sinceramente, de corazón. Pero o que non pode ser Sra.Ferreiro, é que mande á concelleira de Feiras e Mercados a criticar unha nota de prensa da Xunta de Galicia. Eso é o que non pode facer. Saia vostede, pete enriba da mesa. Critique. Loxicamente paréceme moi ben que neste pleno o voceiro, por certo, concelleiro de Facenda que critique os orzamentos da Xunta de Galicia. Ata podería entender que fóra o voceiro, podía entender que o voceiro de Facenda que agora debe elaborar os presupostos criticara á Xunta de Galicia.

Pero mire, xa lle digo, Sra.Ferreiro, e por ir rematando, creo firmemente que esto responde a outro tipo de estratexia política de criticar e non criticar.

-Sra. Ledo Díaz: parafraseando a Ulla nunha ocasión no pleno, imos falar do importante. Nós queríamos falar de Narón e parécenos ben o que se está presentando nesta moción. Sabede que nós todos os anos no Parlamento Galego, de feito xa nos reunimos cos 2 deputados que temos nesta comarca o bloque nacionalista galego no Parlamento, para que leven as propostas que corresponden á oitava cidade deste país, no só a poboación e si falamos de dinamismo, igual nos adiantamos a algún concello que en poboación está por diante porque hai que lembrar que Narón é un concello formado por xente traballadora, a inmensa maioría, que cada día sae a traballar ou a buscar emprego, que tamén é verdade que temos 3 polígonos industriais, que temos a poboación máis nova e unha vez máis a Xunta de Galicia esquecese da aoitava poboación facendo cero investimentos.

Sei que despois vai vir o grupo do Partido Popular que está gobernando na Xunta non porque o concello de Narón votase a favor de que gobernase porque aquí tiña máis que perdida a maioría absoluta que mantiveron outros nesta comarca, se lles dixo que no, deberían de aprender diso e tomar nota porque por algo será, pero si que é verdade que teñen esquecida a nosa cidade e que ademais virán aquí a decir *“imos investir tanto ... en Servicios Sociais...”* destas partidas xenéricas que se dan para todo o país pero nós nos preguntamos que investimento real en concreto, que tantas veces pedimos e seguiremos pedindo para cumprir co noso programa electoral para administración do concello de Narón, que agora administración da Xunta de Galicia, que investimento real e concreto ten para Narón. En realidade é que ningún, que cero. E que é unha auténtica vergoña, ou sexa, que máis de 6.500 persoas maiores de 65 anos non teñan cobertura porque si que temos en Ferrol.... Que a saúde mental, que por certo, a unidade de saúde mental de Ferrol, na comarca de Ferrol de hospital, onde máis demanda hai que sexa o noso concello e que non poida ser atendida. Sí que é verdade que agora mesmo a psicoloxía clínica no centro de saúde e aparece aquí.....pero si un reforzamento desa psicoloxía clínica para o noso centro de saúde e que nós pedimos outras cousas a maiores do que aparece aquí, que levaremos ao Parlamento Galego que se debatirá como ese novo colexio para o barrio de Xuvia, San Xiao e que tan ben temos pensado e proxectado porque nós temos un programa e temos ideado o mellor Narón que nós cremos, e consultado con diferentes axentes sociais, preocúpanos fondamente que aquí se falen de

moitas cousas pero ao final, cando é o concreto, cando é a cuestión de dotar de orzamentos a oitava poboación deste país, o resultado do goberno de Galicia sexa cero euros.

Eso preocupa fondamente, igual que todos e todas podemos forzar, nós no Parlamento Galego imos facer o noso traballo. Esperemos que non caia en saco roto e que se poida ter investimentos reais e moi necesarios para o noso concello, xa sexa de conciliación, xa sexa de tantas cousas que nos fan falta.

E non nos veñan agora cunha serie de cousas que non son concretas, senón que son para diferentes concellos que son xenéricas, senón para investimentos concretos.

Non os temos e si que os precisamos. Entonces por favor, sexamos serias e serios e defendamos a Narón en todas partes e con honestidade non creando falsas expectativas que logo nunca se cumpren.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Un inciso sobre a praza de Tranvías, mire, se realmente eses informes e todo eso..... o que ten que facer é resolvelo. E o concello é o que se ten que plantexar a cuestión, non podemos seguir mirando para outro lado e deixalo pasar. Simplemente eso, unha aclaración. Pásome á moción xa.

Sobre a moción que presentan, considero e vostede o sabe que non é a mellor forma de conseguir o financiamento para as distintas propostas que avanza nesta moción. Sabe que hai outros procesos e como se debe facer.

Sen negar que a maioría das cousas sexan necesarias, tamén é certo que a forma de facelo axuda moito a conseguilas. Voulle a analizar algúns puntos porque según se escoita, parece que a Xunta non inviste nada en Narón e non é a realidade, outra cousa é que deba investir máis. Bueno, pois ao mellor estamos todos de acordo pero posiblemente ambas partes poidan ter algo de culpa. E ímolo ir aclarando paso a paso.

No tema do transporte público: como xa falamos e ademais estes días estamos sensibles porque levamos aquí 3 meses practicamente, máis de 100 días cunha folga que quero puntualizar que nós tamén defendemos aos traballadores, pero creo que neste caso, hai dúas partes, os traballadores e os usuarios a diario dese transporte. E polo tanto, consideramos.... Por eso nós facemos esa proposta e despois se mete nesa Declaración, creo, que vai a ser institucional, de conforme se debe de abrir un expediente á empresa e se o concello paga 100.000 euros, se botamos 3 meses sen ese funcionamento de transporte pois practicamente haberá que reterlle 25.000 á empresa, no. Bueno, pois habrá que facer esa proposta; eu creo que o concello debe de facelo.

Pero pasando ao que di na moción é certo que vostedes pediron algo, creo que aínda están esperando a contestación de vostedes pero unha vez máis se siguen equivocando, é dicir, pediron que se faga unha liña para dar servizo aos barrios de Santa Icía, da Gándara e aos institutos As Telleiras e Trasancos. Creo que se olvidan de 2 polígonos importantes que necesitan transporte e creo que temos que facilitar que a xente poida chegar ao seu posto de traballo. E nós insistimos neso, é dicir, non podemos propoñer unha cousa en papeis, despois dicir outra e públicamente dicir a terceira. Creo que debemos ser coherentes.

Referente ao saneamento: teño entendido que nos orzamentos de Augas de Galicia hai unha reserva de diñeiro para actuacións e conservación fluvial e enfocadas a reducir os vertidos contaminantes no Concello de Narón. Teño entendido, é unha inversión que ven para Narón.

E despois tamén teño entendido que hai outra reserva en Augas de Galicia e eso nós non o sabemos porque non nolo contou a Sra. alcaldesa, que hai unha negociación, é posible, se está negociando para que Augas de Galicia explote a depuradora de Cabo Prioriño, me din que hai unha reserva de diñeiro para eso. Entonces bueno, non sei o que hai de certo pero eso é o que se di dende Augas de Galicia.

E sobre o tema de maiores, que tamén o presenta aquí para unha residencia para persoas maiores, bueno, creo que tivo unha boa oportunidade cando se ... aparte que aquí as actuacións da Xunta son máis ben comarcales, e globales para determinados sitios non para un concello concreto, creo que tivo a oportunidade, creo que temos unha residencia que debemos de respectar e apoiar que é San José, creo que é unha residencia de maiores, e ademais hai 161 persoas maiores actualmente de Narón que se están beneficiando de prazas públicas do Goberno galego.

Perdeuse unha oportunidade creo, esa residencia que se vai facer en Ferrol, que a fai a Fundación Amancio Ortega, creo que se vostedes daquela ofreceran esa parcela pois posiblemente puideran optar a ter esa residencia. Creo que sería importante. Se van facer 120 prazas que os veciños de Narón tamén as poderán utilizar pero creo que de verdade, a min non me gusta pensar que os maiores de Narón todos teñan que ir a residencias. Poderá haber algún caso que teña que ir a residencia, pero creo que temos que traballar noutra dirección e de feito se está traballando. É o tema das vivendas colaborativas. Creo que Narón, nós llo propuxemos hai tempo, cando metemos aquela moción para que solicitara ao Sareb unhas 40 vivendas, que vostedes votaron en contra, creo que era o camiño a seguir naquel momento para intentar que dende aí se puideran conseguir vivendas para este tipo, para inversión. Non o quixeron facer. Bueno, temos axudas ao SAF que pasan máis de millón e medio que se inviste en Narón, unhas 107.000 horas. Temos o tema do cuidado no fogar, que hai 300 persoas beneficiarias pola Xunta, que é aproximadamente 1,5 millóns de euros anuais.

E temos a axuda do Xantar na Casa, que teño entendido que é un servizo do que se benefician 37 usuarios e polos que a Xunta achega 45.000€ anuais.

E se falamos das escolas infantís, é certo que hai unha implantación da gratuidade, que é a primeira comunidade autónoma en España que o fixo e polo tanto, Narón tamén se beneficia.

E sobre todo, as familias que aforran en torno aos 3.000 euros ao ano. E hai para as escolas infantís principais hai unha inversión da Xunta de Galicia de 7.700.000 euros aproximadamente: Narón levase aproximadamente 1.700.000 que é o 23% do orzamento. O 23% dese orzamento lévaos Narón. Creo que non está mal, é dicir, podería ser mellor? Si, pero vai para Narón. Que supón un investimento de máis de 60 M€/ano e beneficia a máis de 32.000 familias galegas.

Sobre a vivenda: vostede está pedindo tamén o tema da vivenda, e creo que Narón, sabéao vostede no, que hai ... debe haber 12 días aproximadamente, que no consello da Xunta se aprobou, na rúa Ponte Pielas facer 12 vivendas de protección oficial. Creo que o saben, no. E despois se vostedes queren que se fagan vivendas públicas pois ao mellor teñen que buscar terreos e cedelos para que tanto o promotor privado como o promotor público poida investir nese sentido.

Imos falar de infraestructuras, desa estrada, que vostedes falan aí da estrada 566 e da 862, entroutras estradas, que poden pasar por Narón que pertencen á Xunta de Galicia.

Da estrada 566 recordará vostede que nos lle fixemos unha proposta creo que no ano 2023 ou 2022, non estou seguro agora mesmo, porque a verdade non tiveron tempo de revisar.... Que había unha opción que pedía a fondos europeos e que a Xunta ía apoiar eso. Vostedes non quixeron e tamén lle digo que é importante cando falan 2 administracións públicas e así como os privados que temos que ser conscientes cando decimos algo e presentamos algo, e cando está a punto de aceptarse que deamos a volta e que digamos, no, é que agora nos falta a AC 114 que temos que facer alí unha inversión.

Vostede recordará que houbo ... esto ven do ano 2006, 2007, 2008, xa empezaran con estes temas. É verdade que vostede non estaba de alcalde naquel momento. E houbo unha media proposta onde lle decían á Xunta que a adaptación da AC 566 que era en torno a 186.000 euros. Bueno, se pudera negociar cando estaba a punto desa negociación, pois noutra reunión, que esta xa foi cando vostede era alcaldesa, pois propuxeron unha proposta de 579.000 e houbo un intercambio de opinións e donde lles dixeron que lles parecía moi ben pero que o saneamento e o soterramento das liñas e todo eso, que debería ser cousa doutros, non da Xunta. E entón propuxéronlles facer un convenio. Como creo que llo van propoñer agora tamén. Polo tanto, cando se queden algo temos que procurar avanzar na boa dirección e se decimos algo pois que se cumpla eso que se promete no.

E para poder ser de fiar, porque aquí tamén perderon outra inversión de casi 1 millón de euros, que era a axenda que se ía a facer no Val, na AC 116 e ... si, vostede se ríe pero creo que faltou un apoio institucional especialmente do Concello de Narón para que eso puidera saír adiante, para poder falar cos veciños, para poder negociar determinadas cousas que pedían os veciños e eso sería o ideal. Nós como a verdade é que somos conscientes de que moitas destas cousas son necesarias, eh. E dende este grupo traballaremos para que saian adiante as maiores posibles. Pero como lles dixen durante moitas veces porque isto é continuado cos anos, unha que ven tarde a moción. Segundo, que teñen que buscar prioridades, e hai determinadas prioridades que teñen que poñer un orden, entón poñan ese orden e traballemos en conxunto para que se solvente e se arreglen esas cousas. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: non sei por onde..... por Jorge.

Primeiro, non me vas a criticar máis se fago, neste caso, foron as túas palabras, no. Ben, as veces cando escoitas o que dis, dis, bueno, non sei por donde vai. E claro, tedes comprada a prensa, sacades páxinas e tal e con sei canto e que tedes... sae esa páxina e tal... si sae porque eso, se non sae... e recoméndolle que escoite a COPE, a SER, onde esta alcaldesa se queixou dos orzamentos da Xunta de Galicia e que está documentado e está así. E de feito, o que ten esto de tirar de hemeroteca o pode consultar. É dicir, vaia atrás e mire. Cré realmente neste caso que non me queixei o suficiente? Non sei como quere que o diga máis. Que nos ningunean, é dicir, nos orzamentos da Xunta de Galicia porque esas cousas que di Germán, evidentemente algo fan, quero dicir, dun orzamento que teñen evidentemente algo fan. Pero todas estas cousas que nós demandamos e que levamos demandando sistemáticamente e xa aproveito para responderlle que di que chega tarde, é dicir, é o mesmo que a do ano pasado. E dicir, se copiaran a solicitude que facíamos o ano pasado é a mesma, é dicir, pode darlle contestación. Poden saber cales son as nosas prioridades. Poden sabelo porque ano tras ano

mandamos o mesmo. Non é a forma que lle gusta, facendo unha moción: non nos quedan moitas alternativas, é dicir, facemos mocións, facemos escritos, solicitamos reunións, públicamente nos queixamos, non sei se hai algunha outra maneira máis de facelo. A verdade é que non me consta.

Entón o que tratamos é de facelas todas. E este é o momento dunha moción. E de verdade, é algo que está sabido na Xunta de Galicia cales son esas necesidades. Llo trasladamos á representante que está aquí en Ferrol, o sabe de primeiramán, é dicir, con reunións, con escritos, agora con mocións.

E o que decía Jorge, o martes reúnome co presidente Rueda, co cal lle vou a trasladar todas estas iniciativas, entendo que a partir de agora como eso xa vai a ter lugar, non me vai a criticar máis, que foi o que acaba de dicir. Foron as súas palabras. É dicir, se eu traslado todo isto non me critica máis. Ese martes, Dios mediante, aínda que non son creente, espero que non cambien esa reunión e está programada para pola tarde, co cal créame que alí lle trasladarei o mesmo que fixen cando a reunión que tiveron con Feijoo que é practicamente o mesmo, é dicir, que non vai haber moitos cambios precisamente porque non fixeron nada. E se realmente non chega o que nos queixamos con notas de prensa, que nos queixamos cando imos a radio, dígoo aquí, maniféstoo agora mesmo, o concello de Narón como está ninguneado neste caso, pola Xunta de Galicia, porque non aporta ningún euro dos seus orzamentos en todas estas solicitudes que facemos.

E escoitar aquí o que di Germán de transporte público: ah, é que me río, de verdade. E dicir, imos ver, que teñamos que nós pagar, levamos solicitado que se amplíen servizos, que se amplíen liñas, o pedimos. Sabes cal foi a resposta? Se as queren páguenlas. E agora vostede di que sí? Eso é o que ten que ser, é dicir, se as queren páguenlas. Aos veciños.

Vostede di, claro, o que van a facer non chega. E hai que facer máis. O que imos aportar e me queixo outra vez públicamente no, non pode ser que un convenio que teñamos asinado neste caso por temas de transporte, a medio ano ou a final de ano, nos digan que teñan que subir o 50% máis, é dicir, pasar a pagar de 50, pasar a pagar o dobre, é dicir, pagar o dobre do que tiñamos. Vostede cré que eso é normal? Eu creo que no, así non se dá xestionado un concello. Pero claro, saímos a bombo e pratillo decindo que as viaxes dos pasaxeiros van a ser gratis. Gratis pagados polo concello de Narón.

Aos polígonos, claro que nos gustaría que fóra. Pedimos que foran esas reunións cos directores de transportes llo pedimos, eu mesma llo pedín, na Xunta de Galicia diante de Martina Aneiros tamén representante da Xunta e máis representantes. O fixen. Ese secretismo de saneamento o dixen públicamente 40 veces, queremos que a depuradora a xestione Augas de Galicia. O levamos pedindo é que non me recordo cantos anos, é dicir, pedindo moitísimas veces moitísimo tempo.

Residencia para maiores: de verdade, é que me dá sinceramente, non sei si risa, unha pena, ou qué. Estamos falando que en Narón hai de máis de 60 anos 11.782 persoas e vostede cré que con 160 prazas públicas nunha residencia de maiores en Piñeiros, que con todos mis respetos eso chega para dar cabida a toda a situación que ten o Concello de Narón? Home, por favor. De verdade. Os terreos, cando queiran, a disposición da Xunta de Galicia se quere construír unha residencia de maiores.

Amancio Ortega, cando queira, de verdade. Llo trasladamos. LLo dixemos, con esas relacións que temos. LLo trasladamos, llo dixemos, cando queiran, ese terreo a súa disposición.

Non vou a falar do SAF, de verdade, xa non, porque é irrisorio a contía que dan ao Concello de Narón. E que teña que ser o concello de Narón quen asuma neste caso, ese orzamento tan elevado para esta situación.

E de verdade que xa non vou a mencionar. E escolas infantís: volvemos outra vez ao mesmo. Gratuidade, a conta de quen? A conta de quen a gratuidade para as escolas infantís? Para que pague o concello de Narón. Claro, así tamén goberno eu, e tamén fago eu e tamén digo eu.

Estrada de Cedeira, que nomeou por aí, un convenio, claro que o pedimos, sabes que estamos pedindo? Estrada de Cedeira, Km.1 para quen non a coñeza, se hai alguén que non a coñece, calquera persoa que queira circular por esa acera non pode porque non existe. Se ten que meter na calzada. Se ten unha minusvalía, se non a ten, é vergonzoso ver neste caso, non sei se nomealo persoalmente, a unha persoa que recolleu firmas, que vive nas vivendas de Amenadás, que vai en cadeira de rodas, que ten que ir pola calzada porque non ten por onde baixar. Eso é o que estamos pedindo da Xunta de Galicia que faga en Narón, é dicir, esa inversión.

Levamos alí un proxecto e decimos Levamos para ter un convenio, era de máximos, o que creíamos que era o ideal, lle dixemos á Xunta: canto pode aportar? Nos adaptamos, se é máis máis, se é menos, menos. Se nós temos que facer un convenio, o facemos. LLo dixemos. Se temos que poñer o saneamento tal... pero que nos den algo, que nos digan algo. E é moi triste, de verdade, ter que ser nosoutros como concello, os que fagamos eso. Porque é unha vía de titularidade da Xunta de Galicia, que tiñan que ser eles que non estamos a falar que teña unha fochanca máis ou unha fochanca menos. Temos que falar que as persoas se teñen que meter na vía para poder ir camiñando porque non hai por onde pasar. Entón, eso é o grave do que pedimos.

E de verdade chegará tarde, chegará tal... é o que solicitamos, o que levamos demandando durante moitísimos anos, levamos pedindo en reunións, en escritos, con mocións, é sabido na Xunta de Galicia e se realmente, de verdade, teñen un plan para Narón, eu non creo que teña que ser o concello o que o teña que pedir. Ten que ser a Xunta tamén a que ten que ver que quere para os veciños e veciñas de Narón. Porque que non se equivoquen eh, quen goberna na Xunta de Galicia, se goberna para todos, se o concello é do color político ou non, é o mesmo, é dicir, somos todos veciños e veciñas que dependemos neste caso dun presidente, que se chama Alfonso Rueda. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

16 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TEGA PARA QUE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA INCORPORE NOS ORZAMENTOS DO ANO 2025 INVESTIMENTOS PARA O CONCELLO DE NARÓN. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“ O Grupo Municipal de Terra Galega do Concello de Narón, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos, e por distintas vías, este concello leva reclamando repetidamente á Deputación da Coruña os investimentos necesarios para a execución dunha serie de actuacións, competencia desa administración, e que son de vital relevancia para as veciñas e veciños deste concello.

Ditas actuacións, sobre todo ás referidas á accesibilidade e seguridade dos peóns en estradas e vías de titularidade provincial cada vez son mais urxentes, polo que é necesario reiterar que a Deputación da Coruña que inclúa no seu proxecto de orzamentos para o ano 2025 os investimentos necesarios para levalas a cabo e atender así as necesidades da veciñanza de Narón.

Polo exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega propón ao Concello Pleno a aprobacións dos seguintes **ACORDOS**:

1-Instar á Deputación Provincial da Coruña a incluír no Proxecto de Orzamentos para o ano 2025 os seguintes investimentos para o Concello de Narón:

- Dotar de beirarrúas a Estrada do Feal, DP-5407.
- Executar o proxecto de Senda Peonil en Santa Margarita, DP-5408, elaborado polo Concello de Narón.
- Executar do Proxecto de Ensanche e Modificado da Estrada de San Xiao, DP-5401.
- Dotar de senda peonil a Estrada do Trece, DP-5404.
- Dotar de beirarrúas a Estrada Miguel de Cervantes, DP-5406 no treito que carece das mesmas entre a ponte do Río Freixeiro e a Estrada de Castela.
- Dotar de senda peonil a estrada DP-5405 ao seu paso pola parroquia de Castro.
- Elaborar e executar un plan de investimentos para a mellora de firmes e beirarrúas, mellorando á accesibilidade, das estradas e vías de titularidade provincial que discorren polo concello de Narón.

2-Dar traslado destes acordos á Presidencia da Deputación Provincial da Coruña e aos Grupos políticos da Corporación Provincial.

E visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1- ; e as 3 abstencións de PP) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 24-10-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: ben, non moito máis que dicir, neste caso a mesma moción, moción similar que na anterior, neste caso para os orzamentos da Deputación Provincial da Coruña e como dixen tamén na anterior estou segurísimo de que o voto vai ser unánime e a favor de todas estas necesidades que o concello de Narón necesita. Moitas grazas.

INCIDENCIA : Sae o Sr.Portela Parga sendo as 11:25 e volta ás 11:27´.

-Sr.Ulla Rocha: bueno, nós imos a votar a favor. Pero antes gustaríame retrotraerme ao punto anterior, claro, aproveitando o seu último turno de palabra Sra. Ferreiro, sempre nos queda algunha cousa que dicir.

Mire, espero ou polo menos a miña crítica serviu de algo. Ese é o tono que ten que utilizar o próximo martes, de verdade, que espero que o reciba e que traía algún tipo de acordo respecto

a eses puntos, pero tamén espero que se non é así, que saia e que critique públicamente ao goberno neste caso, de Alfonso Rueda. Que o faga porque e lle poño exemplos, con esto sacou vostede e puxo a colación o tema de que tiña comprada a prensa, eu non dixen tal cousa, non poña verbas na miña boca que eu non dixen. Eu o que dixen é que tiña que saír á prensa a criticar. Cando se fixo o centro de maiores, alí se anunciou públicamente criticar. Cando se publica agora que van saír 400 vivendas en Ferrol, criticar. Cando hai unha inversión de 8 millóns de euros nos colexios, criticar. Eso é o que hai que facer.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. O que decía con respecto á prensa vostede moitas veces di es que “ve xa sae co planfeto de non sei canto”. A veces sacan noticias e a veces non. Pero non temos esa capacidade para dicir, aí, poñan a alcaldesa de Narón aquí criticando. Saiu eh, e o pode ver en distintas radios e de todas maneiras xa o fixen aquí públicamente por si había algunha dúbida.

Ahora a moción.

-Sr.Ulla Rocha: xa falaremos en rogos e preguntas a conta dese tema porque teremos a oportunidade de falar, Sra.Ferreiro.

Mire, respecto a esta moción, nós estamos a favor. De feito o que podemos dicir e podemos estar orgullosos é desta moción respecto a do ano pasado xa ten un punto menos, sí é así, xa ten un punto menos. Se está traballando por mellorar neste caso, San Xiao xa vai ter beirarrúas, é un traballo que se está facendo.

Tamén se está traballando na estrada do Trece. Se fixo un informe topográfico, se está avanzando, hai un compromiso claro e firme, neste caso da Diputación, incluso meu persoalmente do meu grupo político de traballar pola veciñanza de Narón, pero si que me gustaría puntualizar respecto aos guións... que poñen aquí pois sendas cuestións. Mire, dotar de beirarrúas a estrada do Feal DP- 5407, mire, non me vou reiterar máis neste tema porque xa discutimos cando o trouxo o ano pasado, xa discutimos cunha moción deste grupo que por certo, é un acordo plenario que foi aprobado aquí respecto a que se modifique o PXOM puntualmente para adaptalo neste caso, ao proxecto da Deputación de máis de 2 millóns de euros para dotar de beirarrúas a estrada do Feal. A estrada do Feal a día de hoxe non ten beirarrúas pola súa vontade, Sra.Ferreiro, pola súa. De feito, xa lle estou facendo a conta, dende aquel pleno onde se dixo que eran 36 meses e medio, xa levamos uns cuantos. Voullo recordar todos os meses para que o teña en conta, eh. E parar facer a modificación do PXOM.

Despois a senda peonil de Santa Margarida. Isto me fai moita gracia, cando o trae no Pleno o ano anterior, ese proxecto non existía. Cando lle pido por Rexistro ese proxecto aparece firmado, coa data posterior á miña petición. Igual moita presa non tiñan por facelo.

Estrada do Trece: xa lle dixen e avancei antes que se está traballando.

Dotar dunha senda peonil á parroquia de Castro: paréceme ben. De feito habería que facer algunha participación municipal nas rúas, estradas, de titularidade municipal, para acompañar ese proxecto e despois outra que me parece importante, casándoa coa súa exposición de motivos onde se fala de seguridade dos peóns. E que está pasando neste caso coa estrada de Souto Vizoso? O outro día aprobamos unha moción onde se instaba a facer un requerimento formal á Diputación da Coruña para actuar. Aquí neste pleno a día de hoxe, se dixo que se

actuaba precisamente na Praza de Tranvías por un tema de seguridade peonil, se actuara aínda sen ter a competencia. Neste caso, non se quere actuar. Ben, paréceme lóxico, hai dúas administracións que criterios xurídicos encontrados respecto a quen ten que facer, neste caso, acometer esa actuación. Vale, paréceme lóxico. Pero temos unha estrada que transcorre por Narón. A miña pregunta é Sra.Ferreiro, respecto a este punto, xa mandaron o burofax? Xa mandaron o requerimento a Diputación? Ou imos ter que esperar?

-Sra.Ledo Díaz: moi boas de novo. Alegrámonos desta moción porque ademais somos conscientes de que terra galega nunca vai ter un espazo na Deputación da Coruña por votos, por unha serie de cousas e aí estamos outras organización políticas que temos que demandar esas medidas. Esas medidas están demandadas. Agora hai uns orzamentos, dende o bloque nacionalista galego, sabe o partido socialista e reclamamos; teño que dicir que a estrada do Trece antes de que estivera este grupo socialista apareceu unha moción do bloque nacionalista galego que finalmente foi declaración institucional, e que se aprobou, ou sexa, en realidade se está cumprindo un acordo que saíu deste Pleno municipal que somos os que temos que reclamar, moitas veces temos pedido que o concello de Narón instase á Diputación e a outras administracións para que se solucionasen cousas, a nós nos decían .. vostedes están na Deputación, digan vos, e daba a casualidade de que nese momento o partido socialista gobernaba no concello de Narón e son eles os que levan vías e obras como somos nós os que levamos o POS e estamos moi orgullosos por exemplo, deses investimentos do POS, porque ao final temos un concello donde os seus orzamentos ordinarios, máis do 90 % vaise a gasto corrente, os investimentos tan necesarios como cubrir a pista de Doso como tantas outras cousas importantes neste concello, non chegan os orzamentos ordinarios e a través do POS onde se fan as verdadeiras inversións e porque houbo outras na Deputación antes, que collían o diñeiro e o daban a dedo e aquí o que se decidiu é repartir equitativamente nos concellos para que os concellos puideran dispoñer. Creo que é importante que deixemos as cousas claras, que o que pon esta moción claro que é necesario e moitas outras, é unha vergoña e moitas veces como a Diputación pasa absolutamente de todo, en moitas vías e obras e está ben que empece a actuar nalgunhas e é necesario moitos outros traballos como ocorre no barrio da Gándara, bueno, en moitísimos outros sitios onde teñen... pero tamén o decimos eh, se a Diputación non se fai cargo das estradas teremos que ser dende o concello que pidamos a titularidade desas estradas e camiños que moitas veces xa son rúas e ter que solucionalo. Eu sei que os recursos son finitos no concello, pero tamén temos que responsabilizarnos para que os nosos veciños e veciñas cando se poidan dar as circunstancias, poder solucionalo. Este é un paso máis, creo que hai que facelo e os que estamos na Deputación asumir que todas as esixencias que son máis que as que aparecen aquí tamén e que a Deputación ten que cubrir.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Mauriz Romero ás 11:31 horas e volta ás 11:27'.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno esto é un pouco o mesmo que a moción anterior pero ante distinto organismo. A verdade é que xa o repetín varias veces, pero teño que repetilo porque aquí se aprobou unha moción para que dende o propio concello se fixera unha prioridade e se fixeran unhas memorias básicas para pasar á Deputación e que Deputación despois acometería esas obras, e polo que vexo non se realizaron porque nós aquí ademais particularmente na DP 5408, que pasa Santa Margarita, hai un ano aproximadamente ou algo máis pois presentaran os veciños por Rexistro unha solicitude para que se fixera aí a senda ou as aceras no, e nós preguntamos que pasara con eso e aínda non tivemos contestación. Porque creo que é algo tamén, ademais agora que se está facendo a rotonda alí

en frente A Concha, pola parte da Xunta creo que é outra inversión máis da Xunta que antes non comentei, creo que sería ben que agora se puidera facer esa senda.

E despois hai outra que poñen tamén, a da estrada Miguel de Cervantes que tamén se aprobou aquí nunha moción aparte desa outra moción xeral que aprobáramos conforme se debía de arranxar como mínimo, dende o aparcamento de Piñeiros que se fixo alí ao lado do campo de fútbol ata o cementerio do Cadaval e vexo que tampouco houbo avances nese sentido.

Polo tanto, creo que as mocións que se aproban no pleno creo que despois debíamos de intentar cumprir nese sentido o que se aprobou e sacalo para adiante. É dicir, unha vez máis creo que dende esta bancada estamos dispostos a colaborar e a apoiar cando sexan cuestións que realmente sexan necesarias para o concello de Narón e que en beneficio dos nosos veciños e veciñas de Narón, no.

A sensación a veces que temos, é que parece que non lles interesa que haiba ese apoio, no, e que queren como ir por libre, no. Creo que non é bo eso eh, creo que aquí hai 21 concelleiros e creo que todos estamos polo que se fala aquí, polo que se escoita aquí todos estamos na mesma dirección. É dicir, traballar para beneficio do noso municipio. E neste caso é algo do mesmo. E nada que nós votaremos a favor como fixemos na anterior e para que se siga traballando nesa dirección. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: non sei realmente de onde saca eso, é dicir, que máis imos a querer que un organismo que ten unhas competencias neste concello faga o seu traballo; non sei de onde realmente saca eso. É dicir, que máis imos a querer que un organismo que ten unhas competencias neste concello faga o seu traballo. Estaríamos felices, é dicir, nin ter que traer esta moción nin ter que pedilo, nin ter que solicitalo, nada, é dicir, que de serie tivesen un programa para Narón, tivesen claro o que queren facer nas súas vías que son da súa titularidade porque de verdade, escoítalo a vostede dicir “hagan una memoria para tal...” , que a faga a propia Deputación que son as súas vías e da súa titularidade. E xa o pedimos e o demandamos en varias ocasións, e a colación do que decía neste caso Jorge Ulla, sí está pedida esa solicitude, non mandamos ese burofax, estamos en tempo para iniciar accións neste caso, con denunciar á Deputación, xa llo dixen que eu son máis do diálogo e se pode evitar chegar a un pleito e facelo doutra maneira é así. E o que lle pedimos é que nos mostren a súa titularidade, é dicir, non estou a dicir outra cousa, é dicir, se realmente demostran que a titularidade cun documento que é nosa, nós acometemos esa reparación. Se non créame que non, salvo que sexa... e o facemos en moitas ocasións, o concello se hai unha perigosidade se lle comunica, se fai e logo se lle comunica que se fixo. E eso se fai, é unha práctica habitual.

E a verdade que digan e que cuestionen que queremos estas inversións evidentemente que si, e vostedes saben neste caso coa estrada do Feal, cal é a situación e llo dixen. E lin ese informe do arquitecto municipal no que decía claramente que se tivese vontade política neste caso a Diputación e falase coa Xunta de Galicia en 2 meses ese paso estaba feito. E non dilatalo en 36 meses, como dixen que trasladei que tal... esa é unha vontade política tamén que falen neste caso a Deputación con tal, e escoitar aquí que non queredes.... Vostede Germán foi deputado tamén. Que conseguiu para Narón da Deputación da Coruña? Claro, é dicir, é falar de que nós non facemos xestión, pero vostede que estivo alí, que conseguiu? Entón de verdade, non traslade para aquí cousas que vostede, cando tiña capacidade de decidir non fixo. Pasamos a votar a moción e agradezo de verdade que son cousas que son necesarias tanto na anterior como nesta, que sexa por unanimidade e que estemos de acordo nesta petición. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

17 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE REORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO E SE MODIFIQUE A VIXENTE RPT PARA A CREACIÓN DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS .- Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, quen abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no art. 97 do R.O.F. desexa elevar ao Pleno municipal, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Reorganización do Departamento de Urbanismo e modifique a vixente RPT para a creación dunha praza de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de ter recibido múltiples queixas da veciñanza de diversas zonas nas que o concello efectuou nos últimos anos varias obras por diferentes motivos, este grupo municipal considera necesario que dende o propio goberno se tomen medidas e non se continúe a dar a calada por resposta ás propostas suxeridas por este grupo cando son expostas nas diferentes comisións informativas ou nos debates plenarios. Nomeadamente neste caso, no que se refire ás continuas modificacións de crédito para facer fronte a certificacións extras nunha parte moi importante das contratacións, o que supón, ao remata das obras, un moi considerable incremento do prezo e dos custos ao remate dos exercicios.

Este grupo considera que non se está a facer unha axeitada planificación dos traballos contratados pola ausencia dos estudos necesarios dependendo das obras e dos lugares nas que estas se desenvolven.

Están á vista numerosas deficiencias en diversas obras recentemente levadas a cabo no noso concello: a desfeita na Avenida da Solaina, cun importante incremento sobre a cantidade inicialmente orzamentada, as actuacións no campo das Aceñas, obras de saneamento levadas a cabo en diferentes parroquias como o Couto, Ferrerías, O Val,... Exemplo desta mala planificación pode ser o caso da parte final do núcleo de Pradedo, onde varias vivendas non poden acceder ao

saneamento por ter sido este mal planificado e non terse realizado previamente estudos previos para poder obter a cota de nivel e permitir que as vivendas puidesen verter aproveitando a caída natural sen necesidade de facer bombeos.

Outro exemplo pódese atopar no lugar de Villallonte, nuns traballos levados a cabo recentemente no camiño “Sobre da Pardiñeira”, no que quedan fóra do saneamento dúas vivendas por non ter avaliado máis alternativas, que poderían valorarse de ter visitado a zona e de ter elaborado un estudo previo antes de pechar o proxecto. O resultado é que se obriga á veciñanza a ter que instalar bombas nas súas vivendas, asumindo os custes extra que supón o consumo e o mantemento das bombas, a maiores de ter que abonar a taxa municipal correspondente.

Consideramos que boa parte das deficiencias que se aprecian poderían ser corrixidas no caso de se contar con profesionais con coñecementos específicos no departamento de urbanismo e, por estas razóns e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao se sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal do Partido Popular de Narón insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Instar ao goberno do Concello de Narón a que leve a cabo unha reorganización do Departamento de Urbanismo e modifique a vixente RPT para a creación dunha praza de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos que, entre as funcións propias do seu grupo e escala, asuma as funcións de revisión e control dos proxectos de infraestruturas viarias, de saneamento e abastecemento así como as direccións de obra deses proxectos.

2.- Que dende o concello se emende o erro cometido no proxecto e na execución da obra no lugar de Villallonte e se leve a cabo a canalización polo camiño “Sobre da Pardiñeira” ata conectar coa rede xeral e non ter que obrigir á veciñanza a soportar o custe adicional dos bombeos cando hai unha alternativa que permite desfrutar do servizo vertendo por caída natural.

3.- Instar ao goberno do Concello de Narón a que non realice obras de saneamento e abastecemento sen un estudo previo de viabilidade dos proxectos, de xeito que non se sigan a cometer erros que prexudican gravemente á veciñanza.

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de TEGA -2- e BNG -1-; e os votos a favor de PP -1- e PSdG-PSOE -1-) da Xunta de Portavoces de data 28-10-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, con respecto ao que me dixo antes da Deputación, efectivamente fun deputado, estiven na oposición pero tamén conseguimos algo, eso que lle dixemos das estradas conseguímolos dende alí e que vostede se fai a memoria, a Deputación ten o compromiso de facelo, eh, que se aprobou nun pleno da Deputación. Para que lle conste unha vez máis que xa o dixemos.

Bueno, pasando á moción esta que presentamos de Reorganización do departamento de Urbanismo e modifique a vixente RPT para a creación dunha praza de Enxeneiro de Camiños, Canles e Portos.

Logo de ter recibido múltiples queixas da veciñanza de diversas zonas nas que o concello efectuou nos últimos anos varias obras por diferentes motivos, este grupo municipal considera necesario que dende o propio goberno se tomen medidas e non se continúe a dar a calada por resposta ás propostas suxeridas por este grupo cando son expostas nas diferentes comisións informativas ou nos debates plenarios.

Nomeadamente neste caso, no que se refire ás continuas modificacións de crédito para facer fronte a certificacións extras nunha parte moi importante das contratacións, o que supón, ao remate das obras, un moi considerable incremento do prezo e dos custos ao remate de cada exercicio.

Desde hai anos vimos advirtindo ao grupo de goberno desta situación, dando a calada por resposta.

Este grupo considera que non se está a facer unha axeitada planificación dos traballos contratados pola ausencia dos estudos necesarios dependendo das obras e dos lugares nas que estas se desenvolven.

Están á vista numerosas deficiencias en diversas obras recentemente levadas a cabo no noso concello: a desfeita na Avenida da Solaina, cun importante incremento sobre a cantidade inicialmente orzamentada, e que ninguén quedou conforme con esas obras, incluso os propios membros do goberno, as actuacións no campo das Aceñas, que seguen sen resolver as deficiencias do bowl, obras de saneamento levadas a cabo en diferentes parroquias como o Couto, Ferrerías, O Val,... Exemplo desta mala planificación pode ser o caso da parte final do núcleo de Pradedo, onde varias vivendas non poden acceder ao saneamento por ter sido este mal planificado, e non terse realizado previamente estudos previos para poder obter a cota de nivel e permitir que as vivendas puidesen verter, aproveitando a caída natural sen necesidade de facer bombeos.

Outro exemplo pódese atopar no lugar de Villallonte, nuns traballos levados a cabo recentemente no camiño “Sobre da Pardiñeira”, no que quedan fóra do saneamento dúas vivendas por non ter avaliado máis alternativas, que poderían valorarse de ter visitado a zona e de ter elaborado un estudo previo antes de pechar o proxecto. O resultado é que se obriga á veciñanza a ter que instalar bombas nas súas vivendas, asumindo os custos extra que supón o

consumo e o mantemento das bombas, a maiores de ter que abonar a taxa municipal correspondente.

Consideramos que boa parte das deficiencias que se aprecian poderían ser corrixidas no caso de contarse con profesionais con coñecementos específicos no departamento de urbanismo e, por estas razóns e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal do Partido Popular de Narón insta ao Pleno da Corporación á adopción dos acordos aos que deu lectura o Sr. Secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, bo día, case mediodía de novo. Un concello ten recursos finitos, nós somos conscientes. O BNG está na oposición porque así o decidimos e orgullosos e orgullosas que estamos porque decidimos colectivamente e porque dende aquí fiscalizamos o traballo do goberno de maneira meticulosa e honesta, de verdade, o máximo que podemos, e porque somos a vos dos/as que nos votaron nunha subida histórica e que ademáis nos levou a ter os mellores resultados nunhas municipais en Narón, e o asumimos tamén colectivamente cunha responsabilidade enorme e porque temos ademáis un proxecto moi claro para Narón, para a súa mellora, para o seu benestar de todos os veciños e veciñas e porque nos voten ou non nos voten cremos que temos que ter a responsabilidade de facer o que cremos correcto e para a maioría dos veciños e veciñas, por eso estamos aquí e a eso nos debemos.

Hai cousas que imos conseguindo pouco a pouco cales formiguiñas como a aprobación de que nun futuro haxa un CIM en Narón, e cun plan de vivenda e cunha serie de cousas; ou como no pleno pasado cando por fin, que hai anos, que trouxemos unha moción ao fin e nos dixestes que non, pero cun técnico deportivo, ou negociar para ter un servizo de madrugadores mentres a Xunta non asume un servizo cunha competencia que lle debe ser propia.

E digo todo isto porque como non hai recursos infinitos, no bloque nacionalista galego se nos ocorre milleiros de cousas para reforzar en diferentes departamentos, como pode ser Servizos Sociais que é necesario ou como pode ser en modificar o día de mañá unha RPT para ter unha técnica de Igualdade, como por exemplo ten o concello de San Sadurniño, o concello de Fene ou en tantos outros sitios pero dígoo porque sei que hai persoas aquí que están facendo ese traballo e que poden ter esa formación e que se pode dotar desa técnica co persoal traballador.

Aquí se falou de cousas e fixemos moitas mocións e reclamamos e é unha vergoña como quedou a Avda. da Solaina e se ten que reparar pero tamén os contratistas que din que o problema é o vandalismo dos veciños e veciñas de Santa Ica que é unha vergoña que culpen aos veciños e as veciñas de que foi mal feito, falouse do bowl, aquí presentamos unha moción para que se reparase. Hai decisións políticas, claro que as hai e un goberno decide politicamente onde obra, onde non e logo hai unha xestión e se hai unha xestión mal feita haberá que revisar as licitacións, haberá que revisar tal... que eso se amaña cun enxeñeiro de camiños, canales e portos?, con sacar a RPT, traer aquí a unha persoa, nós non o cremos sinceramente, porque estivemos preguntando noutros concellos e sabemos que esa non é a solución dun departamento de Urbanismo onde xa hai persoas técnicas e preparadas e que deberían de tal... porque temos claro que o problema de ter que bombear no Val non vai ir o enxeñeiro a bombear, isto témolo claro, podemos decirlle aos veciños que como falta o enxeñeiro non vai a bombear, non vai a reparar o saneamento, non vai a tal.... Pero si que recordamos neste concello tempos pasados onde cun enxeñeiro había certificacións máis que dúbidas e onde había certos... bueno, xa sabemos como se actúa ás veces en determinados corpos e non queremos volver a eso.

Sinceramente, igual que sabemos que hai un servizo por exemplo, informático que fai un traballo moi bo, estou falando do persoal funcionario deste concello pero tamén tivemos que

ver como caía unha páxina web de participación cidadá porque se contratou unha empresa que agora desapareceu, entón hai un problema de xestión que non se soluciona. Haberá que mirar que nas licitacións efectivamente haxa enxeñeiros que fagan ese traballo e os Servizos Técnicos que miren que eso..., pero que non vamos a optar dende o bloque nacionalista galego a facer trampas ao solitario e a venderlle aos veciños e as veciñas cousas que repercuta en recursos que son tan necesarios noutros departamentos, e insisto en Servizos Sociais porque a día de hoxe en Narón, en Servizos Sociais temos moitísimas necesidades por cubrir para veciños e veciñas e que agora faltan recursos consideramos no concello, para poder cubri-lo coa celeridade necesaria e porque tamén moitas veces dende o bloque nacionalista galego pedimos que eses Servizos Sociais volvan ás parroquias, que se atenda en cada zona, que a xente non se teña que desprazar ao concello; pedimos que haxa un servizo público de taxis para as zonas do rural e que se convenie para que a xente poida vir a determinados lugares porque o transporte público que está facendo a Xunta de Galicia é nefasto en Narón e en calquera outro sitio, e porque hoxe traemos aquí unha moción para defender aos traballadores e traballadoras doutro servizo e podería seguir así continuo, pero tampouco quero alongarme pero si que consideramos que vir aquí a facer brindis ao sol e sabendo os recursos, as necesidades, con nós non poderedes contar.

E por eso nos imos a abster e non votar en contra porque supoño que esto ademáis saben perfectamente que non é vinculante que ten que decidir o servizo técnico se isto se fai ou no e claro, nos podemos vir, pedimos o de técnico deportivo, se aprobou no anterior pleno por unanimidade, pero claro, podemos vir cada mes e pedir aquí moitísimas cousas pero temos que ser honestos e honestas coas persoas que nos votaron a calquera dos que estamos aquí e que queren que representemos coa mesma honestidade. Entón por esa banda, cando haxa acordos que consideremos máis que necesarios e que non se cumpran pero que todas esas necesidades que veu a dicir o portavoz do Partido Popular, cremos que se teñen que solucionar doutra maneira e por eso denunciámos no seu momento moitas mocións que logo se aprobaron presentadas polo bloque nacionalista galego e así seguiremos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Como vexo, creo que ao grupo de goberno non lle preocupa moito isto porque bueno, acáballe de botar unha má o BNG porque entendemos que se falou de todo menos do que trouxemos aquí....

-Sra.alcaldesa: perdoe un segundo. Si que quere intervir o concelleiro de obras, disculpe eh.

-Sr.Mauriz Romero: bos días. Non levantei suficientemente a má. Bueno, nós non imos a apoiar esta moción por dúas cuestión moi sinxelas, aquí quere mezclar o tema dun técnico co tema de execución das obras e nós no departamento de Urbanismo, a día de hoxe hai técnicos suficientemente experimentados e con titulación suficiente para informar de diferentes proxectos e no departamento de Contratación hai unha persoa, un arquitecto técnico que é o encargado de supervisar o tema dos proxectos así como o tema das obras; e agora mesmo non consideramos loxicamente que faga falta outro técnico neste caso un enxeñeiro, podería ser neste caso un enxeñeiro industrial, pero claro como o Sr.Castrillón ten a barita máxica, pois ten que ser un enxeñeiro de camiños.

Pois nosoutros o que temos que dotar son os diferentes departamentos do que eles nos demanden. E o departamento de Contratación o que viña demandando era un técnico, neste caso un arquitecto técnico, e así foi o estipulado entre os técnicos e a parte política. Por eso non consideramos agora mesmo un enxeñeiro como di vostede.

O tema da execución das obras cando queira e onde queira cos técnicos, porque todo o que lle digamos nosoutros non lle vai valer, co cal que llo diga un técnico, cando a un lle doe un pé vai ao médico non vai ao dentista, vai a un especialista de osos ou o que sexa, pois vostede cando teña algunha dúbida fale cos técnicos. Sen problema ningún porque todo o que se lle explique nunca lle vai valer para nada, entón é gastar o tempo.

-Sra.alcaldesa: antes de darlle a palabra, recordar que nós tiñamos un compromiso de saír as 12, non quero cortar que vostede fale ou non, pero quero decilo porque logo non se pode cortar o punto vale? Se nos prolongamos máis das 12 non podemos baixar. Cando queira.

-Sr.Castrillón Permuy: non se preocupe Sra.alcaldesa. Grazas, estamos seguindo o reloxo, estamos ás 11:52, entón non se preocupe que imos a saír ás 12.

Mire, a verdade é que sorprende que me diga eso, Sr.Mauriz e grazas por falar porque xa pensei que como tiña os votos asegurados xa pensei que non nos ían a decir nada e a verdade é que vostede sabe que hai un desastre grande no tema das obras, moi grande porque dígame vostede como vai recuperar eses 8 pozos que se contaminaron en Ferrerías, vale? Claro, Augas de Galicia, contaminounos vostede, e agora é Augas de Galicia.

Como vai solventar os problemas que hai na senda de Doso? Na senda de Doso, como os vai solventar?.

A verdade é que todas as obras que se fan, nós levamos casi 6 anos aquí e vemos que todas teñen erros. Entón é triste. E que agora me diga que, eu non discuto de que os técnicos que haiba que sexan competentes en ningún tipo de problema pero expliquei o outro día na Xunta de Portavoces, unha cousa é un arquitecto técnico que é para facer edificios e urbanizar en torno a ese edificio e outra cousa é facer un saneamento, facer un abastecemento e facer unha estrada ou rematar unha estrada.

E despois outra cousa que pedimos aquí é que as direccións de obra sexan feitas por funcionarios municipais non por empresas privadas. Cousa que non se está facendo neste concello. Polo tanto, tomamos a decisión despois de 6 anos, e de todo o que nos contaron os compañeiros anteriormente, pois a traer esto e todos sodes coñecedores dos casos que puxen tanto no Val, tanto no Couto que tivemos que solucionar un problema na propia obra, e vostede o sabe, tanto do que falamos do que pasou en Ferrerías, como en todas as obras que estamos vendo por aí. E algunhas que nos quedan porque teríamos unha lista moi longa. E é algo que consideramos que sería necesario e ademais llo dixemos en varias ocasións á Sra.alcaldesa, do tema dun enxeñeiro de camiños e aos poucos días me dixo que si se ía a ter en conta, e aos poucos días sacou unha praza para un arquitecto máis.

Creo que agora mesmo o que se necesitaría neste concello é un técnico nese sentido. Alá vostedes. Nos siguen dando campo a seguir criticando e todo eso o que conleva.

E despois, a verdade para o grupo do BNG lle vou facer unha reflexión moi sinxela, se vostedes están dispostos a que sigan mal invertindo, por non decir outra palabra, 12 millóns de euros de remanentes nos últimos 6 anos, e sen ver unha obra clara onde se diga “oie, esta obra está ben feita”. Bueno, pois algún problema temos e como podemos solucionalo? Pois dígame como o solucionamos pero solucióneo. Porque vexo que non teñen alternativas nin que o van a solucionar. Esa é a nosa opinión e a miña humilde opinión neste caso. Nada máis e moitas grazas porque non queremos interrompir o das 12.

-Sra.Ledo Díaz: grazas polo paternalismo manifestado por Germán Castrillón, decindo como temos que reflexionar e actuar no bloque nacionalista galego. A verdade que nos encanta. Temos que decir unha cousa, cando votamos en contra antes da ordenanza xeral de

subvencións, co partido popular e o partido socialista, dende a bancada de terra galega dixeron que estaban sorprendidísimos dese acordo.

Agora que somos coherentes e sabemos que entroutras cousas o problema dos pozos de Ferrerías non veñen porque poñamos un enxeñeiro de camiños, canales e portos e nós queremos esa solución, queremos esa solución e non vender fume. Os veciños e veciñas, ven o partido popular a decir que estamos facendo un favor ao goberno de terra galega. Somos coherentes e presentamos as cousas correctamente e como somos coherentes imos a votar o que estamos encantados porque demostra que o bloque nacionalista galego consegue cousas e que non está gobernando, pero avanzamos en traballos, sexa con uns, sexa con outros, sempre votaremos en coherencia. O que queda demostrado é que o partido popular nestas circunstancias non vai poder gobernar nunca porque nunca vai ter os votos necesarios pero, repito, encántanos que unha vez máis no bng sexamos coherentes e votemos en consecuencia. Por certo, os paternalismos, os que queira na súa casa eu respetollos todos, pero cara o bloque nacionalista galego ou cara a portavoz municipal que representa ao bloque nacionalista galego ningún. Ningún.

-Sr.Mauriz Romero: sí, para rematar. Soamente unha cousa, vostede sempre remata decindo que.. como fai aquí, é dicir, vostede debe de pensar que é xuíz e parte de Narón. Augas de Galicia no caso de Ferrerías, pechou o expediente. Soamente lle digo eso. Cando queira explicacións técnicas de execución das obras preguntelle aos técnicos porque todo o que lle digamos aquí non lle vai valer. Entón perder o tempo con vostede é que é de verdade, eh, de verdade. É perder o tempo, cando queira explicacións do Couto, de Ferrerías, de Padredo, cando queira explicacións fale cos técnicos. E llas van a dar. Sabe que pasa? Que o saneamento do Val ten que entroncar no río do Pozo, pero ten que entroncar por arriba, non por abaixo eh. Vale? Entonces hai cotas insalvables. Vostede xa sei que lle vai decir que no a.... boh, que va, non teñen razón, fale cos técnicos. Fale con todos os técnicos municipais que hai arriba, que lle explican e que lle van decir. Porque igual que pregunta por outros temas, o saneamento de Villallonte hai 4 anos que se acabou eh, catro anos que se acabou. E ven preguntar agora. Por favor eh.

-Sra.Castrillón Permuy: sra.alcaldesa, un minuto despois.....

-Sra. Alcaldesa: non se pode, era o que lle advertía antes. LLo dixen, que non se pode cortar.

-Sr.Castrillón Permuy: mire, remato en 1 minuto. A verdade é que me sorprende porque non sei porque Fene onde goberna o bng, teñen un enxeñeiro de camiños como técnico. Durante moitos anos, me sorprende. Aí está un caso.

O segundo, Sr.Mauriz, mire, vostede as explicacións dáraas pero ao mellor no as dá ou non o fan. Porque a realidade é que os fallos hainos. Non é que os inventemos, e non é que o digamos nós, dinno os veciños porque efectivamente nós non damos chegado a todos os sitios. Temos que ter algún informador. E despois imos ao sitio e averiguamos que é verdade que é así. Entonces, oíe, alá vos, como queiran.

-Sra.alcaldesa: pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra
PP: 6 A Favor
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 A Favor
QUEDA REXEITADA A MOCIÓN

A Sra.alcaldesa di que se fai un receso de 15 minutos porque imos a convocar ese minuto de silencio diante do concello.

Faise un receso de 15 minutos de 12:00 a 12:15'.
Se reinicia a sesión sendo as 12:17'.

18 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A INVESTIGACIÓN DO ACONTECIDO COA RESTAURACIÓN DA MINA DE ARZÚA EN PEDROSO. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No lugar das Barreiras, en Pedroso, aló polos anos 70 había unha mina que explotaba a empresa Arzúa, de alí extraía barro para a fábrica de ladrillos. Nesa mesma década Arzúa deixou de cavar e alí onde quedaron os tres ocos que antes tiñan barro formáronse tres lagoas. Durante anos a empresa Megasa desenrola na zona un plan de restauración mineiro autorizado pola Consellería de Industria, que consistía en encher os buratos con residuos procedentes da industria metalúrxica para despois cubrilos con terra vexetal.

As veciñas e veciños de Pedroso levan desde que empezou este recheo preocupados pola súa saúde, xa que os residuos que alí chegaban din que procedían de partículas en suspensión correspondentes a metais pesados que se introducen no corpo e non se eliminan. Ademais de que o que sería a rexeneración da mina en Pedroso non funcionou, esta implica o verquido de terra vexetal enriba dos escombros e a repoboación forestal pero o que hai nese punto é unha montaña de residuos que alcanza uns niveis de altura que nunca houbo nese lugar, nin cando era monte, e as árbores prantadas nesa montaña ou arredores secan.

Esta montaña da que falamos está preto de casas e do río Xuvia, posiblemente vertendo materiais contaminantes ao mesmo que son arrastrados pola auga cando chove.

POR TODO ISTO, SOLICITAMOS OS SEGUINTE ACORDOS:

- 1.- Instamos ao Concello a un estudo do departamento de Medio Ambiente, unha vez a Xunta informou, que avalíe “in situ” a situación actual dos verquidos nesta zona de Pedroso e informe do resultado á Xunta de Galiza
- 2.- Instamos ao Goberno Municipal a que modifique o PXOM, tal e como solicitamos nunha emenda que fixemos ao mesmo desde o Grupo Municipal do BNG de Narón, e que non clasifique a zona mineira onde están estes verquidos como infraestrutura ou “zona de especial protección por infraestruturas” por non existir infraestrutura tal e como marca o propio mapa.

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de TEGA -2-, PP -1- e PSdG-PSOE -1-; e o voto favorable da portavoz do BNG) da Xunta de Portavoces de data 28-10-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos nestes mesmos

EMENDA BNG

Desde o Grupo Municipal do BNG de Narón propoñemos a seguinte emenda á nosa moción
para a investigación do acontecido coa restauración da mina de Arzúa en Pedroso

A nosa emenda pasaría por:

1. Substituír o primeiro punto dos ACORDOS polo seguinte:

“Instamos ao Concello a un estudo do departamento de Medio Ambiente, unha vez a Xunta informou, que avalíe “in situ” a situación actual dos verquidos nesta zona de Pedroso e informe do resultado á Xunta de Galiza”.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: parécenos importante dar voz aquí á parroquia de Pedroso que nos seus consellos territoriais sempre demandaron unha solución ao que estaba acontecendo nese depósito de resíduos que se ten en Megasa. É verdade que se nos deu un informe da Xunta de Galicia que di que incluso vale para revalorizar os terreos porque é unha antiga canteira, entón o que se fai é cubrir, eso estaría ben se só se cubrira pero no fondo o que hai é unha montaña, non mellora pasaísticamente. Sabemos polos veciños e veciñas que nos din que se secaron todas as fontes do carón. É verdade que aí e deso si que tamén o pon o informe da Xunta, que hai unha terceira base que se utiliza para bombear auga e cuxo verquido vai ao regato da Revolta, regato por certo que remata no río Xuvia que tamén é Rede Natura digo, porque aínda que digan que é inocuo e tal, eses sedimentos industriais que pode pasar despois dologo mandámoslles cartas aos veciños e veciñas decindo que teñan cuidado porque o río Xuvia está contaminado, cantas contaminacións soen ser de augas arriba por procesos industriais, é algo que nos preocupa moito e cremos que dende o concello hai un departamento de Medio Ambiente, que traballa ben e que era bo que fóra a mirar de verdade esa montaña que a nós nos parece perigosa.

E por eso presentamos esta moción que non saíu adiante na Xunta de Portavoces, pero nas que estamos convencidas e convencidos que temos que dar voz a unha parroquia moitas veces esquecida como é a de Pedroso e por eso temos preguntado pola situación do Local Social, bueno, por tantas outras cousas, non vou a ... necesitaríamos 2 plenos para falar todo o que lle falta a Pedroso. O que si que temos claro é que incluso non, nese informe que aporta a Xunta de Galicia na que se di que se non hai esas prospeccións mineiras pódese pechar incluso. O que se está é depositando é unha montaña moi alta, moi alta. Se ides ao Google maps, xa o vedes claramente.

E tamén o punto 2, que nos parece importante que o presentamos con alegación no plan xeral e que valga este pleno para refrendar o posicionamento de cada quen, que é solicitar ao Plan Xeral que non domine infraestrutura algo que non é. Eu sei as alegacións que hai polo equipo redactor, no propio visor autonómico da Xunta de Galiza, non recolle unha infraestrutura aí porque o que hai é un depósito, non hai nada que podamos dicir que eso é unha infraestrutura. Se é necesario para dar cabida no Plan Xeral e que eso siga sendo así, que tamén nolo digan, que non nos enganen porque nós xa decimos que non estamos de acordo con ese criterio e por certo, preguntándolle a arquitectos e a diferentes técnicos que cando nós facemos alegacións ou tal, facémolo realmente buscando e vendo se realmente temos a razón ou estamos erradas.

Entonces traemos esta moción porque cremos que é necesario dar este debate, que sexamos conscientes do que está ocorrendo alí, que está ao lado de terras agrarias, de terras útiles e de zonas protexidas moi cerca e que ao final se cubre para determinadas zonas parar dar cabida a unha suposta infraestrutura que non existe. Por eso traemos esta moción. Ogallá fose aprobada e senón seguiremos traballando e loitando para conseguir ese estudo técnico e que para no Plan Xeral non veña recollida como a día de hoxe está.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Dende o grupo socialista si que compartimos todo eso que di a voceira do bng no suposto de que o informe pois dixera o que está decindo a voceira. Pero temos un informe da Xunta, por eso nos chega a estranar que se manteña a moción porque nos di xustamente o contrario. Nos di neste caso, o informe da Xunta, elaborado polos técnicos, non por políticos da Xunta neste caso, di que o titular do ... mineiro ven presentando cada ano a correspondente plan de labores. Neste documento o titular inclúe entre outras a caracterización das escouras mediante análisis químicas e certificado que acredita o seu carácter inerte. Os datos de volumes de vertedura, de superficies afectadas e de especies vexetais utilizadas, ademais dos planos definidos das ditas zonas. A explotación conta con dúas balsas, como ben se referiu antes a voceira do bng, unha decantación e paralelo conectadas cunha terceira balsa de auga clarificada. Desta a cal se verte a auga e o rego da Revolta, no punto de vertedura utilizado pola Xuntano cal se realizan análises periódicas por parte do órgano competente. Bueno, a min e ao meu grupo nos parece claro que aquí non acontece nada.

A moción tal e como está plantexada agora coa emenda se divide en dúas partes: en que se faga un estudio por parte do departamento de Medio Ambiente por parte dos técnicos municipais que loxicamente que entendo que é unha redundancia, é dicir, é volver a facer outra vez o mesmo traballo que xa fixeron os técnicos da Xunta. Non ten moito sentido.

E o segundo punto respecto ao PXOM e a súa catalogación respecto ao futuro PXOM cando se aprobe, esperemos, pois habrá unha comisión de Urbanismo na que se discutirá todas as alegacións que se presentaron ao PXOM. Esta me consta que é unha delas, foi presentada como dixo a voceira do bng non só polo seu grupo político, senón por moitos veciños.

Con esto o que quero dicir Sra.Ferreiro, é que nós somos totalmente sensibles á parroquia de Pedroso. Pero tamén é certo que no seu día foi utilizada esta explotación. A día de hoxe non temos ningún informe que diga que non cumpre. Cando teñamos un informe actuaremos, actuaremos con responsabilidade esixindo depurar calquera tipo de responsabilidade a quen cometese calquera tipo de irregularidade. Pero o certo é que incluso lidos eses dous parágrafos, o informe acaba decindo en que non se ía permitir o abandono desa explotación ata precisamente que estivera todo de acordo á legalidade. Polo tanto, creo que este informe é contundente no sentido de que, non desvirtúa o sentido da moción pero si que a fai, digamos vacía de contido.

Polo tanto, a posición dende o noso partido socialista vai ser a de votar en contra.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Referente a esta moción é certo que os veciños de Pedroso en varias ocasións preguntaron por eses verquidos e polo que estaba ocorrendo alí, e tamén é certo que a veces comentaban que non se levaba un control como debería corresponder. Pero vistos os informes que recibimos e que nos trasladou a Sra.alcaldesa, bueno, pois a sensación ou o que se recolle aquí é o que falou o compañeiro, que hai un seguimento e que todos os anos teñen esas revisións.

Nós si que bueno, poderíamos estar de acordo no primeiro punto e que se seguira investigando, e dende os propios técnicos municipais se revisara a ver se cumpría os procesos

que se cometen neste informe; e no segundo punto, é no que nós diferimos e ademais lles comentamos xa na Xunta de Portavoces, de que entendíamos que se hai un PXOM e se fixo a alegación e se hai un equipo redactor e uns técnicos que contesten as alegacións e os que faigan as propostas de aceptar ou non aceptar alegacións, pois creo que deberíamos respectar ese procedemento porque ao final é o que neste caso, ten a potestade para que o día de mañá clasificar esas parcelas e o seu entorno coa clasificación que corresponde a ese solo. E nós por eso ímonos abster. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: bos días.

Grazas Sra.alcaldesa. Bueno, en primeiro lugar decir que este é un proxecto autorizado pola Xunta. E que as competencias de seguimento son exclusivas da Xunta de Galicia.

E como pedía o bloque na súa moción, no primeiro punto, solicitouse ese informe á Xunta de Galicia, e como ben di Jorge, me volvo a repetir, é un informe bastante clarificador. Este informe se di que este material que se deposita alí, a escoria é un material inerte e non o di a Xunta de Galicia, o di unha normativa da Comunidade Económica Europea que clasifica este produto como inerte. Logo se fai unha relación e se di tamén que se fan controis periódicos das augas que saen desa primeira fosa, co cal creo que está bastante claro que aí non hai unha problemática, polo menos que sexa evidente.

Nós con respecto ao segundo punto de modificación do PXOM, temos que decir que ese solo é solo rústico. E estaba en solo rústico no PXOM actual, e sigue como solo rústico no PXOM que aprobamos inicialmente no mes de abril. A única diferenza que ten é que eso está clasificado cunha protección de infraestruturas pero de servidume aérea. É dicir, como casi todo en Narón. Eu mañá se quero solicitar unha licenza para a miña vivenda, teño que pedir autorización desa servidume aérea. É a única protección que ten. Non ten ningunha clasificación ese solo. Segue sendo rústico, nin ten protección de infraestructura, nin ten ningunha protección. Non sei que modificación queren facer no PXOM. Segue sendo solo rústico e hai un proxecto de valorización deses terreos para destinar a rústico; é dicir, unha vez rellenos esas fosas se vai facer unha plantación encima, rústica.

E con respecto a emenda que presenta o bloque nós o que podíamos facer era pedirlle á Xunta de Galicia que nos mande a copia de todos os análisis que fai, e coa periodicidade que os fai e incluso se queredes pedimos unha copia do proxecto para ver sobre todo a altura, por si nun momento determinado alguén se cola e se pasa de altura dese recheo. E con esto creo que cumplimos coas normas, coas nosas obrigas e entón de momento imos a votar en contra desta moción.

-Sra.Ledo Díaz: estaba ben que votásedes a favor porque o que estás decindo é o que pedimos no punto 1. Entendo que non estades de acordo co do Plan Xeral e continuades chamándolle infraestructura cando nos realmente, xa que falades ...imos ao visor autonómico e non aparece infraestructura ningunha. Nós temos aquí o informe e espero que o lerades todos porque para nós foi moi clarificador precisamente por eso. Porque non, viña de ler Jorge Ulla a caracterización das escorias mediante análises químicas e certificado que acredita o seu carácter inerte pero non nos acompañan deses informes. Home, podería facer un brindis ao sol, a Xunta de Galicia o partido popular, pero ten demostrado por activa e por pasiva que utiliza as cousas, que se inventa un plan estratéxico e leis industriais de non sei que, para favorecer certas cousas que son moi graves e que logo lle teñen que parar noutras instancias. Igual que ven o partido popular e a Xunta de Galicia a decir que non a máis de 17.000 sinaturas que recolleron mariñeiros e mariñeiras e do sector industrial marítimo pesqueiro,

para solicitar o seu carácter estratéxico nun país altamente dependente da pesca e decidiu que nin sequera se debatira no Parlamento.

Esa é a Xunta de Galicia que ao parecer aquí hoxe e respecto a este tema hai que defender onde están esas análises e por certo, no último pon que se non hai esas prospeccións mineiras, é dicir, ese traballo que nos está dando porque é unha escombrera que o propio Ministerio de Industria e Enerxía ten que emitir un informe desfavorable, é importante porque eu creo que o informe é moi claro e eu creo que esto da restauración dos mineiros con fins destrutivos e acondicionamento en restauración e enxeñería paixasística, que me digan a min que unha montaña de escombros que teñen en Pedroso é recuperación paixasística. Paréceme bastante grave porque os veciños e veciñas que están alí todos os días igual nese informe técnico que debiera de facer o concello, habería que escoitar máis alá dos consellos territoriais porque nos din efectivamente que non todas as augas saen desa terceira fosa que aparece remitido neste informe, senón que cae por outras partes que hai lodos, que ha... sobre todo en épocas de choiva que eses lodos aparecen por escorrentías e non só para o regato da Revolta e queremos saber esa análise tras saber realmente a auga que vai ao regato porque insisto, igual que a Xunta fai leis “ad hoc” para ter a Altri ou que agora parques eólicos paralizados vaian á Unión Europea a pedir que o desparalicen porque realmente é estratéxico, aínda que incumplan con toda a normativa e que teña que ser o bng no Parlamento Europeo porque é así, estamos en todas partes, como así, temos máis moral que o Alcoyano e defendemos este país e Narón onde faga falta, e que teñamos que dicir, oie, que pare a Xunta de Galicia de gobernar para as eléctricas e de emitir informes para beneficio de catro.

Porque teño que dicir que se facedes ese informe por favor, que faledes coa Universidade de Compostela que no seu momento fixo un estudio sobre o que se quería facer nestes residuos que levan décadas soportando os veciños e veciñas de Pedroso porque igual ao mellor a técnica de Medio Ambiente deste concello, non está a favor do que se está facendo e creo que merece que poida estudar este caso, que vaia alí, e recoméndovos “in situ”, que vaiades a ver o que está acontecendo. Porque entón saberíades realmente xa, visualmente hai que estar en contra pero aparte todos os residuos que non só caen desa terceira balsa. Entón nós con este informe o que nos valeu para saber a opinión da Xunta, e como defende algo sen estar “in situ” e creo sinceramente que se poden mudar, hoxe non vai ser pero a min tamén se me dixo que nunca se ía ter un CIM en Narón e espero antes de irme nesta lexislatura que así sexa. Así que nós seguiremos traballando polo que consideramos correcto e para defender á veciñanza neste caso, da parroquia de Pedroso.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno, dúas aclaracións. Os informes da Xunta é un informe dun técnico onde di que fai unhas revisións puntuais da instalación, dos recheos, de que altura teñen e do que teñen que ter no futuro cando se termine o proxecto. Si 40 centímetros de terra, e despois plantación. Unha vez que se enchen as fosas..... as fosas teñen 300.000 m3 . Levanse metido alí 253.000 m3, é o que pon o informe, dun técnico da Xunta, non do presidente da Xunta nin do político, informe dun técnico. Di 300.000 m3 e van recheos 253.000 . Cando se acabe ese recheo a nivel ou como estaba o terreo inicialmente cando se iniciou esa apertura desas fosas, se vai a poñer unha capa de 40 cm e despois unha plantación arbórea. Eso é o que pon no proxecto, eu non vou a discutir co técnico da Xunta, se eso está así ou non está así.

Segundo apartado: alí non hai clasificada ningunha estrutura. Solo rústico, non hai clasificado, ningunha clasificación de ningunha infraestrutura, é solo rústico. E é unha recuperación, unha valorización este proxecto do solo rústico. Non hai ningunha infraestrutura, hai unha protección de infraestructuras que é unha servidume aérea. Que está

afectado todo o Concello de Narón. Non hai ningunha infraestrutura nin clasificación de ningunha infraestrutura. Non sei de onde sacades que hai alí unha infraestrutura. É un proxecto de recheo de valorización duns terreos rústicos, é solo rústico. E segue sendo solo rústico. Espero que o teñades claro.

-Sra.Ledo Díaz: eu entendo que che pasen os apuntes porque ademais é eso. O concelleiro desta área, que digas que ese chan esté cumprindo cando hai unha montaña e que demos por boa fe, ou sexa, nós antes dixemos que había outros departamentos antes de ter un enxeñeiro de camiños, canales e portos e non é porque teña manía aos enxeñeiros, que teño que convivir con un todos os días na miña casa, pero sabemos que eso non é a solución para todo. Agora dades por boa fe o que emite a Xunta de Galicia, nós cando menos nos preocupa porque nós eso non o podemos facer.

O de infraestrutura ven recollido como tal non só polo tema aéreo, eso pode estar explicado así senón que ocupa xusto e exclusivamente a zona das balsas que hai agora mesmo en Pedroso. E xusto onde xa non afectaría pasa a ser curiosamente chan rústico. Por que? Porque todo debería de ser rústico. Porque alí non hai ningunha infraestrutura. Nin eucaliptos nin tal... bueno, supoño que os taparán algún día para tapar esa montaña enorme. O que hai é verquidos e por favor pedímosvos que fóra de dar por válido este informe que vaiades in situ, xa que eres o concelleiro deste área e que comprobases se isto xa só visualmente o que aparece recollido neste informe é verdade ou mentira. Porque as cousas non se solucionan só cun informe, se solucionan escoitando á veciñanza e vendo in situ o que está acontecendo alí.

Para nós o que está acontecendo é moi grave e creo que temos que escoitar á veciñanza e darlle cabida porque repito, tamén a área recreativa de Pedroso está prohibido o baño dende hai anos pero a Xunta de Galicia non nos deu ningún informe decindo cal é ese tipo de contaminación. Pero si o concello escribe unha carta aos veciños e veciñas para ver o que lle botan na súa terra. Que pode estar mellor ou peor pero xa vos digo que non é o suficiente como para impedir o baño no río Xuvia. Que forma parte da rede Natura, podería ter axudas pero a Xunta de Galicia o único que nos di porque analiza as augas que non se pode bañar aí, por que? E porque hai esas canalizacións de auga a un regato e porque resulta que sae auga fóra desas balsas e non imos alí a comprobar que o que din os veciños e veciñas é verdade. É algo que non comprendemos, así que nada, estamos orgullosas de tráela aquí, que poidamos debater porque cremos que o debate é importante e seguiremos traballando para que isto se solucione porque a día de hoxe con este informe e co que vos decidides cremos que non estamos poñendo solución. Nós seguiremos traballando nela insistentemente ata que poidamos poñer un conseguido nas redes sociais que tanto lle gusta a Ibán Santalla cando o poñemos, así que nada, moitas grazas e nada, votamos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 En contra

QUEDA REXEITADA ESTA MOCIÓN

19 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REVISIÓN DOS CUSTOS DA MAN DE OBRA DO CONTRATO DE RSU E LIMPEZA VIARIA NOS TERMOS ESTABLECIDOS. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

“Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

URBASER, S.A. é a adxudicataria do servizo de recollida RSU e limpeza viaria do Concello de Narón, cun contrato que xa en diferentes ocasións estes anos desde o BNG municipal puxemos en cuestión. No 2023, ademais, desde o persoal traballador e man de obra que efectiviza este contrato tiveron que reclamar que se cumprisen as súas demandas laborais e convocar unha folga en 2023 que, despois de prometer desde o concello que se cumpriría co convenio, desconvocouse.

No servizo de recollida contéplase no artigo 11 do prego de cláusulas administrativas unha revisión de prezos nos que se inclúe a revisión dos costes de man de obra co límite do incremento que experimenten as retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas. Ademais, no artigo 28 fálase da actualización salarial e, tal e como enviaron por escrito o comité de empresa de URBASER , aparecen recollidas as diferentes subidas anuais posibles. Desde o BNG vemos necesario que este concello poña en valor o traballo do persoal deste servizo e que asuma as demandas do comité de empresa co necesario o incremento adicional das táboas salariais tal e como aparece no convenio colectivo.

POR TODO ISTO, SOLICITAMOS OS SEGUINTES ACORDOS:

- 1.- A revisión por parte do Concello do prezo do contrato de acordo co previsto no artigo 11 do prego de cláusulas administrativas.
- 2.- Instar ao concello de Narón ao incremento adicional das táboas salariais do mesmo.
- 3.- Instar ao concello de Narón a que estes acordos plenarios sexan vinculantes e efectivos.

E visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do PP -1-; e os votos a favor de TEGA -2-, BNG -1- e PSdG-PSOE -1-) da Xunta de Portavoces de data 28-10-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: ben, presentamos esta moción unha vez que pasou por Rexistro non, é unha petición dos traballadores e traballadoras do servizo de limpeza, de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria. Agradecemos a emenda que fixo terra Galega para o punto 1, que cremos que mellora ese punto e que queda máis claro o que hai que facer, e consideramos que son unha demandas que aparte de estar recollidas no convenio e que se teñen que mirar esas subas salariais e ter en conta as táboas, por eso a presentamos e para que entre todos, instemos para que a empresa adxudicataria e dun servizo millonario así o cumpla, no.

Non me vou estender moito máis porque aquí os protagonistas son as persoas que fan un traballo público e que manteñen entroutras cousas, limpo o concello de Narón, que fan un esforzo grande, a veces máis do que aparece no contrato e que espero que saia aprobada por unanimidade.

-Sr.Romero Franco: ben, pois tras presentar esa emenda no punto número 1, pois loxicamente imos a votar a favor desta moción. Dende logo que a nosa obriga é cumprir os pregos deste

contrato e desde logo que xa se estaba traballando nesas revisións cunhas condicións que tiñamos que cumprir, tiñamos que pasar un tempo determinado e así se está facendo e dende logo que se ía a levar a cabo, polo tanto, nas condicións que está o Prego e loxicamente así o faremos, e tamén aclarar que loxicamente a nosa obriga é cumprir esos pregos pero non é negociar convenios coa empresa senón eso é unha función entre os traballadores e a propia empresa. Nada máis. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

20 °.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓN URXENTES

A/ PROPOSTA PARA O LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO E A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE NARÓN, NEDA, FENE E FERROL PRA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA "MEMORIAL ADOLFO ROS-VOLTA Á RÍA. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 30 de outubro de 2024, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

“INFORME DO SERVIZO DE DEPORTES

ASUNTO: Levantamento de reparo con efectos suspensivos á aprobación do Convenio de colaboración entre os concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva “*Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría*” Exp- DEP/2024/61.

ANTECEDENTES

O día 28 de outubro de 2024, a xefa da Sección de Deportes, emitiu o informe proposta (DEP18I02FQ) para a aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, que transcrito di:

“INFORME – PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE NARON, NEDA, FENE E FERROL PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “MEMORIAL ADOLFO ROS-VOLTA Á RÍA” (2024-2028)

ASUNTO : Aprobación Convenio Memorial Adolfo Ros-Volta a Ría”

En relación co asunto de referencia, quen subscribe, emite o seguinte:

INFORME-PROPOSTA:

O vindeiro 31 de outubro de 2024, remata a prórroga do Convenio de colaboración asinado entre os Concellos de Narón,Neda, Fene e Ferrol para a organización do Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría, que foi aprobada polo Concello Pleno de Narón, o día vintaseis de outubro de 2023.

Con motivo do remate de dita prórroga, e da necesidade de iniciar os trámites para levar a cabo un novo convenio, os representante políticos e técnicos de cada un dos concellos participantes levaron a cabo diferentes xuntanzas, na que se acordaron diferentes puntos que aparecen sinalados no apartado segundo do texto do novo Convenio que se pretende aprobar.

O dito preacordo foi asinado polos representantes dos catro Concellos, o día 2 de xullo de 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Informe Xurídico emitido polo Secretario Xeral do Concello de Narón, en data 24 de outubro de 2024.*

Polo exposto anteriormente a que subscribe propón que a alcaldía eleve ao Concello Pleno, o seguinte

Informe-proposta :

1 Aprobar o Convenio de Colaboración entre os concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización de xeito rotatorio, do Memorial Adolfo Ros-Volta a Ría, correspondendo este ano 2024 a organización da proba ao Concello de Narón. A duración de dito convenio establécese dende o 1 de novembro de 2024 ó 31 de outubro de 2028.

Dito convenio, no que se inclúe como anexo o Regulamento da Proba, achégase xunto con esta proposta.

2 Aprobar o gasto plurianual, para os anos 2024, 2025, 2026 e 2027, derivado da suscripción do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportivas denominada “Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría” segundo o seguinte detalle:

EXERCICIO	IMPORTE ANUALIDADE	CONCELLO ORGANIZADOR
2024	0,00	NARÓN
2025	5.434,84	NEDA
2026	5.434,84	FENE
2027	5.434,84	FERROL

3 Deste acordo, ao ser tramitado con carácter de urxencia, darase conta na vindeira Sesión da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, que se celebre, tal e como se prevé no artigo 126.2 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais..”

*A Intervención Xeral, con data 29 de outubro de 2024, emite un informe de reparo que terá efectos suspensivos, (ICO18I00DJ) polo motivo de **omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación.***

No citado informe de reparo, a Intervención pon de manifesto que “na Clausula quinta do convenio de colaboración establécese o pagamento anticipado da totalidade da achega de cada Concello, é dicir, con carácter previo á realización da proba. Polo tanto, incúmrese o que se establece no artigo 21.3 da Lei xeral orzamentaria, “

A este respecto, a que suscribe, pon de manifesto que a proba deportiva citada na parte expositiva, leva trinta e sete anos realizándose de xeito rotatorio entre os catro concellos, sendo a celebración deste ano 2024 a súa 38 edición. Soamente foi suspendida a celebración da proba deportiva no ano 2020, por mor da crise sanitaria producida pola COVID-19.

A xuízo da que suscribe, existe un compromiso serio por parte dos concellos organizadores da proba, para que esta siga sendo organizada todos os anos que dure o convenio motivo deste informe.

Por outra banda, o informe da Intervención, en relación coa cláusula sétima do convenio de colaboración, que establece como dereitos de inscrición da proba a cantidade de 7,00 €, sendo gratuito para menores, deixa tamén constancia do que consta no apartado terceiro, advertindo que “o concello de Narón, non dispón de ningunha ordenanza en virtude da cal se poidan cobrar esas contías, polo que no caso de que se ingrese en contas municipais as ditas cantidades en concepto de custos de inscrición, debería regularizarse previamente esa situación mediante a aprobación da correspondente ordenanza para garantir a legalidade deste tipo de ingresos.”

Despois do exposto anteriormente, a funcionaria que subcribe, propón á Alcaldía para que, se procede, eleve ao Concello Pleno, o seguinte:

- 1- Levantar o reparo con efectos suspensivos á aprobación do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva “**Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría**”.*
- 2- Aprobar o Convenio de Colaboración entre os concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización de xeito rotatorio, do Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría, correspondendo este ano 2024 á organización da proba ao Concello de Narón. A duración de dito Convenio establécese dende o 1 de novembro de 2024 ó 31 de outubro de 2028.
Dito convenio, no que se inclúe como anexo o Regulamento da Proba, achégase xunto con esta proposta.*
- 3- Aprobar o gasto plurianual, para os anos 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, derivado da suscripción do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva denominada “**Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría**” segundo o seguinte detalle:*

EXERCICIO	IMPORTE ANUALIDADE	CONCELLO ORGANIZADOR
2024	0,00	NARÓN
2025	5.434,84	NEDA
2026	5.434,84	FENE
2027	5.434,84	FERROL
2028	0,00	

- 4 Deste acordo, ao ser tramitado con carácter de urxencia, darase conta na vindeira Sesión da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, que se celebre, tal e como se prevé no artigo 126.2 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro ,polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais..”*

Logo de ver o dito informe, esta Alcaldía propón ao Concello Pleno a aprobación dos seguintes puntos:

- 1-** Levantar o reparo con efectos suspensivos á aprobación do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva “**Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría**”.
- 2-** Aprobar o Convenio de Colaboración entre os concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización de xeito rotatorio, do Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría, correspondendo este

ano 2024 á organización da proba ao Concello de Narón. A duración de dito Convenio establécese dende o 1 de novembro de 2024 ó 31 de outubro de 2028.

Dito convenio, no que se inclúe como anexo o Regulamento da Proba, achégase xunto con esta proposta.

- 3- Aprobar o gasto plurianual, para os anos 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, derivado da suscripción do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva denominada “ Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría” segundo o seguinte detalle:

EXERCICIO	IMPORTE ANUALIDADE	CONCELLO ORGANIZADOR
2024	0,00	NARÓN
2025	5.434,84	NEDA
2026	5.434,84	FENE
2027	5.434,84	FERROL
2028	0,00	

- 4.- Deste acordo, ao ser tramitado con carácter de urxencia, darase conta na vindeira Sesión da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, que se celebre, tal e como se prevé no artigo 126.2 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.. ”

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

B/ MOCIÓN TEGA, BNG E PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á RESOLUCIÓN DA FOLGA DE TRANSPORTE URBANO. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal traballador do servizo das liñas de autobús de Ferrol, Narón e Neda levan máis de 100 días en folga para reclamar que se lles aplique o convenio provincial de transporte de viaxeiros/as por estrada. Este servizo foi adxudicado pola Xunta de Galicia, administración competente en materia de transporte público, á UTE formada por Intercar e Maitours (ambas do grupo ALSA).

A situación a día de hoxe, pasado máis de tres meses de folga, é insostible tanto para os traballadores que seguen sen ser escoitados nas súas xustas reivindicacións por parte da empresa, como para a veciñanza de Narón que sofre as consecuencias da falta de transporte público para os seus desprazamentos dentro do noso Concello e aos concellos limítrofes afectados. No Concello somos coñecedores das queixas dos/as usuarios/as deste servizo pola situación que se está a vivir e consideramos que a Xunta de Galicia responsable do servizo debe tomar medidas para garantir tanto os dereitos da veciñanza coma dos traballadores que están a secundar a folga.

ACORDOS:

- 1- Instar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da que depende este servizo, a emprender os pasos necesarios para dar solución a este conflito, de tal maneira que se vexan atendidas as xustas reivindicacións do persoal en folga e se garanta á veciñanza a volta á normalidade deste servizo de transporte público.

- 2- Instar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, como responsable de velar polo cumprimento dos dereitos laborais, a buscar solucións para que os traballadores en folga vexan atendidas as súas xustas reivindicacións, polas que levan máis de tres meses en folga.
- 3- Dar traslado deste acordo á Consellería de Presidencia e á Consellería de Emprego, así como aos grupos políticos do Parlamento Galego.

Narón, 28 de outubro de 2024.

Asdo: Román Romero Franco

Asdo: Olaia Ledo Díaz

Asdo: Silvia M^a de Arriba Fernández

Voceiro de TEGA

Voceira do BNG

Voceira do PSdG-PSOE

Emenda do grupo municipal do PP, que foi aceptada e queda incluída nos acordos a aprobar:

- Solicitar á Consellería que corresponda que inicie os trámites correspondentes para propoñer unha penalización económica á UTE formada por Intercar e Maitours (ambas do grupo ALSA) pola falta de interese en resolver o conflito da Folga e polos prexuízos que esta ocasionando diariamente aos usuarios do transporte no Concello de Narón.

EMENDA PRESENTADA POLO PP

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA DE ADICIÓN

A moción de TEGA-BNG-PSOE relativa á resolución da Folga de Transporte Urbano.

Concello de Narón entidade que participa no financiamento do Transporte Metropolitano, a situación que esta provocando a folga no servizo de transporte desde fai máis de 100 días, esta levando a unha situación límite a gran cantidade de usuarios de dito servizo, cidadáns que o utilizan diariamente para distintas cuestións, para acudir o seu traballo, escolares para asistir a os colexios e institutos, e que día tras día vense prexudicados e mesmo chegan tarde ás súas clases, traballadores que non poden cumprir o horario habitual por esta folga. Dada a cantidade de queixas que estamos recibindo a diario por distintos medios e gran cantidade de usuarios prexudicados motivado por a folga do transporte público.

Solicitamos: a Conselleira que corresponda que inicie os tramites correspondentes para Propoñer unha penalización económica á UTE formada por Intercar e Maitours (ambas so grupo ALSA). Pola falta de interese en resolver o conflito da Folga e por os prexuízos que esta ocasionando diariamente a os usuarios do transporte no concello de Narón.

Narón, 30 de outubro de 2024

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

DEBATE

-Sr. Romero Franco: o persoal traballador da liña de autobús Ferrol-Narón-Neda, levan máis de 100 días en folga para reclamar que se lles aplique o convenio provincial de transporte de viaxeiros e viaxeiras por estrada. Este servizo foi adxudicado pola Xunta de Galicia, a administración competente en materia de transporte público, AUTE, formado por Intercar,

Maiteurs , ambas do grupo ALSA. A situación a día de hoxe, pasados máis de 3 meses de folga é insostible, tanto para os traballadores que seguen sen ser escoitados nas súas xustas reivindicacións por parte da empresa, como para a veciñanza de Narón que sofre as consecuencias de falta de transporte público para os seus desprazamentos dentro do noso concello e os concellos limítrofes afectados. No concello somos das queixas dos/as usuarios/as deste servizo pola situación que se está a vivir e consideramos que a Xunta de Galicia é responsable do servizo e debe de tomar medidas para garantir tanto os dereitos da veciñanza como dos traballadores que están a secundar esta folga.

Polo tanto, como creo que así vai a ser, todo o pleno municipal apoiará esta moción e dende aquí trasladamos todo o noso apoio aos traballadores da empresa. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Quero dicir loxicamente que como firmamos esta moción estamos de acordo, pero lonxe xa das circunstancias que afectan aos veciños e as veciñas loxicamente son unhas das consecuencias que precisamente se pretende co dereito de folga, eu si que quero criticar, aproveitar que están os compañeiros e compañeiras que prestan servizo e somos afectados pola folga, si que manifestar que a miña opinión persoal e incluso profesional, incluso política que o que está facendo esta concesionaria, é un auténtico abuso e unha vulneración do dereito de folga dos traballadores que se ven agora cuns servizos mínimos abusivos, aplicados pola Xunta de Galicia, a prestar servizos durante 7 horas e cobrar unha ridícula cantidade de 300 euros por 7 horas de traballo.

Polo tanto, que saibades que tedes todo o noso apoio e espero que algún día non moi tarde, que esta situación se revirta.

-Sra.Ledo Díaz: esta moción que presentamos conxuntamente e que aceptamos a emenda que presentou o partido popular ao final, pero eu creo que aquí hai que darlle voz ás persoas que estades en folga dende hai 109 días e que levades anos soportando salarios indebidos e por debaixo dun convenio do que se está aproveitando a empresa, e buscando uns criterios que para nada son os que deben senón unha Xunta que non está nin se lle espera e cuns servizos mínimos moi abusivos. É un dereito que teño que dicir, o da folga que se intenta vulnerar por activa e por pasiva e da folga que levan estes traballadores e traballadoras, que apoiamos as persoas usuarias maioritariamente que sabemos que é unha consecuencia, e ogallá que houbera maiores consecuencias porque a folga é un dereito de toda persoa traballadora e é dos poucos que se pode exercer para reclamar os dereitos das persoas traballadoras e que afecta á saúde da xente, as familias e as persoas que os rodean e tamén repercute nos salarios que xa así aquí son mermados, e que o único que se lle pide e que asuman as táboas salariais do transporte e un convenio e hai outra empresa que o asumiu pero esta non con xente que leva traballando décadas e dando cara a esa empresa e facendo un traballo necesario, e é importante decilo neste pleno, en todos os sitios e pedir aos responsables, tanto a empresa concesionaria como a Xunta, que ten que velar porque este servizo sexa diferente e porque as persoas traballadoras cobren o que teñen que cobrar, que se solucione. Creo que é importante debatilo, creo que é importante darlle voz a esas persoas traballadoras e que non chegan as palabras bonitas senón que o que temos e que ter feitos para persoas que levan 109 días en folga, e que levan anos sen cobrar o que tiñan que cobrar.

-Sr. Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, como xa comentamos no punto 5, cando se aprobou a modificación de crédito para a ampliación do transporte metropolitano, e como consideramos que o concello de Narón é un concello que participa financieramente no transporte público, e dada a existencia desta folga que leva máis de 100 días e que os

traballadores están sufrindo as consecuencias pero tamén os usuarios, creo que debemos de propoñer e agradezo que aceptarades o punto que propuxemos para a moción de que se propoña unha penalización económica á empresa polo perxuicio que está ocasionando tanto aos usuarios que están utilizando ese transporte como aos propios traballadores por non aceptar o convenio que teñen aprobado coa mediación dunha sentenza.

Entonces bueno, nós apoiamos a moción e votaremos a favor para seguir traballando e seguir pelexando e animándoos a que non decaigan porque esperamos e desexamos que consigan o que merecen que son como traballadores. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa:..... tratamos de que fose incluso declaración institucional, falamos con vostede para que así fose, agora está presentado como moción, tardou como ben di Olaia en contestar e volver a sacar aquí agora o que se xa lle respondín cando fixemos esa modificación de crédito, para tratar de que se alguén se vaia cunha información errónea. O que fixemos antes é un trámite administrativo que é sacar dos remanentes diñeiro para que cando nos pida a Xunta pagar, o fagamos.

Un trámite administrativo únicamente de aquí , non estamos validando nin que vaiamos a pagar esa cantidade, nada , é eso, é dicir, tratar de enganar á xente que agora mesmo está de público e que está facendo goberno a verdade é que.... E sobre todo nesto que creo que temos que estar todos de acordo. LLo decía cando facía a súa intervención naquel momento. Eu non poñía tanto o foco nos usuarios, que tamén, senón que poñía o foco nos traballadores e llo decía nesa intervención. LLe decía que esta folga a quen está afectando, evidentemente tamén aos usuarios, é aos traballadores que levan todos estes días nunha folga, que é un dereito como ben decíamos e quen ten que mediar de verdade neste caso, de verdade, quen é o dono - non é a palabra máis adecuada- é a Xunta de Galicia. De verdade, tratar de desinformar á xente do que aprobamos ou non aprobamos aquí, a verdade que neste punto non me gusta nada.

E dende aquí evidentemente lle damos traslado, como xa manifestamos en varias ocasións, e ese apoio a eses traballadores que son os que están a sufrir esas condicións lamentables porque están nunha folga e créame que se tivesen outra alternativa non estarían hoxe en día en folga.

Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

C/ MOCIÓN PSdeG-PSOE RECLAMANDO A "CREACIÓN DUN PLAN DA VIVENDA PARA NARON".

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o “CREACIÓN DUN PLAN DA VIVENDA PARA NARON”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O noso Concello é a localidade cun menor número de vivendas vacías de toda ferrolterra, esa problemática de acceso á vivenda en Narón fai que exista un encarecemento nos prezos dos alugueiros que dificulta o seu acceso principalmente á xente moza.

Dende o PSdeG de Narón temos claro que debemos favorecer a oferta de vivenda para destinala principalmente o uso social, por iso propoñemos á creación dun plan municipal de construción de vivenda pública social.

O meritado Plan, ten que abordar dende a xestións ante outras Administracións, pero tamén o uso das ferramentas propias do noso Concello.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Concello de Narón a que proceda á cesión do solo de titularidade municipal a outras Administracións e promotores privados para a construción de vivendas públicas que garantan unha adquisición e alugueiro en condicións económicas asequibles

2.- Instar ó Concello de Narón a que faga auto promoción de vivenda municipal no solo de titularidade municipal para a construción de vivendas públicas que garantan a adquisición e alugueiro en condicións económicas asequibles.

3.- Instar ó Concello de Narón a que adopte as medidas legais oportunas para habilitar os entrecháns e baixos comerciais para destinalos á vivendas.

4.- Instar ó Concello de Narón a que proceda á adquisición polo Concello dos edificios inacabados dentro do noso termo municipal para tralo seu remate, sexan destinados a vivenda social.

5.- Instar ó Concello de Narón a que reforme o réxime fiscal da normativa de Narón para favorecer e impulsar a construción de vivenda social en Narón.

Narón a 28 de outubro de 2024.

INTERVENCIÓN SOBRE A URXENCIA

-Sr.Romero Franco: a ver, creo que aínda que está regulado loxicamente a posibilidade de mocións urxentes creo que dalgún xeito estamos devaluando esta figura que temos aquí. Creo que neste caso en particular, veñen 3 mocións urxentes ao Pleno. Creo que dúas delas quedan máis que acreditadas desa urxencia, desta presentación. Pero realmente non cremos que esta moción que non ten ningún punto que sexa dunha relevancia urxente neste momento como para presentala desta forma. Incluso sorprendidos de que despois da Xunta de Portavoces celebrada o luns, non se comentara nada e minutos máis tarde se presentara esa moción. Entón un pouco por respecto ao regulamento deste Pleno e por non devaluar a imaxe de mocións urxentes que realmente creo que ten unha función determinada, neste caso nós imos votar en contra.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por maioría, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita:

TEGA: 10 En contra

PP: 6 A Favor

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bueno, xa vou a predecir que creo que ides votar en contra toda vez que o voceiro de terra galega manifestou que esta moción non era urxente. A problemática da vivenda para terra galega non é urxente. Bueno, pois é unha mágoa saber que esa é a vosa posición pero bueno, precisamente desa falta de urxencia, desa falta de dedicación, obrigación digamos das vosas función, pois precisamente temos esa problemática que ten máis acusada no noso concello unha problemática que si que é certo que é a nivel estatal, así o teñen todos os indicadores sociolóxicos. Bueno, pois dito isto imos a poñer dous fitos enriba da mesa, imos poñer un número que é o 18% e o outro que é o 21,7%, son datos que están publicados, non os invento eu, podemos ir a hemeroteca. De feito o último deles incluso está publicado a data precisamente en que se presentou esa moción urxente.

Precisamente para falar sobre ese segundo dato é o 21,7% é a suba do prezo de aluguer de setembro do 2023 a setembro do 2024 do concello de Narón. Isto o que quere dicir según o que se publicou nos medios é que o concello de Narón é o pobo do concello de toda a provincia da Coruña onde máis sube porcentualmente o prezo do aluguer.

É un dato, despois temos outro dato que tamén se publicou recentemente tamén no xornal. Saiu publicado que a porcentaxe de vivendas vacías no noso concello é o menor de toda Ferrolterra, en concreto co 18% que é a cifra á que me estaba referindo anteriormente. Bueno e con todos estes datos e con todos estes indicadores o que me di terra galega, o que me di Sra.Ferreiro, é que esta moción non é urxente, pois non será urxente.

Non será urxente para vostede, pero é urxente para moitos veciños e veciñas que agora mesmo non atopan vivendas ou que os prezos dos alugueres están neste caso, desorbitados.

Bueno, dende o partido socialista queremos revertir esta situación e queremos que o concello se poña a andar. Vostede, seu goberno Sra.Ferreiro, que empece a traballar nun tema tan sensible e tan importante para a veciñanza e nun tema onde a súa axenda política non leva feito nada. No, Sra.Ferreiro. Nada. Así está a parálise de Narón. E pode dicir cantas licenzas fixo de edificios no seu goberno? Igual se contan cos dedos das máns eh. Narón foi un motor nese sentido, ese motor xa non existe. Moita poboación viñemos a Narón por ese motor, pero teño o convecemento de que se ese motor a día de hoxe está gripado é pola falta de gasolina e é polo seu interese. Vostedes teñen interese en que Narón non siga medrando, de verdade, é unha mágoa, e sinto pensar así.

Pero as evidencias o poñen enriba da mesa. Mire, antes falamos da Xunta, falamos dos deberes que lle poñíamos neste pleno, falabamos de que o próximo martes vai ter unha reunión co Sr.Rueda. Aproveite para cederlle o noso solo único á Xunta de Galicia, para facer vivendas de protección oficial. Temos moitos terreos. Cédallos. Fágao. Tamén pode facer, en caso de que a Xunta non lle faga ningún tipo de caso, que pode acontecer, pero pódoo facer incentivar esa autopromoción tanto pública como semi pública. A través de colaboracións neste caso, con promocións privadas. Pode facerse, non é descabellado. Pode facerse.

Tamén podemos facer calquera tipo de modificación urbanística a fin de que poidamos seguir a liña que neste caso está marcando a Xunta de Galicia a través ...nos edificios de vivendas de protección neste caso de titularidade autonómica, onde xa se van permitir os entrechás para

vivenda habitual, pois tamén podemos facelo e ampliar esa situación tamén aos baixos comerciais. Hai unha certa demanda, en concreto, hai unha demanda bastante grande na Solaina, un barrio que non medra, un barrio que está estanco. Hai demanda de vivendas, podemos habilitar.

Tamén podemos facer outro tipo de xestións. Mire, en vez de destinar tanto carto ao circo pois podemos coller parte deses cartos e comprar neste caso, adquirir para o concello vivendas que non están acabadas, refírome aos edificios de correos de Piñeiros ou na rúa Areosa. Se pode facer, é posible, pero sen embargo non existe esa vontade. Non existe esa vontade, Sra.Ferreiro.

E de verdade, ogallá votaran a favor, de verdade, ogallá. Non digo de todas, se quere incluso votamos polos puntos. Aceptaríalle incluso votar por puntos. Se tivese a ben incluso algún deste tipo de puntos que se levan hoxe nesta moción para que Narón polo menos, teña un plan de vivenda. Que saibamos que os veciños e as veciñas poidamos o día de mañá, saber que o noso concello aposta porque siga medrando e aposta que esos prezos deses alugueiros que aumentaron tanto, precisamente por ausencia da oferta urbanística que hai, pois que teñan algún tipo de solución.

-Sra.Ledo Díaz: boa tarde, xa é a unha do mediodía, así que xa estamos de boas tardes.

Ímonos centrar. Nós votámoslle que si a urxencia, porque non creo que sexamos nós os que temos que decidir sobre a urxencia ou non a urxencia dunha moción. Se o partido socialista o considera así, pois bueno.

Si que é verdade que agora vou a debater o que pon a moción e non o que se dixo, que nunha pequena parte do que dixo estou de acordo, no resto no. Aquí houbo unha moción que se presentou e que se aprobou do bloque nacionalista galego na que se aprobaban os seguintes puntos:

-Instar a Xunta de Galicia e ao goberno español a que a cooperación e no exercicio das súas respectivas competencias adoptar todas as medidas necesarias para frear o prezo das vivendas, nomeadamente o réxime de alugueiro, e facilitar o acceso social á vivenda.

E esixir da Xunta de Galicia o exercicio pleno das súas competencias, é unha competencia autonómica a vivenda, no referido á promoción do acceso á vivenda na nosa cidade en Narón e singularmente destinar unha decidida promoción pública de vivenda en nosa cidade.

Instar ao goberno municipal a unha serie de medidas: elaborar e poñer en marcha un plan municipal facilitador de alugueiro; demandar dende o concello ao goberno español a cesión por parte da Sareb das vivendas; impulsar un observatorio local de vivenda donde aparezan recollidos eses datos; establecer un plan de acción local; e logo manter no PXOM un mínimo do 8% da vivenda protexida como se establece no capítulo 9 do informe técnico.

Por que digo isto? Porque aquí houbo unha proposta pensada, e aquí se imos a exposición de motivos se fala que temos o menor número de vivendas vacías entón que hai que construír moito e eso estaría ben se non dixeramos, dixeche a porcentaxe, hoxe en Narón hai 3.500 vivendas baleiras e é verdade que no Plan Xeral e no Plan de mobilidade que se aprobou, creo que por unanimidade, agora xa non me acordo no anterior, quedaba claro que igual que acontece no noso país non é necesario máis construción en Narón e no conxunto do país, precisamente porque temos neste caso, un parque móvil de 3.500 vivendas baleiras. E se imos a análise do problema aquí hai un problema especulativo moi grande porque a minoría, só un 4% dos propietarios de pisos que alugan son persoas individuais. A maioría, a maioría e tamén en Narón, é de grandes constructoras e sobre todo, de fondos boitre ou agora a Sareb.

E sabémolo ben en Narón porque a Sareb que ten participación pública e por eso nós levamos aos afectados de Piñeiros ao Congreso dos Diputados, porque ademais a Sareb a día de hoxe

cun goberno deulle unha parte moi importante a fondos boitre, eso que está pasando coa vivenda no estado, igual ese Ministerio que non ten competencias porque as competencias son autonómicas podía facer mirar ese tipo de cousas e o problema é especulativo, e por eso sube tanto o problema do alugueiro porque hai xente que se está forrando literalmente con un ben que aparece recollido na Constitución Española.

Entón temos un problema especulativo e non porque teñamos poucas vivendas porque somos da comarca o concello que menos, porque temos aínda así 5.500 que é algo que está acontecendo no conxunto do país e Narón non somos alleos, preocúpanos que no punto 1, digamos que instemos ao concello de Narón a que ceda solo de titularidade municipal a promotores privados. Preocúpanos porque se hai un problema de especulación e tres ou catro grandes promotores con vivendas que están poñendo prezos abusivos e que fai que incluso Narón que non ten o problema, agora hai que darlle as grazas, vivenda turística sígase aumentando eses prezos, que nós decidamos que o ben público, de todos e todas, pase a promotores privados porque así o votamos.

Tamén nos preocupa, é que claro se votasédemos por puntos, e que no vamos poder votar ningún a favor, que faga promoción de vivenda municipal do concello cando é competencia da Xunta de Galiza, nos preocupa. Hai algo que nos preocupa moito, moito, porque ademáis agora cando vas aos buscadores aparece foto casa, parece a panácea e que os entrechás e locais comerciais pasen a vivendas cunha situación de habitabilidade inexistente, cando eso era antes en aras de benestar que queríamos acadar todos na sociedade que estabamos sumamente en contra polos problemas que acarreean eses locais, incluso de seguridade para os veciños e veciñas que alí viven e ademáis porque un dos grandes promotores desto é a día de hoxe a Comunidade de Madrid, e se comproba que está feito para as persoas con menos recursos para os barrios máis pobres e para un problema de vivenda moi preocupante, e que agora a Xunta de Galicia considera que é moi positivo e que sabemos que entroutras cousas, porque eles si que se levan con eses promotores, esas portas xiratorias que todas e todos coñecemos (non se ofenda Germán), non só do partido popular, tamén con moita xente con certo poder do partido socialista.

Con todo isto agora nos venden que é a panácea vivir en locais comerciais cando o uso debería de ser outro. E preocúpanos porque por exemplo, a capital de Galiza aprobou tamén cos votos do grupo municipal do PSOE, non co PSOE que xa sabemos que hai que axudar aos da Sareb, fondos boitre, e cousas que é mellor xa non saber para nos asustarnos, e decidan eso cando eles sacaron unha lei para que non haxa xa máis pisos turísticos e para que a partir da primeira planta non poida haber máis pisos turísticos para que sexa vivenda porque teñen un verdadeiro problema. Que di a Xunta? Pois nada, collemos os locais e que a xente que non poida pagar un piso ou un dúplex ou tal... que vivan no entrechán. Aínda que non teña problemas de humidades, ruídos, olores que veñen da rúa, como xa se está denunciando en moitos sitios. Que eso sexa a solución do século XXI polo partido socialista é algo que nos preocupa porque hai unha década, isto a ninguén se lle ocurría.

E falaban do da Xunta e o consideran moi bo, xa entendo, bueno, no Parlamento están as forzas como están decindo o plan que puxo a Xunta enriba da mesa, cando por exemplo ofreceron a cesión dun terreno ao carón do obradoiro que é público para facer vivendas de 30 m² para determinada xente que tal... que non é o bloque nacionalista galego, foi o colexio oficial de arquitectos de Galicia que dixo que eso está comprobado que se utiliza noutros moitos sitios para que rematen sendo vivendas turísticas. Outra vez hai aquí unha especulación do século XXI, e que imos a pagar o pato os veciños e veciñas ou as persoas entre elas, a mocidade que afectáa e moito, ou sexa que non nos vale o punto 3 para nada, e

preocúpanos que se trate como algo positivo cando repercute nas clases populares con menos recursos.

E logo do réxime fiscal, normativa de Narón, para impulsar.... E que esto é unha competencia da Xunta de Galicia. Eu, e xa llo expliquei ao partido socialista, podemos entender a intención que supoño que é o problema de vivendas se solucione, pero cremos que non acertaron en ningún dos puntos, que esto xa se debatiu noutro e ben, a exposición de motivos é breve pero consideramos que está moi errada na análise porque hai unha problemática moi grande, e non pasa porque teñamos poucas vivendas baleiras en Narón, repito 3.500, o 18%. É bastante elevado, que facemos con eso? Bueno, e non se me ocorre pensar que calquera concello teña que solucionar as vivendas que están a medio construír para facer pisos, porque unha se están a medio construír é por algo, non sabemos os problemas e agora que resulte que os concellos teñan que tomar cartas no asunto sobre eso, cando hai unha competencia autonómica moi clara, e bueno, que si que lle ten que importar ao goberno do estado español porque estamos incumplindo co dereito que temos todas as persoas que vivimos no estado español a unha vivenda digna. Non pasa porque os entrecháns sexan agora vivendas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, referente a esta moción nós imos a votar a favor porque nós presentamos no ano 2022 xustamente hai 2 anos ou así, neste pleno, unha cousa moi similar e algo máis sinxela, que era que a cesión dos edificios que había a medio rematar e vacíos de Narón, que solicitáramos 40 vivendas do concello para o tema de alugueres e para o tema de persoas maiores e todo eso, no.

E despois que houbera un plan de alquiler. Cousa que no seu día non saíu adiante e que hoxe o compañeiro do psoc, pois imos a votar a favor porque entendemos que si é necesario que en Narón se faga algo no tema de vivenda, e tamén consideramos que hai unha cantidade de edificios que están sen rematar, que creo que o concello debe tamén de preocuparse e saber que vai pasar con eses edificios, quenes son os propietarios e buscar alternativas para que lles den unha solución, para que non queden aí como edificios abandonados É certo que podería haber máis vivendas de aluguer en Narón pero a falta dunha seguridade xurídica para os propietarios, se evita moitas veces que moita xente poña en aluguer as súas vivendas ou os seus edificios e eso como motivo que bueno, hai unha lei estatal que non é a máis adecuada para este tema de cousas, no.

Polo tanto, esperemos e desexamos que dende o goberno de Narón se den conta de que a verdade é que non podemos seguir mirando para outro lado, e deixar que eses edificios queden aí parados e buscar alternativas deste tipo como lles propuxemos nós no seu día, e como se propoñen hoxe nesta moción. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, lles propoño facer un cambio de nome, “partido demagóxico obreiro español”. É increíble que se fale sobre a urxencia, a importancia que lle damos nós. Creo recordarlles que como mínimo hai 2 partidos da oposición que teñen dedicación exclusiva e que teñen un mes enteiro para presentar todas as mocións que queiran, que a presenten de forma urxente e que nos acheguen a nós a importancia que nós lle damos. Tiveron todo o mes para preparar esta moción, esa é a importancia que vos lle dades. Esa xusto é a importancia que vos lle dades. Presentando a última hora como moción urxente. Esa é a importancia que lle dades. Un mes enteiro, como mínimo para darlle importancia a esta moción, ese é o traballo que facedes vós.

Por outra parte, sobre a moción que explicou bastante ben neste caso Olaia, imos a poñer toda a nosa parte do que sexa competencia municipal. Pero o que sexa competencia doutras

administracións non avogamos por eso, dende logo que no. E moito menos, por exemplo, por comprar edificios inacabados e barbaridades como esta, como pode ser este punto. Supóñome que está tan mal presentada porque foi a última hora de forma urxente. Nada máis. Dende logo imos a votar en contra.

-Sr.Ulla Rocha: a verdade é que vos escoito criticar tanto a terra galega como ao bng -por certo, gustoume máis a intervención do bng eh- a túa exposición -dirixíndose ao Sr.Romero Franco- foi máis floxa, hai que decilo todo. Pero, non vos escoitei poñer enriba da mesa ningunha solución. Somos o concello de Narón, non somos nin o Parlamento de Galicia nin as Cortes Generales do estado, somos neste caso o concello de Narón. Bueno, dentro das nosas competencias, que podemos facer? O primeiro, unha análise. Existen este problema agora mesmo no noso concello? Que alguen mo negue. Négame que existe este problema? (*A Sra.alcaldesa lle resposta que non o nega*) . Entón coincide comigo Sra.Ferreiro en que existe esa problemática. Vale. Que podemos facer para revertir esta situación? O partido socialista pon aquí enriba da mesa cinco. Non quere dicir que sexan as mellores. Pon cinco. O que plantexa o partido socialista é crear un plan, precisamente para que haxa unha vivenda e que vaia destinada á xente traballadora que precisamente é a que máis dificultades agora mesmo ten en chegar a acceder a unha vivenda. Véxase pola nova lei, neste caso, do crédito hipotecario ou porque hai unha parálise na construción. Hai que dinamizar eso, é dicir, aquí é moi demagóxico chegar e dicir que hai 3.500 vivendas vacías e que o primeiro que hai que facer sería ocupalas. Mire, eso non é así. Non é así. Temos que respetar as regras do xogo. Moitas veces as regras do xogo non son como nos gustan. Pero son as regras para todos e o goberno neste caso municipal, o que ten que facer é gobernar e sobre todo, ten que actuar donde detecta unha problemática. Esta problemática existe. A primeira medida que lle propoño neste caso, que se ceda a titularidade do solo municipal para que sexa vivenda pública, xa sexa ceder neste caso á Xunta de Galicia ou a quen sexa, pero ceda. Cando fagamos autopromoción a promotores privados, igual eu minto, pero creo que aquí en Narón algunha vez se ten feito, creo que se ten feito aquí en Narón, e creo que foi unha solución, que no seu momento foi acertada e que solucionou precisamente moitos problemas de vivenda, precisamente á xente nova, neste caso moza. E se fixo, cando despois a voceira do bng do que estamos falando aquí e de especulación urbanística, de fondos boitre, bueno, eu creo que eso é máis un discurso do Parlamento de Galicia ou das Cortes Generales pero non do Concello de Narón.

Estamos falando precisamente desa promoción privada, ese solo que se cede non é gratuíto, é a condición de que esas vivendas sexan destinadas a alugeiro social, precisamente. Home, imos ver, en todo caso o que se plantexa, o que se quere plantexar precisamente pola voceira é pouco máis que facer practicamente unha prevaricación urbanística. É dicir, ceder un ben público a un autopromotor privado a cambio de que, de nada? Non, está ben posto aí, sí.

Despois habilitar entrechás, baixos comerciais, mire, se enche a boca aquí a falar da Constitución Española, bueno, pois esto debe ser o que me interese da Constitución o uso e o que non, no. Sí que é certo que existe un dereito de todas as persoas do dereito a vivenda, unha vivenda digna. Que pasa? Non pode servir? Non pode ser digna? Non se pode acondicionar un entrechán ou un baixo comercial para que sexa unha vivenda digna? Eu penso que sí, eu penso que sí. Con eso conseguimos revertir unha situación agora mesmo para crear o que é máis oferta urbanística de vivendas? Si, podemos facer.

Despois medidas fiscais, mire, non estamos falando de medidas, lei de vivenda ou competencias da Xunta, estamos falando do concello de Narón, voltemos ao concello de

Narón, por favor. O concello de Narón ten competencias en réxime fiscal. Faga, incentive. No seu día incluso creo que se chegou a facer.

Non me quero reiterar moito máis. Isto son cinco medidas, poden ser seis, poden ser sete, pode incluso crearse unha oficina precisamente para tratar desto, un plan, podemos traballar en conxunto, é máis, incluso creo, que está fóra de lugar o que plantexou o voceiro de terra galega pedindo que se retirara este punto. Creo que incluso está fóra de lugar.

E o que si lle teño que decir é que si seguimos así e non respectamos as siglas ou a miña identidade política, a mi me chama o “partido demagóxico obrero español”, pois entón lle vou a chamar “terra galega s.l.”. Se seguimos así, si seguimos así pois chamareivos así.

Entón sexamos serios, a problemática é seria, estamos falando de un tema que está afectando aos nosos veciños e veciñas e o que nos reclaman os veciños e veciñas dos nosos gobernantes é que veñamos aquí a poñer unha solución a un problema serio.

-Sra.Ledo Díaz: grazas. Nós o que decimos é que se presentamos unha moción deste tipo hai que plantexar a problemática. Aquí o único que se di, porque non hai casi exposición de motivos é o noso concello, a localidade cun menor número de vivendas baleiras de toda Ferrolterra, e esa problemática de acceso á vivenda en Narón fai que exista un encarecemento dos prezos, é dicir, que hai 3.500 baleiras son muy poucas, entón que nos encarece. Nós cremos que o problema do alugueiro e do acceso á vivenda en Narón é outro, entón creo que hai que plantexalo porque ademais vou facer paso dunha moción que saíu aprobada ademais cos votos do partido socialista, e de feito agora si que saíu algunha cousa onde hai dous puntos, un onde instamos á Xunta e ao goberno español, outro á Xunta de Galicia, e hai 5 puntos onde instamos ao concello de Narón a tomar medidas entre elas, un plan de acción local destinado a mobilizar o grande número de vivendas baleiras existentes na cidade, co obxectivo de aumentar a oferta de alugueiros e prezos accesibles para a maioría social que representa as clases populares e traballadoras que se aprobou hai meses, eu voulle pasar aquí ó partido socialista porque nós fixemos o noso traballo con anterioridade e se ve que estas cousas que nós non estamos de acordo ou tal...

